

A UNIOS

Nº 24

MAIO 2019



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns



Foto portada: Un dos grandes piornos de Canexol. Interesante investigar a procedencia das pedras traballadas da base. Serán do posible mosteiro?

COORDINA: Celestino Pardellas de Blas

COLABORAN	PÁXINA	ARTIGOS
Sumario	1	
Celestino Pardellas de Blas	2 – 5	BATERÍAS DE DEFENSA NA ILLA DE ONS (III). CONCLUSIÓNS FINAIS.
Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez	6 – 8	PRESENTAMOS A CÉLEBRE CAMPÁ DE ANLLÓNS. (PONTECESO. A CORUÑA)
Cosme Damián Romay Cousido	9 – 11	CIENCIA CIDADÁ CONTRA AS ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS NO COMPLEXO ONS-O GROVE
Maracaibo	12 – 14	NOITES MEIGAS
Arturo Sánchez Cidrás	15 – 16	PEQUENAS ANÉCDOTAS SOBRE ONS (I)
José Manuel Dopazo Entenza	19 – 22	INFLUENCIA DO ESPAÑOL NO GALEGO DA ILLA DE ONS
Patricia Arias Chachero	23 – 25	AGUSTÍN DE LA ROSA GIL NO GROVE, POETA CIRCUNSTANCIAL
Yago Abilleira Crespo	26	O ATAQUE PIRATA A ONS DE 1585
José Curt Martínez	29 – 31	GAIVOTAS URBANAS. TRAIADORAS DA MAR
Ramón Patiño Gómez	32 – 34	GUERRA NAVAL E O CORSO NAS COSTAS GALEGAS, S. XVI E XVII
Francisco Meis	35 – 38	APUNTES BIOGRÁFICOS DO TELEGRAFISTA ABEL FIAT PAUL, 1892-1980. O CAMBIO QUE REVOLUCIONOU O GROVE
Emilio Ferrer Jaureguizar	39 – 40	AS PROTESTAS DOS CAPITÁNS. RÍA DE AROUSA (III)
Milagros Bará	41	HOMENAXE A SALUSTIANO PORTELA PAZOS. VIDA E OBRAS DE SALUSTIANO PORTELA PAZOS
Xosé R. Barreiro Fernández	42 – 44	HOMENAXE A SALUSTIANO PORTELA PAZOS. O DEAN SALUSTIANO PORTELA PAZOS, HISTORIADOR DE GALICIA
Anxo López Vergara e Celestino Pardellas	45 – 48	HOMENAXE A SALUSTIANO PORTELA PAZOS. APUNTES PARA LA HISTORIA DE LA ISLA DE ONS
Emilio Xosé Insua	49 – 51	ARREDOR DO CONTRIBUTO POÉTICO GALEGO DE LUEIRO REY
Xulio Xosé Pardellas de Blas	52 – 54	A PESCA E O TURISMO MARIÑEIRO NA ILLA DE ONS
José López-Dóriga Aymerich	55	PERSONAXES DA HISTORIA DE GALICIA
Ricardo Arnaiz Ibarrondo	56 – 59	O POLBO E A SÚA PESCA EN ONS
Yago Abilleira Crespo	60	REFLOTANDO UN SAUBMARINO EN TAMBO
Xoán Ramón Pillado Silvoso	63 – 66	ERNESTO GODAY, O PINTOR DE O GROVE
Belarmino Barreiro Rosales	67 – 70	EXPEDIENTE DE INVENTARIO E VENDA DE MADEIRA APARECIDA ABOIANDO NA ILLA DE ONS 1876
Lino J. Pazos Pérez	73 – 75	FARO DE ONS, EXPROPIACIÓN DE TERREOS EN 1917
Francisco Calo Lourido	76 – 78	BREVES APUNTES SOBRE A APRENDIZAXE DOS HOMES DO MAR
Julio Santos Pena	79 – 80	ONS MEU PARAÍSO DE ONTE (XV). UNHA DIFÍCIL COMPARACIÓN
José Taboada García	81 – 83	CRÓNICAS GALAICAS
Ana Vilas Paz	84 – 86	RE-PENSANDO A PAISAXE DAS ILLAS
Javier Fernández Soutullo	87	A CANTEIRA DO BAO NA MEMORIA
Redacción. Tino Pardellas	88	ILLA DE ONS. ENTRAÑABLES AMIGO

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR:

Celestino Pardellas de Blas	3,4,5,43,44,45,46,47,48,52,54,55,59,67,68,69,70,76,77,78,88
Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez	6,7,8
Cosme Damián Romay Cousido	9,11
Maracaibo	12,13,14
Arturo Sánchez Cidrás	15,16
José Manuel Dopazo Entenza	19,20,21
Staffan Mörling	22
Patricia Arias Chachero	23,24,25
José Curt Martínez	29,30,31
Ramón Patiño Gómez	32,33,34
Francisco Meis	35,36,37,38
Emilio Ferrer Jaureguizar	39,40
Milagros Bara	41
Xoán Arco da Vella	42
Emilio Xosé Insua	49,50,51
Ricardo Arnaiz Ibarrondo	57,58
Yago Abilleira Crespo	60
Xoán Ramón Pillado Silvoso	63,64,65,66
Lino J. Pazos Pérez	73,74,75
Francisco Calo Lourido	78
Julio Santos Pena	79,80
Miguel Besada Costa	82,83
Ana Vilas Paz	84,85,86
Javier Fernández Soutullo	87

PÁXINAS

Portada, 3,4,5,43,44,45,46,47,48,52,54,55,59,67,68,69,70,76,77,78,88
6,7,8
9,11
12,13,14
15,16
19,20,21
22
23,24,25
29,30,31
32,33,34
35,36,37,38
39,40
41
42
49,50,51
57,58
60
63,64,65,66
73,74,75
78
79,80
82,83
84,85,86
87

Para web e Blog:

<http://bueu.ga>

Revista Aunios:

<http://descubrobueu.wix.com/bueu/aunios>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/aunios.htm>

<http://bit.ly/2DJkcm>

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "Pineiróns"
 Apto. de Correos 51 - 36980 O GROVE
 Pontevedra - Galicia - España - Telf.: 649 424 950
 E-mail: tinopardellas@edu.xunta.es
tinopardellas1957@gmail.com

CORRECTOR LINGÜÍSTICO:

Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número.



BATERÍAS DE DEFENSA NA ILLA DE ONS (III)

"CONCLUSIÓN FINAIS"

Por: Celestino Pardellas de Blas

Como xa temos explicado, o obxectivo principal desta revista era dar a coñecer as importantísimas características socio-histórico-etnográfico-naturais que tiña a Illa de Ons, co fin de motivar aos investigadores para que se realizaran traballos máis científicos sobre todas elas e que non morreran no esquecemento. Coido que, aínda que moi de vagar, estámolo conseguindo.

Un tema que non podía quedar desdeñado, polo que supuxo para a comunidade illán actual, era a necesidade que tiveron os nosos gobernantes, no ano 1810, de salvagardar as entradas das rías baixas de posibles ataques inimigos, como viñan sendo habituais, e decidiron protexelas instalando baterías de costa nos lugares máis estratéxicos, incluído as illas.

Intentei que algunha persoa, máis cualificada ca min, fixera un pequeno artigo ao respecto, pero a única da que sabía que tiña documentación, por diferentes motivos, non podía realizalo. O que si teño que agradecerlle é que non tivo inconveniente en poñer nas miñas mans a documentación necesaria para realizar unha mínima aproximación histórica ao feito. É por iso que quero agradecer a Xose Manuel Pereira Fernández a aportación de datos para poder realizar, en tres entregas, este sinxelo traballo sobre as Baterías de Defensa de Ons.

FINAIS DAS OBRAS

Atopámonos a finais do ano 1812 e, aínda que as cousas na Illa ían lentas pero por bo camiño, sen embargo, dende a *Junta de Defensa* cada vez poñían máis inconvenientes para aportar os cartos e o material necesario para levalas a bo termo. O comisionado xa informara que a parte dedicada a cantería, estaba a piques de rematar e se fortalecera o atracadoiro existente para facilitar o amarre e traída de material, polo que estaban á espera do que esa *Junta* teña a ben facer.

Mentres, á espera, atopábanse os obreiros, moitos dos cales xa se ían instalando nas terras que, pola merca de accións, lle alugaba Francisco Genaro Ángel e o propio comisionado, Salvador Gil, e dedicábanse a sementalas para o seu propio mantemento ante a falta de traballo e, por conseguinte, de salario.

O tempo transcorría e cada vez se facía máis difícil a situación. Agora o máis necesario, para continuar coas obras, era traer as pezas de artillería necesarias e ver a forma de instalalas. Xa, no seu momento se solicitaran unhas "cañoneras" troneiras que se atopaban varadas na ría de Vigo e que poderían servir, despois duns arranxos, para defender ou disuadir

no caso de algún ataque, aos lugares onde se estaban a realizar as obras de fortificación. Daquela contestaron que o poñelas a punto traería un enorme gasto que neses intres non poderían acometer. Agora de novo, Salvador Gil diríxese á *Junta de Armamento* dando alternativas:

Deberon ter unha resposta negativa de novo de Armamento que, forzados pola situación, se ven obrigados a escribir de novo á *Junta Superior de Defensa* para que se dote dos cañóns necesarios a fin de poder continuar as obras:

Excmo. Sr.

Estando a la espera de las decisiones que se dignen tomar y viendo las dificultades que aquí tenemos para continuar las obras sin disponer del material imprescindible, le suplicamos que se digne disponer por el orden que corresponda para comprobar si las cañoneras que aún están varadas en playa de la ría de Vigo, tienen su artillería en disposición de poder ser utilizadas de nuevo y ver de poderla instalar en las baterías que estamos construyendo en la Isla de Ons.....

Excmo. Sr.

D. Salvador López Gil comisionado para la fortificación de las islas de Ons y Onza ha pasado a esa Junta un oficio... y pareciendo razonable la propuesta por el Comandante de Marina de la provincia de Vigo lo ponga esa Junta en noticia de V.E. para que no siendo de bronce los cañones que deben remitirse de Ferrol, se aprovechen los que están en Vigo como más próximos, de muy fácil y menos costosa la conducción, en cuyo caso se servirá V.E. disponer que por el Comandante General del Departamento de Ferrol, se consiga la orden competente. Con ese motivo se ocurre proponer a V.E que sería muy conveniente que de todos modos se trasladasen a la isla los cañones del navío Santiago la España y Fragata Sarina a fin de tenerlos enseguida e evitar que puedan ser tomados en ningún tiempo por el enemigo...

Xa estamos no ano 1813 e é aquí cando a documentación, no que respecta ás obras de defensa que se estaban a realizar na Illa, remata ou, polo menos, eu non din con ela. O propio Salustiano Portela Pazos¹ na seu magnífico traballo, tamén así o di:

Por motivos que no se aclaran – por no haberse conseguido reunir todas as accións que se requerían, acaso, o porque, tras los cinco años de penuria e inquietud, hasta el 1813, las tropas napoleónicas habían sido definitivamente expulsadas de España, renaciendo, por esta parte, la tranquilidad ansiada- , lo cierto es que el intento de fortificación de la isla no se llevó a debido término...

Aclarar que a documentación segue aparecendo pero só referida a temática de recepción de novos veciños, ás rendas a pagar segundo as terras traballadas e á boa relación existente entre Francisco Genaro, veciños agricultores e supoñemos que tamén co Cabi- do, xa que, ata case 20 anos máis tarde 1833,

non se pronuncia nin a favor nin en contra, deducindo que, polo menos de Genaro Ángel, estaba recibindo a renda estipulada. Esta boa conexión vai durar ata a morte de Francisco Genaro Ángel no ano 1828.

Esta é a data a partir da cal comezan os problemas e unha nova documentación vai falarnos dos conflitos xurdidos entre os *albaceas* ou testamenteiros de Francisco Genaro, veciños (algúns deles, quizais accionistas), Cabido e o Marqués de Valladares (quizais tamén anteriores parentes del, pero imos centrar aos herdeiros do Foro no Marqués de Valladares co fin de evitar utilizar máis nomes)².


RESUMO DE 1828 A 1835, A MODO DE CONCLUSIÓN

Imos dar remate a este tema, moi resumido ao longo de tres entregas, dando conta, máis resumido aínda, do que aconteceu posteriormente ao intento de fortificación e que deu lugar á última poboación deste arquipélago cuxos descendentes chegan ata os nosos días e que require dunha profundísima investigación:

1º.- Despois da mala experiencia cos franceses, xurde a necesidade de protexer a costa da entrada de naves inimigas. Deciden construír baterías de costa provistas de canóns de alcance. Nas rías Baixas escollen, preferentemente, algúns puntos da ría de Vigo e as illas Cíes e Ons.

2º.- Dun xeito pouco usual, nomean a un cura (Salvador López Gil, párroco de Sanxenxo e Salcedo) como comisionado, cando normalmente ese cometido era levado a cabo por un militar ou un civil de confianza. Quizais neste caso tivo que ver que a propiedade da Illa de Ons recaía no Cabido e así as relacións propietario-*Junta* de Defensa non ían ter mellor mediador.

3º.- A economía non estaba moi boiante e, aínda que os planos e as obras comezaran, este espazo, Ons, non tiña tanto interese estratéxico como, pola contra, espertaba na *Junta* de Defensa a ría de Vigo-Cíes; co que, en nada, comezaron os problemas económicos para seguir coa construción. Había que buscar alternativas, e aquí aparece en escena un persoeiro especial Francisco Genaro Ángel (fomentador catalán, afinado en Pontevedra que contaba cun bo número de comercios e industrias, entre as que hai que destacar, as de salga na península do Morrazo).



Plano das Illa de Baiona (Cíes) realizado en 1810 por Philippe de Paz. Biblioteca Virtual do Ministerio de Defensa.

¹ Salustiano Portela Pazos. “Apuntes para a Historia da Illa de Ons”. Cuadernos de Estudios Galegos nº 27. Santiago de Compostela 1954.

² Con referencia a estes anos e as polémicas xurdidas, mirar en www.bueu.ga, revista AUNIOS, números anteriores.

4º.- Acaece a idea. Como? Difícil de dilucidar, pero todo fai supoñer que o comisionado, cura de Salcedo parroquia limítrofe con Lourizán, era amigo de Francisco Genaro, propietario daquela do Pazo de Lourizán, e puido ver neste

adiñeirado, unha solución ao problema económico que tiñan para seguir coas obras. Ou quizais tamén, por mor desa posible amizade, o podente catalán, coñecedor da problemática económica que estaba a producirse, puido ver en Ons unha posible baza para a expansión dos seus negocios, sobre todo, da salga, e propuxo a idea ao comisionado. Cal era esa idea? Pois dividir a Illa en parcelas (que despois se chamaron Accións de Primeira Clase) e poñelas á venda, nun primeiro intre, entre as persoas que viñeran como obreiros e soldados de vixilancia que quixeran traballar as terras illáns ou traer gando. O comisionado propúxoo á *Junta* e esta debeu de ver o ceo aberto ao tema económico en Ons, que non dubidou en aceptala, sempre e cando, o dono da Illa (moitas dúbidas había ao respecto daquela sobre a propiedade) non puxera impedimento.

47. PONTEVEDRA.- PALACIO DE LOURIZÁN




5º.- Soa estraño que o comisionado se dirixira ao Cabido directamente, cando el, sendo cura de Sanxenxo, podía ter coñecemento de que unha familia, descendentes dos Montenegro, durante os últimos séculos, tiña aforada a Illa e que houbera numerosos preitos con persoas, un bo número da zona de Noalla, que intentaron usar os terreos illáns sen permiso e que estes se resolveron no xulgado de Cambados.

Quizais non era coñecedor, pero tamén cabe a posibilidade de que preferira mediar co Cabido, sabedor como era de que Ons fora doada ao Arcebispado de Santiago, co que tería máis posibilidade de éxito. O que si é certo, seguindo a documentación existente, é que o Cabido, créndose dona de Ons, non puxo pega ningunha a que a Illa se dividira en zonas agrícola-gandeiras e que estas foran traballadas polas persoas que as requirían, sempre e cando, pagaran a renda acordada por elas e a *Junta* deixara uns terreos, que posteriormente elixiron, para posible uso futuro do Cabido; á vez de que tampouco lle exixiran a este sufragar os gastos de defensa.

Mentres que o comisionado encargábase das obras, o tema da venda de parcelas ou accións, levouna a cabo Francisco Genaro que (loxicamente hai que pensar que fora pactado co comisionado) mercou para si un gran número de accións, supoñemos aquelas con mellores terras de labradío e as que, nun futuro, podería el aproveitarse comercialmente <posibles salgás>. O Sr. Genaro, co fin de pagar a renda estipulada ao Cabido e ir á vez recuperando o invertido, alugou a maioría a familias da zona do Morrazo, que se trasladaban periodicamente a Ons (posteriormente foron quedando a vivir) para traballalas na época de sementeira e colleita. Non temos coñecemento de que houbera problemas co Cabido, o que fai pensar que efectuaba o pago convido puntualmente.

As terras illáns véñense traballando dende 1810.



6º.- As obras paralizadas. O comisionado e o Sr. Genaro admitindo familias en Ons que pagaran ou alugaran as terras convertidas en accións. O Cabido parece que satisfeito. E os familiares do Marqués de Valladares, que nun principio, cando comezaban as obras, se dirixiron timidamente á *Junta* aludindo que a Illa lles pertencía, preferiron estar á sombra, sen perder ollo do que ía acontecendo, por mor de non frustrar definitivamente o que tiveran como propiedade, ou que lles obrigarán a sufragar os gastos da fortificación.

E así, polo menos cunha aparente tranquilidade, seguiron as cousas ata que no 1828 morre Francisco Genaro Ángel e florecen os conflitos.

7º.- Van vir anos de importantes pugnas que van ser o xerme dunha dubidosa propiedade que con moitas manobras e artimañas, de sospeitosa legalidade e que habería que investigar profundamente, vai rematar coa propiedade da Illa de Ons en mans do Marqués de Valladares.

Coa morte do Sr. Genaro, os seus testamenteiros cambian o xeito de funcionar deste: comezan a elevar os prezos do aluguer, botan aos que non pagan e admiten a outros novos, parece ser que deixan de pagar ao Cabido a renda acordada,..., comezando un conflito grave con veciños xa asentados que vai dar pé a sublevacións destes que, á vez, buscarán noutras persoas a solucións aos seus problemas.

O Cabido, a medida que pasa o tempo e non recibe carto algún, chama a capítulo aos testamenteiros e comeza unha primeira batalla nos xulgados. Os veciños recorren ao gobernador e ata a raíña. E a familia do Marqués de Valladares esperta do seu letargo e tamén comeza a súa loita pola propiedade co Foro na man.

A contenda é lenta pero van xurdindo as primeira derrotas. Os testamenteiros, aínda que non o tiñan complicado cos documentos na man das accións, vense apertados polos veciños que, á súa vez, van conseguindo apoios e que se poñan do seu lado o gobernador, a raíña e ata o propio Cabido e o Marqués. Ante tal presión, os testamenteiros, sen que xudicialmente se lles obrigue, abandonan a loita debido ao inmenso e importante capital que o Sr. Genaro deixara en testamento e polo que tiñan verdadeiramente que loitar.

Eliminado un forte contrincante e a maioría dos veciños máis tranquilos e esperando acontecementos, a contenda vai seguir entre o Cabido e os Valladares. O Cabido tiña a documentación bastante clara e os Valladares só podían esgrimir o Foro. Pero o Foro tiña unhas cláusulas de estrito cumprimento que, de non levalas a cabo, perderían todos os dereitos. Os Valladares non debían ter moi clara a cousa e a súa loita ía máis polo político que polo xudicial e así as cousas non avanzaban e algúns veciños, non clareándose o tema, seguían na súa particular loita e conseguindo algún apoio institucional que poñía nerviosos aos principais contrincantes.

Cando o tema estaba nos xulgados e os Valladares vían próxima a derrota, inesperadamente ábreselles unha porta, o fantasma da Desamortización que se avecina sobre a igrexa.


É por iso que o Cabido vai perdendo folgo na batalla e, como pasara anteriormente cos testamenteiros de Genaro Ángel, sen que a Xustiza dea a razón a ningún deles, o Cabido deixa de preitear por Ons, xa que ten un importante patrimonio que defender e polo que loitar e a Illa non entraba como preferente.

E así é como a familia do Marqués de Valladares faise coa Illa de Ons e emprende unha serie de argucias e subterfuxios para conseguir poñer definitivamente Ons ao seu nome (importante liña de investigación debido ás cláusulas do Foro).

E aquí remato. Sinto de verdade non poder acompañar a estes artigos, no apartado de bibliografía, a documentación necesaria que demostre o escrito, pero a palabra dada a quen mos prestou obrígame a iso. O que si dicir, que

as liñas escritas nestas tres entregas (AUNIOS 22,23 e 24) conteñen os fíos suficientes para que, as persoas que queiran investigar, teñan unha liña pola que comezar ou seguir.

Coido que a etapa que vai de 1810 a 1837 é crucial, en calquera liña de investigación, para, como dixeran, tirando dos numerosos fíos existentes, desentrañar a verdadeira historia da propiedade da Illa de Ons. A porta está aberta, só hai que querer exploralo.






PRESENTAMOS A CÉLEBRE CAMPÁ DE ANLLÓNS (PONTECESO, A CORUÑA)

Por: Estanislao Fernández de la Cigüña Núñez / Xosé Troiano Carril

Igrexa de San Fiz de Anllóns (Ponteceso).



INTRODUCCIÓN

A nivel popular as campás máis famosas de Galicia son as de Bastavales, no concello coruñés de Brión, que inspiraron a Rosalía, pero despois séguenlle, aínda que distancia, as de Anllóns (Ponteceso), enalzadas por Eduardo Pondal en “Queixume dos Pinos”.

QUEN INFLUÍU EN QUEN

Ambos escritores foron coevos, tratáronse e coincidiron moitas veces en encontros e faladoiros. Seguramente intercambiaron os seus escritos e felicítáronse mutuamente polos éxitos conseguidos, pero nesta cuestión gaña sempre o primeiro que publica. A edición de “Cantares Galegos” data de 1863 e a de “Queixumes dos Pinos” de 1886, aínda que Pondal tamén dera a coñecer o seu poema catro anos antes, en 1882, no “Álbum da Caridade” que recollía diversas composicións presentadas aos xogos florais de Galicia. Sexa nun ou

outro caso entre os poemas de Rosalía e Pondal hai 19 ou 23 anos, segundo tomemos como referencia unha ou outra data. Por tanto, quen se puido influír polos versos rosalianos foi Pondal.

FORON AS CAMPÁS ACTUAIS AS QUE INSPIRARON A EDUARDO PONDAL?

Xa puxemos de manifesto no número anterior de Aunios que as campás de Bastavales que cantara Rosalía foron substituídas e que as que actualmente penduran no campanario da Maía nada teñen que ver con ela. En San Fiz de Anllóns sucede outro tanto: ningunha das dúas campás pode ser a que se cita nos versos de Pondal.

As campás actuais datan dos anos 1900 (a grande) e 1901 (a pequena), polo que aínda que se puxeron en vida do poeta (Morrera en 1917) son tres lustros posteriores á publicación dos seus versos. Curiosamente unha delas (a pequena) fixéraa o mesmo artesán que fundira as tres campás que agora amosa a igrexa de San Xulián de Bastavales: Melchor Ocampo con obradoiro de fundición en Arcos da Condese (Caldas de Reis).

CAMPÁS E MORRIÑA

A campá orixinal que cantara o bardo bergantiñán estragárase tras un fortísimo vendaval que deitando a espadana, acabou coas campás, por iso substituíronse as dúas campás practicamente ao mesmo tempo.

A igrexa de San Fiz de Anllóns forma parte da Ruta Pondaliana, que a semellanza da dedicada a Rosalía, percorre os lugares máis gabados por este vate da Costa da Morte, icona destacada do chamado Rexurdimento Galego, xunto a Rosalía Castro e Curros Enríquez, entre outros.

INICIANDO A COMPOSICIÓN DE PONDAL

Mentres a composición de Rosalía non chega aos cen versos, a composición de Pondal e bastante máis longa, polo que nos conformaremos con reproducir o seu inicio para tela presente no noso maxín. Así comeza:

E ti, campana de Anllóns,
Que vagamente tocando
Derramas nos corazóns
Un bálsamo triste e brando,
De pasadas ilusións.

Alá nos pasados ventos
Primeiros da miña vida,
oio os teus vagos concertos,
Reló dos tristes momentos
Da miña patria querida.

O poeta cando rememora a campá de Anllóns non se refire concretamente a unha e na espadana da igrexa sempre houbo dúas, como ocorre nunha gran parte das parroquiais de Galicia: unha maior ca outra para que as notas graves se distingan claramente das agudas.

A IGREXA PARROQUIAL DE SAN FIZ DE ANLLÓNS

San Fiz de Anllóns é unha das 14 parroquias que constitúen o concello de Ponteceso, que forma parte das rías de Corme e Laxe, no corazón mesmo da chamada Costa da Morte.

A igrexa parroquial conserva aínda restos románicos e presenta unha espadana que se alza sobre unha base paralelepípeda que soporta dous grandes arcos de medio punto dos que penduran as campás. Remata nun frontón triangular flanqueado por pináculos con bóla nas esquinas e no vértice.

DESCRIPCIÓN DAS CAMPÁS

O que os entendidos nomean terzo, medio e pé nós preferimos chamarlle cabeza, corpo e saia pois dunha maneira máis gráfica parecen reflectir as partes exteriores das campás para quen non estea ao tanto da terminoloxía especial dos sinos.

a) Campá grande, lado dereito da espadana:

Na cabeza aparecen catro cordóns e entre os dous primeiros vértese a epígrafe que di: “JHS MARIA Y JOSE ORATE PRO NOBIS”. Séguelles unha greca.

No corpo sitúase a cruz cun pedestal formado por catro chanzos, decorados a base de selos, uns en branco e outros decorados por 4 estreliñas, mentres tres cordóns lle pasan xusto por riba. A un lado e outro da cruz vese unha fileira de catro triángulos. No lado dereito da campá apréciase o debuxo dunha custodia e na banda contraria a imaxe de Santa Bárbara coa palma do martirio na man dereita e unha copa na esquerda, mentres que a torre apenas se percibe. O conxunto límitase por cruces rodeadas de pétalos y enmarcados en triángulos. Estes elementos decorativos: custodia e santa son de menor tamaño que a cruz, pois non chegan a tocar sequera os tres cordóns que pasan por riba da base daquela.


Servindo de sustentación a estes elementos decorativos aparecen outros catro cordóns. Entre os dous primeiros lémbrese aos irmáns que fixeron o pago da campá, xa que a inscrición asegura que fora unha “DONACION DE D. D. (Sic) JOSE PEDRO Y AGUSTIN VIDAL MARTINEZ AÑO 1900 SIENDO PARROCO D. JUAN A. COMBARRO DIAZ”.

Xa na saia e no lado contrario á cruz, apréciase a figura dun escudo moi pouco marcado, no que aparece un cáliz cunha hostia por riba, e dous anxos a un lado e outro que hai que adiviñar pois vense moi esvaecidos. O seu perímetro está decorado por triángulos, amosando unha coroa na parte superior. Un último cordón toca ao escudo por abaixo.

Na parte inferior deste conxunto enmárcase o nome do fundidor nunha dobre elipse coa seguinte inscrición: “JUAN M^a DE LA SOTA/ CAMPANERO/ LUGO”.

Medidas: 81 cm de altura y 99 cm de diámetro na boca, sendo o seu peso 562 kg.

Nota. A campá presenta numerosas fendas verticais e está mal colocada, xa que a cruz no canto de estar cara ao exterior vese polo interior da espadana.




Campá grande, feita en 1900 por Juan María de la Sota, campaneiro de Lugo.



Escudo e sinete co nome do fundidor na parte inferior (Campá grande).



Imaxes decorativas da campá grande: Santa Bárbara e custodia.



Campá pequena, lado esquerdo da espadana:

Dá comezo cunha greca pouco marcada, seguida de catro cordóns coa lenda “JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1901” entre os dous primeiros.

No corpo destaca unha cruz con pedestal de cinco chanzos, decorada a base de estrelas, cos extremos flamexados e rematados nunha pequena cruciña. Pásalle un cordón pola metade do pé da cruz.

Por debaixo da cruz e servíndolle de soporte vense catro cordóns. Entre o 2º e o 3º lese: “MELCHOR OCAMPO MEHIZO (Sic.) EN ARCOS DE LA CONDESA”.

Na saia córrase a decoración con dúas parellas de cordóns.

Medidas: 74 cm de altura e 92 cm de diámetro na boca, tendo un peso de 451 kg.



Campá pequena de Anllóns, feita por Melchor Ocampo en 1901 en Arcos da Condesa (Caldas de Reis).



Nome do fundidor Melchor Ocampo na parte inferior da campá pequena.

OS FUNDIDORES

Melchor Ocampo pertence á saga dos campaneiros de Arcos da Condesa (Caldas de Reis, Pontevedra) que iniciaron a súa profesión no século XVII, concretamente en 1630 e que seguen aínda coa actividade. Deste fundidor coñecemos un total de 25 campás. A primeira data de 1826 (Moraimo, Muxía) e a última de 1912 (Ponte do Porto, Camariñas). As veces contou coa colaboración do seu irmán José, pois este nome aparece xunto ao del nos sinetes dalgúns campás feitas entre os anos 1894 e 1898.

De Juan María de la Sota, campaneiro da cidade de Lugo, coñecemos soamente 10 campás espalladas polas catro provincias. A primeira data de 1866 (Pequena de Requeixo, Chandrexa de Queixa, Ourense), mentres que as últimas son de 1900 (Grande de Anllóns, que recolleemos neste artigo, e pequena de Vimianzo). Posiblemente fose irmán de José de la Sota, xa que ademais de ter o mesmo apelido, residían na mesma cidade. Outra característica que os emparella é que utilizan unha decoración moi semellante, pois na única campá que fomos quen de atopar firmada por José: a grande de San Pedro de Ledoño (Culleredo, A Coruña), do ano 1892, representou, da mesma maneira que ás veces facía Juan María, a Santa Bárbara sobre unha custodia formando parte do pé da cruz.

CIENCIA CIUDADÁ CONTRA AS ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS NO COMPLEXO ONS-O GROVE

Por: Cosme Damián Romay

Departamento de Bioloxía. Facultade de Ciencias, Universidade da Coruña. Campus da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña.
E-mail: c.d.romay@udc.gal

Introdución

Aínda que a definición de “ciencia cidadá” non está nin moito menos consolidada, pódese definir como a posta en práctica da participación pública na investigación científica en aras de incrementar o coñecemento científico. A través desta participación, a cidadanía comparte información e contribúe con programas de seguimento e recolección de datos (A, B). Se ben existen moitas plataformas (a maioría delas online) para que a cidadanía aporte os seus datos, poucas son as que o fagan dun xeito simple e eficaz, adaptándose a diferentes perfís e proxectos. O requerimento fundamental é que todas elas teñan asociadas páxinas web e aplicacións para móbil, e deberían obedecer a unha serie de máximas: a) facilidade para introducir a información -para minimizar os erros neste proceso-; b) maximización da cantidade e calidade da información colleitada; c) resultados visibles a curto prazo, logrando así maior *feedback* ou retroalimentación; d) maior interacción con outros usuarios, incluíndo revisores e validadores da información; e e) capacidade de actualización e mellora. No caso da colleita de datos de biodiversidade, existen plataformas que seguen estes requerimentos como son *iNaturalist*, *eBird*, *BirdTrack*, *Biodiversidad Virtual*, *Biodiversidade.eu*, *iGoTerra* e *Observation*, entre outras. Farase unha análise máis polo miúdo desta última, explorando as posibilidades que ofrece para un proxecto concreto (a loita contra as especies exóticas invasoras, e especial o plumacho da Pampa *Cortaderia selloana*; Fig. 1) nunha área concreta (o espazo protexido do Complexo Ons-O Grove).

A plataforma Observation

Observation.org é unha plataforma pública de rexistro de citas de seres vivos, sen ánimo de lucro e gratuíta, xestionada por Stichting Natuurinformatie e Zoster. Inclúe unha web con diversos subsites, dispoñible en 30 idiomas, ademais de aplicacións (*ObsMapp/iObs/WinObs*) gratuítas para móbil. Comeza en 2003 en Holanda, cando se crea *Waarneming.nl*. Este modelo de web é adaptado en 2008 para Bélxica como *Waarnemingen.be* e para o resto do mundo como *Observation.org*. A día de hoxe hai a nivel mundial máis de 130.000 usuari@s, con máis de 550 organizacións colaboradoras e máis de 1.000 revisores de citas. O número de rexistros subidos superou xa a marca dos 100 millóns, correspondentes a máis de 75.000 especies. As fotografías achéganse xa aos 17 millóns.

A subpáxina (subsite) para España está activa desde ese mesmo ano 2008 co nome de *Spain.observation.org* (=Observado.es), sendo o subsite galego *Galicia.observation.org*. Existen tamén subsites locais e para proxectos. En España hai máis de 1,5 millóns de citas subidas correspondentes a 7.200 especies e en Galicia está xa próxima aos 90.000 rexistros subidos de 1.200 especies.

A contorna de *Observation.org* ten como principais atractivos fronte a outras plataformas similares o poder recompilar citas de todas as especies de fauna e flora, creando unha ficha individual para cada observación, con mapa, fotos e incluso sons na mesma páxina. O acceso aos mapas e estatísticas de cada especie é sinxelo e permite personalizar eventuais procuras. Os mapas pódense visualizar a nivel de cuadrículas de 50, 10, 5 e 1 km de lado, ademais de por puntos exactos e “mapas de calor”. As diferentes observacións, listas de especies e transectos son doadamente descargables polo usuario ou usuaria.




FIGURA 1. Plumachos da Pampa (*Cortaderia selloana*) na Laxe de Rons (O Grove). Foto: C. D. Romay.

Xestión de especies exóticas invasoras

Defínese como “exótica” aquela especie, subespecie ou taxon inferior, introducida fóra da súa área de distribución natural no pasado ou no presente. Considérase calquera parte, gametos, sementes, ovos ou propágulos de ditas especies que poderían sobrevivir e posteriormente reproducirse. Unha especie exótica convértese en “invasora” cando a súa introdución e/ou difusión ameazan a diversidade biolóxica (C). Conscientes deste problema, e previa publicación dun documento de análise (D), o goberno español dedicou un capítulo ás especies exóticas invasoras na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Neste documento defínese como especie exótica invasora “aquela que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, ben sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética”. A partir desta Lei 42/2007 redactouse o Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, que sería logo desenvolvido polo Real Decreto 630/2013, de 14 de novembro, polo que se regula o listado e catálogo español de especies exóticas invasoras. Está previsto que as comunidades autónomas e a administración xeral do Estado, no marco das súas competencias, realicen o seguimento xeral das especies exóticas con potencial invasor, tal e como determina o artigo 61.4 da Lei 42/2007, de 13 de decembro.

Segundo figura na web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (E), o problema derivado das especies invasoras en Galicia foi estudado co obxecto de obter información sobre as especies e ecosistemas afectados. Nunha primeira fase a análise realizada aportou tan só unha aproximación á problemática, polo que xulgou necesario afondar no seu coñecemento, en especial na análise do impacto das especies invasoras sobre os procesos ecolóxicos, as especies ameazadas e os hábitats naturais, así coma na análise das vías de entrada. O establecemento de prioridades foi abordado mediante unha proposta técnica de Plan estratéxico para a xestión das especies exóticas invasoras en Galicia. Máis recentemente aprobouse o Regulamento (UE) 1143/2014, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras, que establece as normas para evitar, reducir ao máximo e mitigar os seus efectos adversos sobre a biodiversidade na Unión Europea.

En Galicia, segundo a referencia E, fixéronse, entre outras accións: a) unha avaliación previa e planificación (F); b) campañas de prevención, incluíndo a divulgación mediante campañas de información dirixidas a distintos sectores sociais e o fomento do voluntariado que permitan dar a coñecer as especies invasoras e os problemas que orixinan (G); c) desenvolvemento de sistemas estandarizados de análise de risco; d) detección temperá e resposta rápida –mediante unha Rede de Alerta Temperá (H)–, para controlar a implantación de posibles especies invasoras na fase temperá da invasión, o que permite en ocasións unha erradicación temperá; e e) para as especies exóticas con alto impacto para as que non é factible actualmente a súa erradicación, accións dirixidas a limitar a súa expansión (contención) ou limitar os danos que producen en hábitats ou especies sensibles (control), p. ex. as dirixidas ao control da uña de gato (*Carpobrotus* sp.) e o plumacho da Pampa (*Cortaderia selloana*) nos espazos naturais costeiros, como é o caso do Complexo Ons-O Grove. Este último caso descríbese a continuación en detalle.

O plumacho da Pampa como problema no Complexo Ons-O Grove

A *Cortaderia selloana* (Fig. 1) é unha especie de gramínea (familia Poaceae) orixinaria de América do Sur, distribuída en zonas chairas da súa metade meridional (subespecie nominal) e zona central do cordal dos Andes (subespecie *C. s. jubata*) (I). Cultivada amplamente en case todo o mundo con planta ornamental, existen datos dos anos 80 que indican xa a súa presenza nalgúns zonas de Galicia, incluíndo o concello de Sanxenxo (E. Martínez, com. pers.). Hoxe en día representa unha das maiores problemáticas en canto a plantas invasoras no Complexo Ons-O Grove, con estudos realizados na pasada década (J). Esta especie ten unha enorme capacidade colonizadora, chegando a ocupar amplas áreas case de xeito monoespecífico (p. ex. no caso do polígono industrial de Nantes, Sanxenxo/Meaño). Na zona do istmo do Vao e contorna das barreiras de Rouxique a súa crecente presenza é realmente preocupante por tratarse de puntos cunha elevada biodiversidade, onde a invasión por parte desta especie suporía un grave prexuízo. Coloniza rapidamente hábitats alterados e terreos removidos, e a partires destas pasa a zonas ruderais, matogueiras e pasteiros próximos, así como en hábitats costeiros e marxes de zonas húmidas. Florece durante o verán (xullo a outubro), e produce un milleiros de sementes, capaces de se dispersar varios quilómetros por acción do vento. Propágase ademais de forma vexetativa pola fragmentación da cepa.

Os métodos de control son difíciles e custosos, e baséanse en: a) arranque manual de pequenas plántulas; b) eliminación mecánica de individuos adultos retirando o rizoma con maquinaria; c) control químico con tratamentos puntuais (planta a planta) con herbicidas, que podería ser utilizado en combinación co control mecánico para evitar o reabrollamento; e d) control biolóxico, en desenvolvemento a través de cepas agresivas e específicas de *Fusarium*. Os puntos c e d poderían supoñer un prexuízo ecolóxico de realizarse sen os debidos permisos nin controis, e incluso os puntos a e b deben ser realizados coas debidas autorizacións.

Ciencia cidadá e plumachos

Mentres se implementan as medidas de control da especie, o mapeado dos individuos de plumacho da Pampa presentes actualmente na zona do Complexo Ons-O Grove pode constituír unha actividade útil para lograr unha eventual erradicación desta especie exótica invasora. Neste mapeado pode participar calquera cidadán ou cidadá que o desexe, e pode ser realizado a través do portal *Galicia. observation.org*. Un extracto da información recollida ata agora para a zona do Grove e Sanxenxo móstrase na Fig. 2. Nela, obsérvase como a especie está presente en arredor da metade das cuadrículas UTM de 1x1 km da zona, con máis de 50 puntos con presenza confirmada na última década. A marxe de mellora na serie de datos para esta especie é, así e todo, moi grande, unha vez que tanto nos

concellos do Grove e Sanxenxo como no resto da contorna do Complexo Ons-O Grove fican moitos núcleos de plumachos da Pampa por localizar. O mapeo destes núcleos é moi importante para lograr artellar estratexias efectivas de control da especie.




FIGURA 2. Mapa da contorna do Complexo Ons-O Grove (só zona do Grove e norte de Sanxenxo), cos datos de plumacho da Pampa (*Cortaderia selloana*) entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2018. Cadrados gris escuro: cuadrículas UTM de 1x1 km ocupadas pola especie. Círculos negros: individuos ou poboacións concretas xeorreferenciadas.

Conclusiones


En resumo, a ciencia cidadá é unha ferramenta realmente útil, que pode contribuír a unha mellor xestión dos nosos recursos involucrando á poboación. O caso dos plumachos da Pampa do Complexo Ons-O Grove e a plataforma de ciencia cidadá *Observation* é un claro exemplo disto. **Agardamos que no futuro se consolide a crecente aceptación destas ferramentas online**, que a ben seguro axudarán na solución dos problemas ambientais que nos preocupan na nosa zona (K).

Agradecementos

A Emilio Martínez Sabarís e Roi Carballal, polos seus comentarios. A Julio Rabadán González, pola súa colaboración na redacción do texto sobre *Observation.org*.

Referencias bibliográficas

- A. Silvertown, J. 2009. A new dawn for citizen science. *Trends in Ecology and Evolution*, 24 (9): 467-470. B. Eitzel, M. V.; Cappadonna, J. L.; Santos-Lang, C.; Duerr, R. E.; Virapongse, A.; West, S. E.; Kyba, C. C. M.; Bowser, A.; Cooper, C. B.; Sforzi, A.; Metcalfe, A. N.; Harris, E. S.; Thiel, M.; Haklay, M.; Ponciano, L.; Roche, J.; Ceccaroni, L.; Shilling, F. M.; Dörler, D.; Heigl, F.; Kiessling, T.; Davis, B. Y. & Jiang, Q. 2017 Citizen Science Terminology Matters: Exploring Key Terms. *Citizen Science: Theory and Practice*, 2 (1): 1–20. C. Colautti, R. I. & Macisaac, H. J. 2004. A neutral terminology to define invasive species. *Diversity and Distributions*, 10: 135-141. D. Capdevila, L.; Iglesias, A.; Orueta, J. F. & Zilletti, B. 2006. *Especies Exóticas Invasoras: Diagnóstico y bases para la prevención y el manejo*. Organismo Autónomo de Parques Nacionales, Ministerio de Medio Ambiente. Madrid. E. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. 2018. *Especies exóticas invasoras*. URL: http://bit.do/cmaot_exo (con acceso: 15.1.2019). F. Arcea Xestión de Recursos Naturais S.L. 2007. *As especies exóticas invasoras en Galicia: diagnóstico da situación actual e proposta de liñas de actuación*. Arcea Xestión de Recursos Naturais S.L –Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia. G. Arcea Xestión de Recursos Naturais S.L. 2007. *Fichas divulgativas sobre especies exótica invasoras*. Arcea Xestión de Recursos Naturais S.L –Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia. URL: http://bit.do/fichas_exo (con acceso: 15.1.2019). H. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. 2018. *Especies exóticas invasoras*. URL: http://bit.do/rede_exo (con acceso: 15.1.2019). I. Testoni, D. & Villamil, C. B. 2014. Estudios en el género *Cortaderia* (Poaceae). I. Sistemática y nomenclatura de la sect. *Cortaderia*. *Darwiniana, nueva serie* 2(2): 260-276. J. Mouriño, J. 2010. Distribución y caracterización de hábitats invadidos por *Cortaderia selloana* en los espacios naturales protegidos de la costa de Galicia. En: Grupo Especialista en Invasiones Biológicas (ed.). *Invasiones biológicas: avances 2009. Actas del III Congreso Nacional sobre Invasiones Biológicas - EEI 2009*. Pp. 95-100. GEIB Serie Técnica nº4. K. Romay, C. D. & Martínez, E. 2013. Que futuro lle espera ao Complexo Ons-O Grove? *Aunios*, 18: 81-84.



NOITES MEIGAS

Por: Maracaibo
Aos meus netos Adrián e Noa

Ninguén podía responder, brillando polo leste con rostro de muller empolvada e coloretes de mandarina, asomábase sorrinte a lúa chea.

En Melide, no bosque de altos eucaliptos, pequenos carballos e salgueiros, trilaban os paxariños ... novos amigos, compañeiros e a mariñeira tripulación, seducidos ou namorados da paisaxe da Illa naquel plenilunio cheo de maxia.



Entón, aquela dama á que chamaban “Mata Hari”, encantadora, coa súa gracia de meiga, embruxábanos como coellos no país das marabillas.

De volta da fonte, cando cantaba o moucho de orellas, coa toalla de turbante, entrou na tenda. A unhas zancadas do “Salón de Té”, unha acolledora cabana feita de ramas, xestas, fentos e canas, cunha mesa á xaponesa ..., a luz da candeia iluminaba o lenzo amarelento a modo cunha pantalla panorámica. Naturalmente, ela non sabía que a contemplaban dez indianos fumando uns aromáticos puriños camaweyanos. Comezaba o espectáculo das sombras chinescas, risas chorosas, chorros de gasosa, pipas e o fume do sándalo.

As sombras de Shiva iluminada!!!

O po de arroz, o lapis de ollos, a barra de labios, os seus cabelos de veludo, a súa erótica silueta ... de marabilla co galiñeiro encandeado, ata que un berro espantoso resoou no eco do bosque frondoso: AAAAAAAA!!!! UNHA TARÁNTULA!!!!

Regañou o trapo e sen dubidalo saíu polo fondo da tenda perfumadiña de brea. Bailamos a tarantela entre auga de rosas,

de borraaxe e verbena. O susto pasara... o misterioso queimacapas desaparecía co impulso dunha rolante racha elevándose sobre a enmarañada rocha, por onde baixan as serpes á praia.

Prenderon o faroliño de petróleo... “un queimacapas embreado, un cangrexo negro e peludo agochado baixo o saco... ao ser descuberto escapou preso do pánico, enredado saíu arrastrando o suxeitador de seda e o vento levouno polos ceos”.

Na “Illa Misteriosa”... colmados de risa a punto de cruz, un ramallete de flores silvestres, encaixes de palillos e de agullas de gancho con fíos de cores... brindando cuns chupiños dun anello ron cubano, unha antiga botella bucaneira do fondo da illa do Gran Caimán.

Pequenos budas en loto arredor da mesa de canas, un cunco con guindas... e rostros risoños ollando belos debuxos e acuarelas. De regalo, un collar de caracoliños, margaritas, conchiñas de orellas de mar con reflexos púrpura dunha exótica nácar de Océano.

<<Mobilis in Mobili>> Avante toda, estrela luminosas de plancto. Escintileos vermellos e desembarcamos no peirao, as gaitas soaban afinadas nas tabernas da illa.

Baixo o ronco son dunha gaita de granadillo, unhas ánforas de cervexa desbordantes de espuma e alegría mariñeira, cálida velada e cariñosos bicos. Compañeiros de tantas singraduras.

Retirámonos ao compás da lúa amarela, hipnotizados polas luces do Faro, baixo a inmensidade, a verdosa Estrela Polar, o norte celeste e as constelacións circumpolares... fascinante Banda da Vía Láctea no Cisne. Luminosa botella de gasosa con diminutos vagalumes... pequenas luces pestanexantes, acariciados polo murmurio da brisa do norte, camiñando paseniñamente polo serpeante sendeiro que nos levaba en fila india ao fondeadoiro de Melide, belos sonos, as brasas brillaban na praia, a bucaneira tocaba a guitarra, cantaba coma unha serea... o mar encalmado, luminescente, temperado e ela ao meu lado.

Enigmáticos asubíos salvaxes repetidos contra vento e marea, con certa graza mariñeira no aparello de popa, no espello, con certa risa de coello. Todo un loro de mar, un Robinsón nunha illa meiga.

Sobre o ombreiro de babor, á roda do temón, ou no cabrestante. Silenciado o loro, cun apósito e cordel de bramante,...., empopados con grandes orellas de elefante.

Rumbo sur, o mascarón do bauprés cara aos promontorios das Illas Cíes, a todo trapo con vento en popa, planeando, foques voantes, cangrexas e a escandalosa mesana, con escala nos baixos dos Beduidos, os serviolas en proa e na cofa un vixía.

Enfronte da Punta do Cabalo, á capa, velas ao pairo, á altura do Facho da Costa da Vela, con suave brisa rolante del NW, calma chicha e o sol no cénit.

Alí estaba a Furna dos Pesos cargada de misterios..., inaccesibles acantilados e alucinantes arrecifes de rocha e bancos de area. A ver se vemos algún pecio barrido polas marusías e o mar de fondo,...., unha onza, unha peza de a oito, un doblón de ouro, un patacón ou algún peso de vella prata,...., dun misterioso naufraxio da época da Flota da Prata. Santo Cristo!!! Algarabía alborotada de cen gaivotas,...., preparados para a inmersión. Okey e saltaron catro ras ao inmenso azul oceánico. Subía a marea,...., ao cabo de vinte e tres minutos a trinta metros, nas covas do fondo, ascendemos á superficie sen perigo da narcoses ou a chamada borracheira das profundidades, a tarauana dos buzos de perlas.

A rápida motora pneumática esperábanos a salvo dos baixos,...., planeando gaivotas e parellas de mascatos, nas negras pedras en preamar, piaban os araos e as alcas.

Izamos todo a bordo, áxiles pescatas,...., calzámonos as alpargatas e manobramos a barlovento. Na entreponte, o botín inocente: <<Unha lagosta, dous lumbrigantes, un robusto boi e unha ducia de percebóns>>. Silenciosas gomas de finos arpóns: <<Dous robalos, unha boa corvina, catro douradas e tres sargos reais>>. Na gaiola do juanete estaba a secar un bonito cazón, e un congro no cofre de salgar, un cestón de cabalas e agullas ao corricán.

Coas lentes de ver ao lonxe de larga vista, divisamos as peludas cabras montañeiras, nas cimas rochosas de Monteagudo... Un espellismo!!! Un trasno tocando a fruta!!! Ou unha alucinación!,...., pola amura de popa quedaban os altos promontorios, calas e cantís de Poseidón,.... e Monte Faro, castros e concheiros da Illa dos Deuses aos abordaxes dos falcóns dos mares.

Longas bordadas de bolina, gañando altura con vento cálido do norte, a mar rizada seguindo a estela dun delfín, o pequeno bergantín a mar cortaba.

Chispas de pedernal, soprando a mecha do chisqueiro, ulía a xofre e vento mareiro. Unha peza e un peso de 100 pts! Rubios Bisontes e Celtas Cortos! Habelas hainas! Nos dicía a bucaneira bordando unha estrela vermella..., e soou a gaita grileira.


Pola alta verga da cangrexas de mesana, lucía a bandeira galega polos sete mares. Devoramos o salpicón, bocados exquisitos do mar..., ao son da zanfona a tripulación unhas cantigas cantaba. O incandescente globo do Sol ocultábase polo curvado horizonte mariño. Máis tarde levantábase a Lúa colorada, arribando na Illa de Ons, repicou a campaiña do bergantín, tin – tin, largando cable fronte ao fortín.


A sotavento, un pesqueiro da ardora..., traíñas, racús, galeóns..., e dornas alcatranadas. Ramalletes de plumas de gaivotas, cormoráns, andoriñas, mascatos e araos... Talismáns ao vento para espantar aos meigallos... aceite, pan e allos.

Dende a cofa do trinquete a vista de aparellos de mirar de lonxe, ollando Melide na noite máxica, leña de eucalipto e toxo bravo nas fogueiras. Caldeiradas e caldeiretas de barro a fogo lento... Fornos e lareiras de pedra labrada daqueles castrexos celtas, pastores ou druídas dan antigüidade na noite dos tempos do fogar de Breogán. Danzaba a lúa de nácara no espello do mar luminescente e do ceo caeu unha bágoa.

Alegres frutas, gaitas e violíns, aromas de azucenas, vasoiras e alecríns. Xiraba o manubrio da zanfona..., o trovador recitaba unha cantiga dun conto de fábula, noite meiga nas areas douradas.

*“Hai un Kraken no fondo do mar,
aos peixiños quere espantar
cunha buguina do mar.
Co ás de picas ha de gañar,
cos corazóns quere xogar
hai un Kraken no fondo do mar.
Á escola vai a asubiar.
Hai un Kraken no fondo do mar.
A gaita quere tocar.”*






Pequenas anécdotas sobre Ons (I)

Por: Arturo Sánchez Cidrás

A Illa de Ons ante problemas sanitarios

As primeiras evidencias documentais da necesidade de médico na Illa de Ons remóntanse ao brote de febres tifoides que comezaron a finais de agosto de 1887. A prensa da época faise eco desa epidemia provocada pola extrema pobreza que condiciona situacións insalubres de vida.



E así sabemos da reclamación ao Gobernador da provincia solicitándose dende a illa de “*facultativo, menciñas e roupa*” para facer fronte á epidemia. A situación paradoxal consistiu en que acudise o Señor Manuel Riobó Guimeráns, veciño de Cela, de 24 anos e recién licenciado en medicina, aquel que menos dun cuarto de século máis tarde exercería como dono e señor da Illa e das súas vidas. Curiosamente a experiencia adquirida nesa illa lle serviría para afrontar e atallar epidemias como a varicela e o cólera, noutras illas das Filipinas (Romblón, Mindanao, Panay...) e, á vez, ser o lugar onde xerou parte dos recursos para logo mercar Ons.

É coñecido que dende hai moitísimas décadas reivindicouse a presenza médica permanente na illa de Ons e como se pode comprobar sen resultado positivo. Mais agora, nos últimos meses, vólvese a falar diso na


prensa, nos despachos dos distintos organismos oficiais e nas persoas e Asociacións relacionadas coa illa. Estas últimas de forma expresa, senón que llo pregunten a Pineiróns ao través do seu presidente, Celestino Pardellas, que están a solicitar polo menos dúas cousas relacionadas con isto:

- Que no PRUX (Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia) queden claras as competencias de cada organismo na Illa de Ons.
- E que nas Illas de Cíes e Ons haxa xa a partires deste verán un Servizo Permanente de Primeiros Auxilios.

Quixera ao respecto lembrar o papel dos mestres-sanitarios para o que recomendaría ler de novo o artigo: “Ons, o meu paraíso de onte (VI) Mestre ou sanitario?” do mestre Julio Santos Pena aparecido na revista Aunios nº 7¹.

Relacionada coa asistencia sanitaria á Illa puxen hai un tempo unha Entrada no meu blog titulada “*Botiquín para a Illa de Ons*”² na que aportaba unha información sobre a solicitude dun *Botiquín* para que a mestra da Illa de Ons puidera atender as urxencias facendo curas, poñendo inxeccións, etc. feita en 1947, por parte da Rexedora Provincial de Divulgación da Sección Feminina,

O curioso é que nestas datas non era o Xefe de Sanidade o que tiña que autorizalo senón que era o Gobernador Civil, a proposta dos concellos, polo que as promotoras solicitan ao alcalde de Bueu sexa este o que o tramite ante o gobernador.



Capelán de Ons rescata tres naufragos

Ons, como illa que se enfrenta ao océano, está ligada ás desgrazas no mar dende que o home navega pola súa costa. Moitos son os naufraxios que teñen como inicio ou destino a súa costa rochosa, os seus baixos traizoeiros, as súas praias,...

Ao ser moitos os naufraxios con Ons por referencia, moitas tamén son as casuísticas ou elementos que concorren neles pero un só é o sentimento que os identifica a todos, a dor. Unha dor que se amosa soa na faciana dos naufragos ou familiares e outras veces disfrazase con matices de angustia, desesperación, de medo, de impotencia, etc.

O naufraxio que imos citar agora ten por protagonistas aos mesmos naufragos, aos rescatadores da illa e ao cura de Ons (De aí a novidade!).

¹ Aunios nº 7 páx. 64-66 á que podedes acceder directamente neste enlace <https://bit.ly/2JItBtK>

² Enlace, <http://acidras.blogspot.com/2018/05/botiquin-para-illa-de-ons.html> ou por enlace curto: <https://bit.ly/2UmJBHg>

O seu relato imos facelo da man de como o reflicten os xornais: El Combate, Diario de Pontevedra, El Estandarte Católico,... dando a noticia coa mesma variedade de titulares, “Sinistro en Marín”, “Un naufragio en Marín”, “Diez ahogados”,...

Eran case ás 21 horas do luns tres de xullo de 1899 cando á altura da illa de Ons un refacho de vento do Norte fixo naufragar á lancha de Marín “Flor de María” na que ían 13 mariñeiros ás ordes do patrón Antonio Rodríguez Veiga. A lancha e o seu patrón tiñan fama por pescar moito xa que en “*días perigosos, cando ninguén se arriscaba a saír ao mar, el o facía coa súa tripulación, chegando con aquela modesta lancha ata onde chegaban os vapores de pesca*”. Quizais por esta cobiza ou polo amor ao risco levouna ese día a naufragar a unha milla de Ons. A lancha dou a volta.

Mais despois dunha longa loita co embravecido mar foron desaparecendo uns tras outros, o patrón e nove mariñeiros máis. Os outros tres, que non sabían nadar, agarráronse á quilla da lancha. Conseguiron espirse das pesadas roupas de auga e, aínda que as ondas os fixeron caer varias veces ao mar, co a axuda entre eles conseguían volver ao bote. E así estiveron unhas catro horas ata que unha dorna que na que ía o capelán de Ons con outros homes viu aos tres mariñeiros sobre a quilla nunha situación desesperada. Achegouse a eles e con grande traballo, recolleunos e levounos a unha praia da illa onde foron embarcados nun vapor que acababa de prestar servizo no faro, o “Rio Tesa”, que os trasladou ata Marín.

Os mortos foron dez e como relata a prensa, case todos casados e con fillos; deles uns eran irmáns, outros cuñados e outros parentes consanguíneos: O mesmo patrón morreu abrazado ao seu irmán Clemente que tamén ía de mariñeiro (Clemente soltárase para intentar nadar ata terra para pedir axuda). O último que levou o mar, chamado Andrés Pesqueira, cando o seu cuñado Antonio Villanueva lle dicía: Sube! Sube! El lle berraba ata que desapareceu: Non podo! Non podo!...

Festa do Pescador humilde de Ons o 3 de agosto de 1952

No ano 2016 escribín un artigo para a revista Aunios nº 21³ co título “*Apuntamentos da illa de Ons e a Falanxe*” onde facía unha recolleita de datos, dende 1938 a 1950, que puña de manifesto, entre outras cousas, a utilización das penurias dos habitantes de Ons por parte de institucións de Beneficencia ou mesmo gubernativas.

Remataba o artigo dicindo: “*Uns anos despois, 1949-1950, Ons vai caendo no esquecemento para as institución de Beneficencia e Axuda. Así pódese constatar que nas relacións de Familias Pobres do concello de Bueu ás que se lle adxudican vales de Nadal para artigos de alimentación non aparecen ningunha da illa de Ons.*”

Polo visto nese artigo citado non tiven en conta doazóns anteriores no tempo aos anos 1938-50 como no caso da epidemia de tifo do ano 1887, citado na primeira entrada deste artigo pois para “*mitigar desastres e enfermidades que causa a miseria a Comisión Provincial [de Sanidade] de Pontevedra distribuíu entre os mesmos 500 pesetas*” ou no caso da Festa do Pescador que agora imos relatar:

Será o Gremio de Mareantes de Pontevedra o que proxectou organizar a “Festa do pescador” en homenaxe aos habitantes da illa de Ons.

Con toda a ilusión e solidariedade os mariñeiros de A Moureira prepararon o evento que se celebrou o día tres de agosto de 1952 coa seguinte programación: Saída de Pontevedra cara a Ons na mañá do domingo día tres onde as motoras das autoridades e invitados serán flanqueadas polas do Gremio de Mareantes e polas das representantes das Confrarías da Ría.

Chegados á Illa, logos dos saúdos de cortesía, haberá un primeiro acto de entrega de donativos e obsequios aos pescadores de Ons. Entre os agasallos, tres canistres de roupa confeccionada pola Sección Feminina de Falanxe Española que o mesmo señor Gobernador Civil da provincia, Dr. Palao Martialay, fixera entrega ao Gremio de Mareantes con destino a estas familias de mariñeiros humildes.

Pola tarde, na honra dos mariñeiros, unha grande festa campestre na que intervirán a Agrupación Folclórica da Sección Feminina e o Coro de Educación e Descanso.

Parece ser que todo transcorreu con normalidade aínda que non temos máis referencias escritas da mesma, nin do remate da festa nin, que sería moi interesante, dos sentimentos encontrados dos habitantes da illa.

**Donativo del
Gobernador civil
de Pontevedra
para familias de
mareantes**



UN NAUFRAGIO EN MARIN

En la tarde del lunes circuló la noticia en esta capital de un naufragio ocurrido en la isla de Ons.

Del suceso tenemos los siguientes datos.

La lancha «Flor de María» que había salido del puerto de Marín el martes trece con marineros, mandados por el patrón Antonio Rodríguez Veiga, encontrándose a la altura de la isla de Ons una racha de viento la hizo volcar.

El patrón se arrojó al agua para salvarse a nado. Nueve compañeros hicieron lo propio.

Los tres restantes ganaron la quilla del buque y sujetos a ella resistieron el empuje de las olas.

Los otros lucharon bravamente durante mucho tiempo pero sin resultado.

Uno tras otro fueron desapareciendo entre las inmensas montañas de agua que se le interponían.

Al fin perecieron los diez.

El patrón Antonio Rodríguez murió abrazado a su hermano Clemente, que figuraba también en la tripulación.

Una dorna que conducía al capellán de Ons vió el triste cuadro que ofrecían los tres marineros sobre la quilla del barco, próximos a ser tragados del mar.

Se acercó a aquéllos, con gran trabajo, recogiólos y llevándolos a la playa próxima.

Desde allí fueron trasladados a Marín en el vaporcito «Riotesa» que regresaba de prestar servicio en los faros.

Estos tres infelices apenas pueden hablar, efecto de la emoción horrible que sufrieron.

EL GREMIO DE MAREANTES ORGANIZA LA FIESTA DEL PESCADOR

“María del Pilar”, de los Hermanos Pariña; “Meruja Villaverde”, de Ignacio García; “Blanes y Chicharro”, de Víctor Guisande, y “Carmen Ponte”, de Emilio Rivas.

³ [1] Enlace ao artigo Aunios 21: <https://bit.ly/2rqOSjI>

Influencia do español no galego da Illa de Ons

Por: Jose Manuel Dopazo Entenza


Neste pequeno traballo procurarei mostrar, da forma máis concisa pero íntegra, a crecente presión que sofre o galego actualmente na Illa de Ons e que se podería aplicar a calquera outro punto do noso país. Para tal fin, partirei dos datos recollidos na miña tese e que foron presentados en marzo de 2018 en Madrid¹.

En primeiro lugar, cabe dicir que os datos están distribuídos en tres grupos xeracionais (xa descritos en *Aunios 18*, páx. 73-74) a través dos cales se pode observar como o español vai, progresivamente, tendo maior influencia nesta fala. En segundo lugar, é preciso apuntar que, dado o reducido espazo para este artigo, tan só escollín analizar tres fenómenos que atinxen tanto á sintaxe, coma á morfoloxía e á fonética desta fala e serven de modelo para esta explicación.

Para comezar, debemos ter en conta os usos lingüísticos dunha e doutra lingua entre os diversos grupos de idade. Con este obxectivo, debemos acudir ós datos ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística. As curvas que vemos na imaxe 1, apréciase unha clara tendencia, nese ano 2013, que ligaba o maior uso do galego con persoas de idade avanzada e o maior uso do español con persoas de menor idade.

Aínda que pode pasar desapercibido, o índice de uso do galego entre o grupo de 5-14 anos é menor có uso do español no grupo de maiores de 65 anos. Este feito dános a chave para entendermos por que existe esa paulatina influencia do español.

En primeiro lugar, o fenómeno sintáctico que vou analizar é a colocación do pronome persoal. Atendendo á norma xeral, o pronome colócase despois do verbo como regra xeral, excepto cando nos atopamos cunha oración subordinada introducida por *que, onde, cando...* ou por adverbios do tipo *non, tamén, aínda, xa...*²



Imaxe 1: Usos lingüísticos segundo a idade. A partir dos datos do IGE de 2013

	Mal	Ben
GX1	8	1440
GX2	100	564
GX3	33	438

Taboa 1: distribución de pronomes mal e ben colocados segundo o grupo xeracional.

Como vemos na táboa 1, o Grupos Xeracional 1 (persoas nadas antes de 1960), ten tan só 8 casos de pronomes mal colocados; estas ocorrencias, aínda que resultan trascendentes para futuras observacións, non representan unha porcentaxe significativa para a nosa análise. En contraste, os Grupos Xeracionais 2 e 3, que hai 100 e 33 pronomes mal colocados respectivamente. Isto supón un 15% e un 7% do total.

Cómpre tamén analizar os resultados con respecto á lingua habitual dentro de cada un destes dous grupos, para saber cal é o índice de colocación dos pronomes. A continuación, na táboa 2, podemos observar como, para o GX2 (persoas nadas nas décadas de 1960-1970), os subgrupos de galegofalantes e bilingües habituais apenas chegan ó 1% de casos de pronomes mal colocados, mentres que a lingua das persoas castelanfalantes habituais presenta un 27% de erros de colocación.

GX2	Mal	Ben
Gal	1%	99%
GE	1%	99%
Esp	27%	73%

Taboa 2: porcentaxe de pronomes mal e ben colocados segundo lingua habitual no GX2.

¹ En forma de comunicación oral nas VII Jornadas de Iniciación a la Investigación, organizadas pola Universidad Complutense de Madrid do 12 ó 15 de marzo de 2018. A presentación pódese ver na seguinte ligazón: <https://prezi.com/7gchcavellkk/influencia-del-espanol-sobre-el-gallego-de-a-illa-de-ons/>

² Hai que ter en conta que estas regras aplican á escrita, na oralidade entran en xogo outro tipo de elementos que poden alteralas, como poden ser as pausas ou as reformulacións.

Por último, o GX3 (persoas nadas despois de 1980) ten unha tendencia semellante, como se pode apreciar na táboa 3, a diferenza de que as persoas castelanfalantes teñen un maior índice de erros de colocación dos pronomes (30%).

GX3	Mal	Ben
Gal	1%	99%
GE	1%	99%
Esp	30%	70%

Taboa 3: porcentaxe de pronomes mal e ben colocados segundo lingua habitual no GX3.

En segundo lugar, analizarei un fenómeno morfolóxico, concretamente a variación das formas do demostrativo indefinido, é dicir, o uso das formas *isto/iso/aquilo* fronte a *esto/eso/aquelo*. Nas *Normas*³ actuais do galego as únicas formas recollidas son as primeiras. Pese a todo, temos que ter en conta que as segundas son tamén propias da nosa lingua, mais o incremento do seu uso no galego garda unha forte ligazón á influencia do español. Se partimos dos datos recollidos no GX1 (táboa 4), vemos que as formas con “e” son minoritarias.

Grupo Xeracional 1			
Isto	43	6	Esto
Iso	146	8	Eso
Aquilo	11	0	Aquelo

Taboa 4: distribución de demostrativos indefinidos segundo forma no GX1.

Na táboa 5, para o GX2, podemos constatar que o número de formas con “e” foron aumentando ata o punto de teren unha representación equivalente ou mesmo maioritaria có número de formas con “i”. Por último, no GX3, apreciamos un leve retroceso destas formas, aínda contando cunha importante recorrencia.

Grupo Xeracional 2			
Isto	5	12	Esto
Iso	45	40	Eso
Aquilo	3	1	Aquelo




Taboa 5: distribución de demostrativos indefinidos segundo forma no GX2.

Grupo Xeracional 3			
Isto	5	6	Esto
Iso	51	16	Eso
Aquilo	0	0	Aquelo

Taboa 6: distribución de demostrativos indefinidos segundo forma no GX3.

Cabería, xa que logo, comprobar se esta tendencia que se aprecia nos datos totais ten algunha relación coa lingua habitual das persoas que compoñen estes grupos. Para cumprir con este propósito, convén analizar nas gráficas seguintes as curvas de tendencia de uso das dúas formas dos demostrativos, que se mostran nas imaxes 2. Para facilitar a representación, reunín baixo a cor azul todas as formas con “i” e baixo a cor laranxa todas as formas con “e”. A primeira das imaxes corresponde coas persoas galegofalantes, a segunda coas bilingües e a terceira coas castelanfalantes.

³ Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*. Vigo: Real Academia Galega.



Imaxes 2: curvas de tendencia segundo lingua habitual *galego*, *galego e español* e *español*.

Como podemos observar, as formas con “e” teñen maior incremento de uso tanto para a lingua habitual *galego* como *español*. Cabe apuntar que, no primeiro dos casos, a porcentaxe de uso menor, pois para a lingua habitual *español* os usos de formas con “e” superan o 60% no GX2 e o 80% no GX3.

O comportamento analizado nestes dous grupos dá diferentes resultados no caso dos galegofalantes. Poderíamos pensar que as formas tradicionais con “i” deberían ser maioritarias nestes falantes, pois son as máis empregadas polo GX1, a pesar de todo non é así. Unha posible explicación podemos atopala en que, pese a teren como lingua vehicular o galego (ou precisamente por térena), mostran unha maior permeabilidade ás innovacións que chegan do castelán en determinados fenómenos.

Pola contra, se vemos o que acontece no grupo bilingüe, a tendencia é contraria, é dicir, as formas con “i” teñen un índice de uso no GX3 do 90%. Isto débese a que, ante unha situación formal (neste caso unha entrevista), as persoas procuran demostrar o seu coñecemento das *Normas* do galego e, por conseguinte, empregan as formas con “i”.

É preciso sinalar que a tendencia do GX2 non é posible subscribirla ó argumentado no parágrafo anterior. Este grupo amosa unha crecente perda das formas con “i” ligada ó incremento do uso do español. Se poñemos en orde as porcentaxes de uso desta forma a respecto do maior uso desta lingua, temos 70% (galegofalantes), 55% (bilingües) e 30% (castelanfalantes). Existe a posibilidade de que o maior uso do español sexa tamén a causa do descenso das formas con “i” do demostrativo no GX3. Non obstante, as evidencias contrastadas non son suficientes para ratificar esta hipótese, que debe explorarse en estudos posteriores.

Por último, en terceiro lugar, analizarei un fenómeno fonético, o coñecido como gheada. Refírome á pronuncia fricativa do elemento que na escrita se representa coa grafía <g>. Nas *Normas* actuais do galego, esta letra pode lerse tanto coa pronuncia oclusiva/aproximante velar [g]/[ŋ] como coa pronuncia fricativa faringal [ħ].

O uso da gheada, pese a estar recollido nas *Normas*, aínda a día de hoxe ten unha consideración negativa dentro da sociedade. Esta visión contribúe a que paulatinamente se vaia diminuindo o seu uso entre os falantes.

Xunto coa gheada, concorre outro fenómeno que actúa sobre o seu uso e que ten orixe na influencia do español. Estoume a referir á mudanza no punto de articulación na fricativa, que pasa de ser faringal [ħ], que é a forma tradicional, a ser velar [x], que é a que coincide coa pronuncia española do <g + e, i> e <j + a, o, u>.

	[g]	[ħ]	[x]
GX1	2%	97%	1%
GX2	70%	6%	24%
GX3	87%	3%	10%

Taboa 7: índice de uso/non uso da gheada e tipos segundo Grupo Xeracional.

Na táboa 7, a primeira columna correspóndese coa pronuncia sen gheada, mentres que as outras dúas representan as diferentes pronuncias deste fenómeno. O GX1 recolle pronuncias residuais sen gheada (2%), así como da fricativa velar (1%), polo que a gheada faringal é practicamente a única pronuncia destas persoas neste contexto concreto que estou a analizar.

En canto ó GX2, fronte a un 70% de formas sen gheada achamos un 30% gheadófonas. Dentro desta última posibilidade, tan só o 6% destas realizacións son faringais, mentres que o 24% restantes son velares. Se combinamos estes datos cos da lingua habitual (táboa 8), comprobamos que no grupo de galegofalantes as porcentaxes invértense: 30% de realizacións sen gheada fronte a 70% con gheada, das cales só o 27% é faringal e o 43% restante é velar.

	[g]	[ɸ]	[x]
Gal	30%	27%	43%
GE	93%	2%	5%
Esp	75%	1%	24%

Taboa 8: índice de uso/non uso da gheada e tipos segundo lingua habitual no Grupo Xeracional 2.

No grupo bilingüe apréciase un gran descenso no uso da gheada, pois só o 7% (2% faringal e 5% velar) usa a gheada fronte ó 93%. Por último, o uso da gheada volve ascender no grupo dos castelanfalantes (25%) pese a que tan só o 1% son realizacións faringais. O 75% de casos non mostra este fenómeno fonético.

Para rematar, como se recolle na táboa 7, o GX3 mostra un 13% de casos con gheada dos que tan só o 3% son faringais. É relevante o ascenso nos usos non gheadófonos, que supoñen o 87% das realizacións deste Grupo Xeracional. Se contrastamos estes datos segundo a lingua habitual (táboa 9), observamos que os usos da gheada e non gheada son a mesma porcentaxe. Os casos con gheada aparecen distribuído a medias entre a faringal e a velar (21% e 26% respectivamente).

	[g]	[ɸ]	[x]
Gal	53%	21%	26%
GE	95%	1%	4%
Esp	90%	0%	10%

Taboa 9: índice de uso/non uso da gheada e tipos segundo lingua habitual no Grupo Xeracional 3.

Xa no grupo bilingüe, os casos de gheada son case inexistentes (un 5%, dos que a faringal só supón o 1%). Algo semellante acontece cos castelanfalantes, en que o 90% dos casos non presentan gheada e o 10% restante é so de gheada velar.



Despedida no peirao de Ons do cura Ramón Beiro Formoso. Foto: Staffan Mörling. Prestada pola familia Acuña.

Se recollemos todos os datos ofrecidos ó longo do traballo e facemos un estudo global, podemos afirmar que o nivel de estudos e, en particular, o coñecemento da normativa (tanto do galego coma do español) repercuten nos usos lingüísticos. Do mesmo xeito, a lingua habitual é determinante para adaptarse ou non a estes cambios.

Así pois, a influencia do español é evidente. En primeiro lugar, pola crecente inmersión lingüística nesta lingua á que se ve sometida a nosa sociedade: desde actividades cotiás como ver a televisión ou mergullarse nas redes sociais, ata o ensino regrado, cada vez con máis materias en español.

En segundo lugar, tamén se aprecia a influencia da norma do galego, non nos galegofalantes, senón nos castelanfalantes e, sobre todo, nos bilingües. Esta influencia ten máis que ver co nivel de estudos e, polo tanto, co coñecemento da lingua que coa lingua que empregan nas súas conversas espontáneas.

En calquera caso, queda patente que a lingua do día a día exerce unha grande influencia, pois as persoas castelanfalantes transmiten directamente estruturas da súa lingua ó galego (ben sexa na colocación dos pronomes, ben na escollla de formas morfolóxicas ou ben no sistema fonolóxico).

AGUSTÍN DE LA ROSA GIL NO GROVE, POETA CIRCUNSTANCIAL

Por: Patricia Arias Chachero

A comezos de agosto de 1935 as páxinas de sociedade de *El Pueblo Gallego*, anunciaban a viaxe que Agustín de la Rosa Gil pensaba emprender desde Santiago de Compostela, o seu lugar de residencia, á Illa da Toxa onde tiña previsto descansar unhas semanas. Era don Agustín, con 65 anos cumpridos, un respectado e coñecido catedrático que, desde que aprobara a oposición en 1920, impartía aulas de Agricultura no Instituto Nacional de Segunda Enseñanza, hoxe Arcebispo Xelmírez.



Agustín de la Rosa Gil.

Nacido en 1870 na provincia de Valladolid, nun arredado lugar de Terra de Campos, chamado Herrín de Campos, de la Rosa inda era algo parente do poeta León Felipe (1884-1968), cuxo pai, o notario Higinio Camino de la Rosa, nacera nesa mesma localidade. Antes de chegar a Santiago, este docente vocacional, licenciado en Ciencias Físico Químicas desde 1896, exercera como auxiliar no instituto de Valladolid, onde se vira obrigado a dar aulas de todas as materias de ciencias, desde Física e Química e Matemáticas, a Historia Natural.

Apenas dous anos despois de instalarse en Santiago, comezou a compaxinar a docencia no instituto con aulas na universidade, primeiro como auxiliar na especialidade de cristalografía (1922) e despois na de electroquímica (1926). Circunstancias que falan alto e claro dos sólidos coñecementos que posuía.

Pouco despois, en 1928, os seus compañeiros de claustro acordan nomealo director do centro de ensino medio, cargo que desenvolverá con responsabilidade, tentando implicarse na formación e na realidade vital dos seus alumnos. Conta a prensa da época que foi o primeiro en cultivar soía. Fíxoo no horto dos frades franciscanos, importándoa do Xapón, convencido de que esta leguminosa e o seu aporte proteico podían ser importantes para a economía do noso rural. Como docente publicou algúns artigos de carácter eminentemente didáctico

en xornais locais como *El Eco Compostelano*. Tras a súa xubilación, en 1940, comeza a redactar versos, a maioría deles inéditos, e algúns, poucos, publicados nos principais periódicos da súa cidade.

No Grove pasou, aproximadamente, seis semanas, desde comezos de agosto até a segunda quincena de setembro en que retorna a Compostela. Viúvo desde había apenas oito meses, viaxaba acompañado de dúas fillas, Pilar e Umbelina, e de unha neta, a pequena Luísa. Durante a súa estancia escribiu cando menos, catro poemas, que publicou nas semanas inmediatas no xornal *El Compostelano* e en *Vida Gallega*. Tres son as composicións que nos interesan: “A la playa de la Lanzada”, aparecida en *El Compostelano* o 24 de agosto de 1935, “La perla de la ría de Arosa”, no mesmo xornal, o 11 de setembro dese ano, e “Canto de gratitud” xusto ao día seguinte, o 12 de setembro de 1935, de novo en *El Compostelano*. A cuarta, titulada “A Galicia” apareceu en *Vida Gallega*, a revista que dirixía Jaime Solá, o 10 de setembro dese mesmo ano, 1935.

Analicémolas brevemente por orde cronolóxica.


A la playa de La Lanzada¹

Cuantas veces sentado en tu ribera
¡oh mar! como si oyera
la abrumadora voz del infinito,
ha despertado en la memoria mía,
honda melancolía,
tu atronador, tu interminable grito
(G. Núñez de Arce)

Es pura realidad, no es fantasía,
lo que voy a contar, playa admirable,
y por tantos motivos saludable,
de tu magnificencia y poesía.

Cuando el Gran Gil Casares me escribía,
que eras hija de roca perdurable
y tu ola, beso de mujer amable,
yo, a decir verdad, no lo creía.
Mas es lo cierto, PLAYA DE LA LANZADA:
Eres muy bella y aún eres salvaje!
¿Y el día que te encuentres adornada
de verde manto y rumoroso traje?
Entonces te elegirán ninfas y hadas
para cantar la vida en tu follaje
y mecer a Cupido en tu oleaje,
¡Playa virgen sin par, Playa adorada,
eres la Miss de las Playas encantadas!

¹ De lle facermos caso ao xornal onde apareceu recollido, o poema foi escrito o 23 de agosto de 1935.




Vida Gallega 5 marzo 1921 (Gil Casares).

Introduce a composición a estrofa inicial de “La pesca”, un coñecido poema de Gaspar Núñez de Arce (1832-1903), valisoletano como o autor que nos ocupa. Neste primeiro texto, de versos hendecasilabos e rima consonante, de la Rosa interpela directamente á praia da Lanzada, espazo que semellaba coñecer soamente a través de referencias escritas, supoñemos que cartas, do catedrático da Universidade de Santiago Miguel Gil Casares (1871-1931), promotor do Sanatorio Marítimo da Lanzada,



comezado a construír en 1927 e inaugurado en 1933, coa vontade de tratar e sandar aos nenos tuberculosos de Galicia.

Banco de imáxenes de la medicina española. Sanatorio Príncipe de Asturias, a Lanzada.



Vida Gallega
(Militares visitando o
sanatorio)

Vida Gallega
(Solarium de mulleres)



A LANZADA.—Autoridades militares y civiles visitando el famoso sanatorio marítimo.—Foto Pintos.

Trátase dunha composición abertamente paisaxística na que se destacan a beleza e o carácter inhóspito do coñecido areal meco. A hiperbólica exclamación final e as maiúsculas do noveno verso colocan á praia da Lanzada na cúspide dos areais. Cómpre ademais non perder de vista o carácter feminino que lle atribúe ao espazo –eres muy bella (v.10), el día que te encuentres adornada (v.11)-, e a presenza de seres míticos e clásicos –ninfas, fadas e Cupido- no remate do poema.

A seguinte composición, intitulada “La perla de la ría de Arosa”, é un soneto formalmente ben construído que loa á Illa da Toxa. Nos 14 versos hendecasilabos divididos en dous cuartetos e dous tercetos, o autor insiste o carácter terapéutico do espazo –manantial de vida (v. 11)-. Cómpre non esquecer que o xerme da construción do Sanatorio da Lanzada hai que buscalo precisamente no primeiro Congreso Antituberculoso de España que se celebrou na illa meca en 1925.

La perla de la ría de Arosa²

A un amigo bañista se le antoja,
que antes de retornar a mis labores,
estampe en un soneto los amores,
que mi corazón siente hacia la Toja.

El piensa, que la empresa es cosa floja,
y yo, que a los sesenta no hay calores,
ni el rosal de mi huerto tiene flores:

esto es pura verdad, no es paradoja.
Así, solo diré que eres de oriente,
con propia irisación deslumbradora,
y surge de tu seno providente
el manantial de vida, que atesora
la Región española de occidente,
nuestra Galicia meiga, soñadora.

O seguinte texto, o máis longo e traballado, é, como o seu título indica, un “Canto de gratitud” dirixido non só ao espazo –O Grove-, senón tamén aos seus habitantes. A composición, de novo de versos hendecasilabos e rima consonante,

² Poema datado en setembro de 1935.

preséntase dividida en dous bloques identificados mediante números romanos. No primeiro, contrapóñense o pasado recente da Lanzada e San Vicente, relacionado coas humildes actividades pesqueiras e o momento presente, asociado ao sanatorio que promovera Gil Casares e que, nese momento dirixe o doutor José Puente Castro (1883-1963) que sucedera no cargo a Gil Casares tras o falecemento deste o 11 de abril de 1931.

O poder medicinal do espazo descrito, sorprende ao poeta quen recomenda afervoadamente as curas neste lugar. Non só o sanatorio senón todo O Grove parece participar das propiedades curativas. No segundo bloque da composición, sorprende a longa e, en xeral, ben documentada enumeración de topónimos locais. Raeiro, A Barrosa, O Castriño, Meloxo, Rons... demostran que nas semanas que Agustín de la Rosa pasou no Grove percorreu con calma o lugar, familiarizándose co territorio, un espazo que reivindica asociado sempre á saúde. O carácter medicinal do espazo descrito garda relación tanto co mar, como coa terra e o sol “capaces de curar las afecciones/ propias de tejidos depauperados/ y de ciertos sistemas fatigados”. Lémbrese que o propio autor tiña viaxado ao Grove tras quedar viúvo e que probablemente a viaxe procuraba o seu restablecemento, circunstancia, por outra banda, en absoluto infrecuente entre os turistas que, inda hoxe, se animan a visitarnos. Nótese, finalmente o tratamento que se lles dá ás “garridas mulleres” desta terra, asociadas ao traballo e ao sal “que el mar encierra”.

Canto de gratitud³

A la paradisiaca península de El Grove y a sus bondadosos moradores.

I

Unidos La Lanzada y San Vicente
por medio de un tómbolo dunoso,
integran un conjunto primoroso,
fantástico, sublime, sorprendente,
de playas, ensenadas y rompientes,
que hasta ayer solo fueron visitadas
por pobres y valientes pescadores,
que, para descansar de sus labores
buscaban una plácida ensenada
o una playa segura, remansada.
Mas hoy, las de La Lanzada son famosas,
porque en su berroqueño promontorio
está ya funcionando un Sanatorio:
¿Y las que hay desde El Raeiro a La Barrosa
a la vez bravas, mansas, deliciosas?
¿Y de estas a La Punta de El Castriño,
do se hallan verdaderos encantíos?
¿Y de aquí a la hermosa de Melojo,
preciosas como niñas de los ojos?
¿Y las bellas de Rons, que llamo Grovias
y no se borrarán de mi memoria?
El día en que podáis ser admiradas
por aquellos que tratan de estar sanos,
gozaréis el placer de ser amadas
de vuestros propios hijos y de extraños;
pues en cada uno de vuestros arenales
y en cada uno de vuestros peñascales
existe un manantial de radiaciones
marítimas, terrestres y solares,
capaces de curar las afecciones
propias de tejidos depauperados
y de ciertos sistemas fatigados;
tanto, que hablando de esto el otro día,
el Doctor Puente Castro me decía:
“Observando con GIL el actinismo,
de aquestas radiaciones luminosas,
pudimos ver, que son maravillosas
para tonificar los organismos
y provocar intenso melanismo;

añadiendo: en cada promontorio
debiera establecerse un Sanatorio.”

II

A San Vicente y Grove mis cariños;
por ser dos pueblos de trabajadores;
el primero, de humildes labradores
y el segundo, de bravos pescadores,
titanes de alma y corazón de niños.
Para vosotras, garridas mujeres,
de esta sin igual bendita Tierra,
y sobre todo a las que tejen redes
y atesoran más sal que el mar encierra,
mis respetos y un mundo de placeres.
Nada más, y estrechando vuestras manos,
hasta sempre, o dice un castellano.



Vida Gallega 30 marzo 1928
(Puente Castro).

O autor destes versos faleceu o domingo 6 de agosto de 1950. As composicións por el redactadas conforman un conxunto de valor literario máis ou menos discutible pero dun innegable valor simbólico pois forman parte do amplo corpus literario que o territorio meco ten inspirado entre os letraferidos que nalgún momento teñen pasado tempo en`tre nós. Non esqueza o lector que Eduardo Pondal, Emilia Pardo Bazán, Lueiro Rey, Aquilino Iglesia Alvariño, Martiño Sarmiento ou Ramón Otero Pedrayo teñen deixado constancia literaria da beleza destas costas.

³Poema redactado en setembro de 1935.

O ATAQUE PIRATA A ONS DE 1585

Por: Yago Abilleira Crespo

Seguindo con interesantes documentos do Marquesado de Mos-Valladares que se atopan no *Archivo Histórico de la Nobleza*, veremos a terrible razzia que sufriu a illa nese ano. Compre dicir que son máis de 120 follas, escritas a man en castelán antigo pero, por desgraza, a maior parte delas non fun capaz de lelas porque a caligrafía é terrible. Se alguén se quere animar a intentalo, con gusto lle paso copia da documentación. Os documentos son un preito contra dous veciños, ós que se acusa de colaboracionismo cos piratas.

Antes de centrarnos nos feitos, é preciso un marco histórico, pois é o que explica o que aconteceu en Ons. No ano de 1580 Felipe II de España é nomeado Rei de Portugal trala morte de Enrique I, o último da Casa de Avís. Pero moita xente non quería a Felipe coma Rei e decantáronse partidarios de Antonio de Crato, o que desencadeou unha guerra civil, que foi aproveitada por Francia e Inglaterra para atacar na sombra ó poderoso Felipe II. O Rei español pretendía o trono portugués xa que tiña dereitos de sangue (era neto de Manuel I de Portugal), e non dubidou en obter como fora as simpatías da alta nobreza portuguesa e facer a guerra. Parece ser que, ó referirse o trono portugués, o inquilino do Escorial dicía que “*O reino de Portugal herdeino, compreino e conquisteino*”.

A campaña militar na Península Ibérica non foi cruenta pois, a fin de contas, intentábase que a xente aceptase a Felipe II polas boas e, ademais, os partidarios do outro candidato tampouco loitaron ferozmente ante os temidos tercios do Duque de Alba.

Pero a cousa foi distinta nas illas Azores. Os partidarios de Antonio de Crato fixéronse fortes alí porque sabían que os terzos non chegarían facilmente. As Azores eran un punto estratéxico, pois estaban na ruta dos galeóns españois que viñan de América. Así que Francia aproveitou a ocasión para enviar alí barcos e homes, iso si, dicíndolle a España que eran voluntarios que actuaban por libre, pois non había guerra entre España e Francia. Tras duros combates en 1581, 1582 e 1583 as Azores quedaron baixo o dominio de Felipe II, sendo tratados os franceses coma piratas, o que implicaba a pena de morte, aínda que algúns lograron fuxir.

Os veciños de Ons, acusados de complicidade cos atacantes, eran Bartolomé Díaz e Juan de Ramos Díaz, irmáns. Ían en dorna dende á illa a Portonovo cando viron na praia de Melide a dous navíos. Aínda que estaba prohibido que a xente de Ons falara coa xente dos barcos foráneos, os irmáns din que se achegaron por orde de Don Antonio Sarmiento, dono da illa. Tanto os barcos coma as velas e aparellos semellaban portugueses, de feito, chamáronnos dunha das naves en portugués dicindo que traían trigo para vender, e que subiran a bordo. Unha vez no barco, viron que había catro franceses armados dentro, e tentaron fuxir, recibindo Bartolomé unha coitelada non mortal polas costas, á altura dos cadrís, logrou botarse á auga para tentar volver á súa dorna, pero apresárono e encerraron a ambos irmáns.

Os piratas saltaron a terra e roubaron todo o que puideron. Non quedaron contentos e prendéronlle lume a Ons, especialmente ás casas, ardendo entre outras á de Don Antonio Sarmiento, así como a igrexa. Non atopei referencias a danos persoais no pouco que puideron ler da documentación. Seguramente a xente botouse ó monte ou ós acantilados. Sendo poucos os piratas, non perseguiron ós poboadores para non deixar desprotexidos os barcos, pois un ataque dende Pontevedra ou dalgún barco da Armada que navegase pola zona podería capturar os navíos case sen pegar un tiro. Ademais, o fume chamaría a atención da xente en varios quilómetros á redonda.

Parecer ser que os piratas xa coñecían a illa, por ter vido anteriormente a venderlle teas ó Rector Don Jorge de Millara, polo que non precisaron da axuda de Juan e Bartolomé ou iso é o argumento que usan eles para demostrarse inocentes de colaboracionismo. Ambos irmáns acusaron a Andrés Pérez, habitante de Ons, de dicirlles cando se achegaban ó navío que el coñecía ós do barco e que eran xente do país e de paz, que so viñan a buscar auga e que non tiveran medo.

Todo parece indicar que estamos ante un grupo de portugueses partidarios de Don Anontio de Crato e uns franceses que os apoiaban. Conseguiron fuxir das Azores e andaban errantes coma simples piratas. Ignórase como acabaron.

Fonte:

España. Ministerio de Cultura y Deporte. Archivo Histórico de la Nobleza. Marquesado de Mos-Valladares, Caja 18, Documento 15.



GAIVOTAS URBANAS. TRAIADORAS DA MAR

Por: José Curt

Expresidente da Xunta Reitora do Parque Natural das Illas Cíes
Premio "Ciudad de Pontevedra" da literatura 1980.

En 1977 o Ministerio de Agricultura publicou un importante traballo de Felipe Bárcena titulado: "*Colonia de aves marinas en las isla Cíes*", de cuxo "resumen" transcribimos e extractamos: "*Las aves marinas que nidifican en las Cíes son: Gaviota argénteo (Larus argentatus) (sic) 4.200 parejas, resultando la mayor colonia censada hasta la fecha en España. Gaviota sombría (Larus fuscus) cuatro parejas. Arao común (Uria aalge) menos de 20 parejas y cormorán moñudo (Phalacrocorax aristotelis) 380 parejas*".

En 1985, cando por imperativos do meu traslado a Madrid sucedume na presidencia da *Junta Rectora* o propio Felipe Bárcena, o panorama faunístico, creio recordar porque escribo de memoria, podería ser o seguinte: gaviota patiamarela (*Larus michahellis*) (nova denominación da antiga e citada gaviota argénteo), unhas 15.000 parellas; gaviota sombría unha dúcia de parellas, ningún arao común e a poboación de cormorán moñudo estable con arredor das 400 parellas. Este último dato é moi significativo porque suxire que de ser próspero o Parque de Cíes, o censo de cormoráns máis que manterse tería que crecer moderadamente. Unha mostra máis de que hai amores que matan ou, polo menos, de que algo non funcionou como debería.

A abundancia de patiamarelas en Cíes, cunha poboación practicamente cuadruplicada sobre a inicial en menos de 10 anos, non representa, en absoluto, un triunfo da natureza nin un éxito da xestión do Parque senón, pola contra, un patente desequilibrio faunístico no que unha senlleira ave mariña se transforma en urbana ao descubrir unha nova, pródiga e accesible fonte de alimentos: o lixo dos próximos vertedoiros da cidade de Vigo en lugar da tradicional estampa mariñeira das gaviotas comendo descartes de peixe nas lonxas ou seguindo a estela dos barcos pesqueiros coa mesma intención. Pola súa parte, o

ocaso do arao ata a súa extinción, na que sen dúbida tiveron un especial papel as gaviotas depredando sen freo nos seus últimos niños, incide na traxedia de inestabilidade que se xerou, por exceso de coidados oficiais, no superávit dunha especie de gaviota á que o arquipélago das Cíes xa lles quedaba pequeno porque, lisa e llanamente, non cabían no seu "illado" e limitado entorno. A inmediata exportación destes excedentes estaba cantada: a febril conquista das cidades costeiras para nidificar e a súa distribución por todos os vertedoiros do interior da Península Ibérica. Un fenómeno de enorme importancia ecolóxica xestado e consolidado no último medio século, como pronto veremos.

Pero no irreparable desequilibrio poboacional das gaviotas temos que romper unha lanza polos membros da *Junta Rectora* e polos xestores do Parque de Cíes que pronto se deron conta do problema e



A foto ten máis de 40 anos e está tomada polo autor deste artigo en Cíes. Uns fementos polos de patiamarela asedian a un rapaciño esperando roubarlle a merenda....

intentaron solucionalo baseándose en remedios contrastados que estudáramos a fondo. Coñeciamos que en Cataluña, nas xerundenses illas Medas, os conservadores daquel Parque controlaban o censo de gaviotas coa axuda duns voluntarios que, cubo e xiringa en man, inxectaban nos ovos unha solución concentrada de sosa cáustica que mataba o embrión e impedía que as gaviotas realizasen novas postas de reposición pois seguían incubando os mesmos ovos, malogrados, durante toda a

tempada de cría. Xa, xa sei que o sistema ten un tufillo un tanto cruel pero de quitar do niño os ovos, como recomendaban algúns, o problema persistiría sen solución. E dende logo, impoñíase tomar medidas porque neses momentos a mortalidade de polos ascendía naturalmente ao 50% por inanición ou saturación ambiental e as gaivotas superviventes, presas da fame, comezaban a roubar irradamente a comida aos visitantes de Cíes, que, en número de 700 diarios, non tivemos máis remedio que autorizar, aparte da poboación fixa residente no cámping cieño. Demasiada xente nun pretendido santuario da natureza e corto aforo a xuízo de quen, nun sorprendente síndrome de Robinsón Crusoe, puxeron de moda as illas como destino turístico cada vez máis popular e accesible. Pero hai que dicir que iso de urbanizar a natureza, aínda que hoxe estea de moda, e crítico non sexa “politicamente correcto”, supón o maior atentado ao medio ambiente que sufriu na historia. Aínda que xa é tarde para emendar tantos erros cometidos.

Consciente a *Junta Rectora* da impopularidade do proxecto de regulación poboacional que intentabamos desenvolver, non apto para sensibilidades alleas ao ecoloxismo obxectivo, decidimos facelo co consello da Universidade de Santiago para contar co maior respaldo científico posible e, dentro do desexable, coa maior discreción sen deixar por iso de informar á opinión pública aínda que como soe ser habitual nestes casos o intentásemos por medio de comunicados descafeinados á prensa e a outros medios informativos. A resposta non se fixo esperar, primeiro o “Faro de Vigo” publicou que en Cíes íanse a “asasinar” os polos de gaivota coa complicidade da *Junta Rectora* e os demais periódicos rexionais fixéronse eco da noticia chagando algúns a esixir que, se non había comida para as súas gaivotas na illas, se puxeran comedeiros suficientes para garantir a súa manutención. Incluso algún periodista, hoxe querido amigo e entón moi belixerante, chegou a publicar que Cíes funcionaba esmagada pola bota militar, en clara alusión á profesión de quen subscribe, á sazón profesor na Escola Naval Militar de Marín. E dado o clima resultante, tan axitado, o proxecto de regular as gaivotas quedou en suspenso e o Parque de Cíes continuou fabricando polos mortos nunha alta porcentaxe ata que a natureza unha vez máis se tomou a xustiza pola súa man e decidiu solucionar o problema á súa maneira.

En efecto: un día da primavera de 1977 Felipe Bárcena máis eu vimos nidificando a poucos metros da lonxa de Malpica (A Coruña) a unha parella de patiamarelas, nun lugar xa tan humanizado que en nada tiña que ver co clásico acantilado das illas Sisargas, onde a gaivota pasou séculos criando nas súas soidades. No ano 1981 descubrimos o doutor Guimerá máis eu outra parella de gaivotas patiamarelas nidificando a máis de 100 km. da costa, na gaditana lagoa do Taraje, no termo de Espera. Ninguén sabía que facía por alí ese par de “desprazados” convivindo cos touros bravos. Nin tampouco o seu propietario, o popularísimo Bertín Osborne que, por certo, é un tío moi simpático e, de paso, un avezado ornitólogo. Nos anos seguintes, varias patiamarelas fixeron o niño e sacaron adiante á súa prole instalándose no Parque Zoológico de Barcelona, xunto aos hipopótamos e os leóns, alimentándose dos seus restos de comida ou roubándolla aos seus veciños. Mireino eu.


Pero o bautismo oficial da primeira gaivota urbana débese ao veterano naturalista e entrañable amigo Estanislao Fernández de la Cigoña que publicou en “Faro de Vigo” a primicia de que na primavera de 1983 unha parella de patiamarelas fixera niño e instalado á súa familia no 5º piso dun vetusto edificio lindeiro coa Maxistratura de Traballo situada na Porta do Sol de Vigo,



Trátase dun documento gráfico de suma importancia xa que representa á primeira gaivota que aniñou dentro da cidade de Vigo, en 1983. Foto cedida por Estanislao Fernández de la Cigoña, a quen agradecemos a cortesía.

cuxos funcionarios, de paso, selaban un innovador e perigoso pacto “contra natura” cos “okupas” ao compartir con eles o bocadillo e outros *condumios* caseiros. Outro naturalista histórico e tamén querido amigo, Andrés Bermejo, anelou esta primeira gaivota cidadá da historia da ornitología española, o primeiro polo urbano, que se botou a voar en xullo. Que sería del? Sentaría praza de observador aéreo ou conseguiría traballo como cantor de grillados, pregoeiro de cazallas e outros beberaxes para gorxas cimarronas?

Non podo precisar a data exacta pero polo menos 40 anos atrás, meu fillo Luís máis eu descubrimos na lagoa manchega de Pedro Muñoz un polo para nós totalmente descoñecido pois tratábase dun inmaturo de *gaivota reidora* que ata entón non se tiña noticia da súa nidificación en España. O seu crecemento foi vertixinoso e exponencial, tanto que actualmente o censo de gaivotas invernantes de varias especies en vertedoiros e lagoas próximas a Madrid estímase en 300.000 individuos e todos os anoiteceres vemos sobrevoando a Capital, a gran altura, unhas bandadas de gaivotas que se dirixen ao próximo Norte, aos durmideiros de El Pardo, que para algúns totalizan os 100.000 exemplares. Nin que dicir ten que onde caen estas famentas hordas se acabaron os insectos, os anfibios, réptiles, pequenas aves e roedores porque todos sucumbiron vítimas da súa incontrolable voracidade.



Varias *gaivotas reidoras* toman o sol nun tendido eléctrico como se foran vulgares gorrións. Unha vergoña!!! Foto: José Curt.

Eu non teño espazo para pormenorizar nos prexuízos que as gaivotas transplantadas do seu medio natural mariño ao da cidade causan. Entresaco, a *vuelapluma*, que actualmente –nunca é tarde pero esta vez si- se están eliminando ovos en Cíes (por fin!!) e noutros enclaves para regular a expansiva poboación de gaivotas. Que moitas cidades costeiras teñen que

soportar nos tellados e faiados a crianza dunhas aves cada vez máis abundantes con cuxas demoledoras dexeccións estragan a pintura de coches, vestiario dos viandantes e mobiliario urbano poñendo en xaque ao ramo da hostalería que ven como a tranquilidade de bares e terrazas desaparece baixo a raspiña dunhas aves que perderon o medo ao home.

En fin, leo que en non sei que sitio se tiveron que empregar falcóns para escorrentar ás irascibles gaivotas urbanas; que en Cíes desapareceron os réptiles illeiros, que os ataques a persoas repítense en época de cría de forma alarmante, que un avión tivo que realizar unha aterraxe de emerxencia tras chocar cunha bandada destas aves. Y non sigo: entrede en internet nun buscador co epígrafe “*Daños de las gaviotas en ciudades*” ou similar e poránsevos os pelos de punta.

E ultimamente asisto, asombrado, ao debate de que hai que prohibir a caza e me digo que sen un acordo cos cazadores un problema moi similar ao das gaivotas, o do crecente número de xabarís irrompendo no urbano e saturando o medio natural, carece de solución. Por moito que reaparezan os iluminados que piden, con outras palabras pero parecidas intencións, que en lugar de cazalos a *cartuchazos* antes de que nos coman, se “lles poñan comedeiros” e o poño entre comiñas para que ninguén dubide do sentido metafórico que encerra a frase.



“EL MORENO DEL LÉREZ”. Libro de José Curt Martínez. Clan Editorial.

En las páginas del Moreno del Lérez apreciamos una serie de valores que van más allá de la escopeta y de la caña: la descripción de escenarios naturales, una peculiar filosofía de vida y un lenguaje especial, ligado precisamente a los usos y costumbres del campo y de sus gentes. Este libro transcurre en una Galicia secreta, salvaje y remota. Una esquina de España en la que la vida ha sido siempre de una dureza especial y donde la supervivencia ha estado a veces por encima de la ley. El Moreno, pescador y cazador con aptitudes excepcionales, con gran conocimiento del medio y un inusual talento natural, bordea la marginalidad porque la sociedad de su tiempo no le ofreció mejor lugar. Esta condición extrema se refleja en su lenguaje, muchas veces tremendista y procaz, pero también lleno de gracia y de puntería verbal. La suya es un habla sin domesticar, propia de alguien que tuvo que arrancar con las manos desnudas sus presas a la naturaleza, dando lugar a lances de caza y de pesca que a menudo rayan en lo increíble.

GUERRA NAVAL E O CORSO NAS COSTAS GALEGAS, S. XVI E XVII

Por: Ramón Patiño Gómez

O Reino de Galicia nos séculos XVI era un reino no NW peninsular que estaba sufrindo un proceso de cambio no que a nobreza comezaba a perder o seu poder fronte á Coroa. O descubrimento de América e a súa relación cos novos territorios vai ser importante para os pequenos portos que se dedicaban á pesca e ao comercio marítimo de cabotaxe a pequena escala.


Coa subida ao trono de Carlos I de España, V de Alemaña, comeza a loita pola hexemonía territorial en Europa. O noso principal adversario foi o Reino de Francia, durante este século se produciron seis guerras con esta monarquía, escasamente separadas por apenas cinco anos entre elas. Esta situación mantívose ata finais do século XVII.

Pola súa situación xeográfica Galicia estaba na ruta principal da expansión europea, era o paso obrigado das Armadas e navíos comerciais europeos. Todo iso provoca o cambio hexemónico do Mediterráneo ao Atlántico, causa fundamental deste cambio foi o reparto das mercadorías americanas que chegaban a Sevilla e Lisboa. O Atlántico converteuse no escenario de liortas entre España, Portugal, Francia e Inglaterra. Os primeiros mantendo a súa relación co Novo Mundo co monopolio que imponían e os outros intentando ter algún beneficio. En primeira instancia Inglaterra e Holanda trataron de intervir neste comercio mediante persoas interpostas. Existen moitos documentos que nos falan do control que os estranxeiros

posuían en ambas cidades e a súa presenza era *vox populi*. De feito dicíase que “*España tenía sus indias y los reinos del Norte las suyas en Sevilla y Lisboa*”. Tal era así que no 1595 investigáronse máis de 63 casas comerciais que resultaron se levadas por homes de palla de holandeses, zelandeses e ingleses.

Todo este movemento comercial atraeu navíos corsario. O corso era practicado por particulares, mercantes artillados, como calquera outra actividade comercial, coa autorización e apoio das monarquías. O seu obxectivo era debilitar ao inimigo e beneficiarse das riquezas provenientes do comercio alleo. O corso foi cruel e arriscado pero non sanguinario, iso quedaba para os piratas. En augas galegas o máis perigoso era caer en mans dos berberiscos que che condenaba á escravitude senón mediaba un rescate, algo bastante difícil de conseguir.

Francia, a sempiterna inimiga de España, fomentaba que se armasen barcos para atacar as rutas comerciais españolas dende mediados do século XV (1439 segundo o *concejo* de Viana).



Ata ese momento só se documentaban presencias esporádicas de navíos musulmáns do sur da península Ibérica, e de normandos en peregrinación a Roma ou Palestina. O corso como “industria” iniciouse coa intervención de franceses, que comezaron vindo ao noroeste peninsular a vender cereais e logo da súa venda completaban a campaña coa captura de presas, destacando os Bretóns e os de La Rochela.

As costas galegas non estaban preparadas para defenderse e así os corsarios franceses andaban por elas ás súas anchas interferindo o comercio marítimo e utilizando as rías e enseadas para descansar, abastecerse e reparar as súas embarcacións. As rías de Vigo e Pontevedra foron usadas para fondear as súas capturas e moito máis as illas atlánticas. Todo iso, como denuncian documentos da época, coa complicidade dalgunhas autoridades locais que sacaban o seu beneficio co aprovisionamento das tripulacións dos navíos corsarios, máis numerosas do normal para poder *amarinar* (poñer unha pequena tripulación propia no navío apresado baixo o mando dun cabo de presa) os barcos capturados.

As peticións de Armadas para expulsar aos corsarios foron numerosas, pero en todo o século soamente actuaron 19, que se formaron a gran maioría alugando navíos de particulares durante un tempo. Nestas formacións interviñeron moito os vascos. Pero non tiveron moito éxito, pois misteriosamente cando aparecían estas non había corsarios e cando se ían ou se desmontaban, volvían os ataques. Deste período destaca o combate ocorrido na ría de Muros no 1543 entre unha Armada española ao mando de Álvaro de Bazán (o vello) contra unha numerosa frota corsaria francesa, o que non impediu que ao ano seguinte outra frota atacara Fisterra e o seo de Corcubión.

A partir de mediados do XVI a situación era a seguinte: Presenza de numerosos navíos franceses que realizaban auténticas campañas xuntando as súas presas e ao finalizar estas levábanas a Francia aos seus portos de orixe onde se vendían coas mercadorías. En Ons xeráronse varios preitos polo reparto das mercadorías das presas naufragadas e pola axuda que algúns residentes ofrecían aos corsarios que máis dunha vez asaltaron a Illa. Ou o do navío francés que cerca de Marín tira ao mar a un portugués atado e que visto polas autoridades galegas estas apresan aos corsarios cando baixan a terra e mándanos ao cárcere e a galeras. Tamén estaban os berberiscos, musulmáns, que viñan preferentemente na procura de cativos para vendelos no norte de África. Xa dende o século XI asolaban Galicia entre abril e novembro e a partir de 1569 aumentan o número de aparicións con auténticas frotas. Chegouse a afirmar que as illas atlánticas: “*eran habitación ordinaria de galeotas berberiscas*”. Un pouco máis tarde aparecen os corsarios ingleses, a partir de 1570, con actuacións moi sonadas, que moitas veces eran apoiados por Armadas Reais, como foron as de Drake no 1585 e 1589.

Coa unión das Coroas de Portugal e España no 1580 a presenza de corsarios aumentou polo apoio dos reinos europeos ao Prior de Crato. As Armadas destes reinos non actuaban directamente senón que os monarcas utilizaban aos corsarios para prexudicar o comercio marítimo de españois e portugueses.


No que respecta á influencia nas poboacións costeiras da presenza do corso, esta é diferente segundo a zona xeográfica.

Había dous portos principais, Baiona e a Coruña, vilas as dúas de reguengo. A Coruña estaba fortificada o suficiente como para impedir que a súa baía fose utilizada libremente polos corsarios, mentres que Baiona non podía controlar que estes utilizasen con gran comodidade e seguridade a ría de Vigo, a ría de Pontevedra e as illas atlánticas. Nesta zona tivo unha grande conexión o corso e a actividade económica, xa que se estimulaban tódolos sectores relacionados co aprovisionamento dos navíos corsarios e as súas tripulacións.

Todos os informes ao Rei por parte das autoridades deste período inciden en que hai demasiados portos para controlar e fortificar, a pesar que dende 1556 se intenta poñer remedio á defensa da costa mediante fortíns noutras zonas. Por aquí pasan os grandes enxeñeiros de Felipe II, como Fratin y Spanochi, pero as súas recomendacións non son levadas a cabo salvo as referentes a Coruña e Baiona.

Co comezo do XVII o corso continuou estando presente, e para combatalo se conceden permisos temporais aos naturais (1601) pero sen moito éxito, salvo intervencións puntuais de frotas vascas. En outubro de 1605 Diego Grijalba, dende Baiona, informa que dous navíos estiveran polas illas da costa galega facendo moitas presas arredor delas e que unha das apresadas o fora na ría de Pontevedra cargada con 600 caixas de azucre, 2.000 quintais de palo, moito ámbar e diñeiro: “... *cosa bien lastimosa y de harta vergüenza para todos...*”. Por estas datas en Pontevedra existían seis casas comerciais estranxeiras. Ao corso xa coñecido únense os holandeses, Provincias Unidas, que están no seu proceso de independencia, con aparicións esporádicas de armadas como en 1607 na ría de Vigo.

En 1617 prodúcese unha campaña berberisca na que atacan a ría de Vigo, sufrindo estes ataques con gran virulencia Domaio e Cangas. As poucas forzas galegas existentes preocupáronse máis de defender Pontevedra, pois os seu informes dicían que era o verdadeiro obxectivo. Os berberiscos estiveron varios días sen oposición ata que se marcharon cara ao norte a continuar as súas capturas, conseguindo moitos máis cativos en Portonovo, o Grove e Corrubedo. As súas incursións ían



cada vez máis ao norte chegando incluso en 1627 ata Islandia. Os musulmáns adoitaban por esta época armar dúas frotas ao ano, unha para ir ás costas italianas e outra para vir a Galicia e continuar ata o Canal da Mancha e Irlanda. Os habitantes deste última eran moi apreciados: “... 18 navíos han partido de aquí en dos bandas con intención de hacer sus corsos, la una va a la costa de Italia donde les han avisado que hay bellas presas que hacer, la otra al mar irlandés, donde ellos esperan hacer gruesos botines, especialmente de los grandes cuerpos de irlandeses e irlandesas fuertes propios para todo tipo de trabajo cuando adquieren disciplina...”.

O ataque a Cangas volveu a poñer sobre a mesa o asunto da defensa das costas.


Pero o máis destacable é que no 1621 autorizase a práctica do corso (Felipe IV). A Coroa española, por cuestións relixiosas, sempre foi contraria a esta actividade, aínda que en momentos puntuais e temporalmente alentouno, como no 1498 Fernando o Católico, no 1525 la raíña Juana, no 1536 Carlos I e en 1601 – 04 Felipe III. A autorización real di de facer a guerra: “*contra turcos, moros como a mis rebeldes de las islas de Olanda y Zelanda*”, mentres que os corsarios franceses e ingleses quedan dalgunha forma fora por ser considerados ocasionais e relacionados coas guerras “oficiais” da Coroa española. Noutra cédula de 1624 recóllense baixo a referencia de: “*enemigos de su real corona*”.

A actividade corsaria era grande e por esas datas as autoridades galegas refiren que os inimigos: “*suelen enviar no armadas formadas sino corsarios sueltos*”, e se queixan ao Rei informándolle de que están de continuo ao asexo dos portos, que os pescadores non poden pescar e que os tratantes non poden acudir aos seus tratos a Lisboa e Sevilla, co que cesaba o comercio e se ían despoboando os lugares marítimos.

Dende 1630 a 1660 os navíos corsarios no sur de Galicia, rías de Vigo e Pontevedra, son tan numerosos que a Monarquía Inglesa quíxase das súas actuacións e logo ataca bloqueando a ría de Vigo (1642 e 1652); o mesmo fan os holandeses, en apoio de Portugal dende 1640, combatendo este corso e bloqueando a mesma ría no 1663 e en 1668, e influíndo na guerra

Portuguesa-Española que xera no 1665 a conquista por parte de Portugal do sur da ría de Vigo. A forza deste corso queda perfectamente plasmada no 1654 cando o corsario John Colarte ofendido porque se lle roubaran mercadorías das súas presas fondeadas, canonea Vigo antes de partir para Francia. A zona meridional, preferentemente a ría de Vigo, era moi coñecida e apreciada polos mariños franceses, de aí que no 1668 xa propuxeran ao seu Rei Luís XIV que trocara esta ría por territorios franceses en Flandes, para convertela nunha base naval gala.

A convivencia cos corsarios europeos era palpable así como o temor aos berberiscos, de tal maneira que no 1675, ante a aparición de velas no horizonte, presumiblemente moras, a poboación de Portonovo fuxe ao monte. A presenza de berberiscos (Argel, Salé,...) con importantes campañas no 1677 e 1679, de ingleses católicos, de franceses de Burdeos, Brest, Nantes e Saint Malo, facían bastante perigosas as costas galegas. Ao final do XVII os franceses convertéronse en aliados da monarquía española de Carlos II, decae o corso francés e pásase a depender dos navíos de Francia, ante la decadencia naval española, para protexer as frotas da Carrera de Indias e entón prodúcese a destrución da frota de 1699, ao mando de Manuel de Velasco, que é destruída na ría de Vigo por armadas anglo holandesas na coñecida como a Batalla de Rande en outubro de 1702, pero ese é outro tema.



COLABORA:



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

APUNTES BIOGRÁFICOS DO TELEGRAFISTA ABEL FIAT PAUL 1892 - 1980

"O CAMBIO QUE REVOLUCIONOU O GROVE"

Por: Francisco Meis



Os avances e o progreso que facemos día a día débense ás achegas que unhas persoas ou outras van construíndo ao longo da súa vida. Uns déixanse ir e forman parte da masa anódina da sociedade e outros, grazas á súa vontade, interese, e vocación social axudan á comunidade na que viven. Deses última condición chegou a O Grove un telegrafista nos anos vinte do século XX que contribuíu, dende a súa posición laboral, a mellorar as condicións de vida dos seus veciños. Residiu soamente tres anos que foron suficientes para impulsar un proxecto que cambiaría a vida para sempre de todos eles.

O mozo Abel nace na industriosa cidade de Bilbao no ano 1892. O seu pai, un hábil escultor nacido en Igualada, casarase coa pianista barcelonesa María Dolores Paúl Bargallo. A infancia transcorrerá na cidade vasca en compañía dos seus tres irmáns ata que con 16 anos oposita ás prazas de telégrafos do Estado. En agosto de 1908, con moita ilusión e cheo de xuventude, chega a Madrid para presentarse ás oposicións que terían lugar nun local do almacén da Dirección Xeral de Telégrafos da rúa Galileo. Aproba, pola provincia de Zaragoza, o paso ao corpo funcional do Estado.

O 12 de marzo de 1909 noméano oficial quinto do Corpo de Telégrafos iniciando un variopinto periplo de

ciudades españolas que o levarían a trasladarse de Irún a Granada no inverno de 1911. Nese mesmo ano volve a trasladarse de Granada a Alhama de Granada e a finais a Alxeciras, para volver á provincia de Zaragoza en 1912 en onde levará o posto telegráfico do Mosteiro de Pedra.

O vello Monumento Nacional, fundado en 1194 por monxes cistercienses, marcaría na súa memoria a noite do 22 de setembro de 1912 durante a cal unha tormenta desaugou o indíxible de raios e tronos sobre o edificio que por aquelas datas albergaba no seu interior unha estación telegráfica dirixida por Abel. A emisora rematou completamente estragada polas fortes descargas que asolaron o mosteiro e a caída dun raio afectoulle levemente provocándolle varias contusións que non pasaron dun prognóstico médico sen maior importancia. Aínda que en realidade, non todo foron contratemplos nin desgrazas, porque precisamente ese mesmo ano contrae matrimonio con Amalia Calvo Induráin, coa que tería tres fillos: Tomás, María Dolores e Elisa Fiat Calvo.

Os anos en territorio africano

En decembro de 1913, Abel volve a viaxar cambiando de destino, fixando a súa residencia como oficial en quinto grao na cidade condal en onde traballaría uns meses antes de ser trasladado á zona do Protectorado en Marrocos a principios do mes de xullo de 1914. Primeiramente, o Ministerio envía a Nador, a onde o acompañará a súa muller Amalia que en plena Campaña de Marrocos dará a luz a un fillo varón, Tomás Fiat, en 1915. O período que comprende entre a súa entrada en 1914 ata a súa saída en 1917 serán anos de relativa pacificación



Abel Fiat 1918 - Vitoria



Abel Fiat destinado en Nador. 1915

no Protectorado motivado polo estalido da I Guerra Mundial que obrigou ás forzas españolas a non desprezar ningún tipo de actuación militar no territorio para non chocar contra os intereses franceses que participaban activamente na Gran Guerra e así evitar repercusións bélicas no país. Abel vivirá primeiramente en Nador e máis tarde, terra a dentro, na vila de Zeluán.

O seu novo traballo situarase na oficina de telégrafos de Zeluán, a primeira estación que se instalou no Riff. Nesa pequena vila coñece ao avogado, escritor e periodista José Pinto Maestro, o mesmo que escribira a letra do himno da cidade de León - un dos primeiros himnos nacionais con letra - e que no mes de agosto de 1916 atopábase en compañía de Abel contemplando dende as portas da oficina de telégrafos, a vella Alcazaba de Zeluán.

Pinto Maestro deixaríanos escrito a impresión que lle producira o xoven telegrafista: *“Me han presentado días pasados al cultísimo oficial de Telégrafos civiles, D. Abel Fiat; es D. Abel no muy alto sin tocar al extremo contrario, sus ojos cuyo brillo se esconde tras los anteojos, tienen una extraña e inusitada animación y es su hablar cálido, vehemente y entusiasta. El Sr. Fiat conoce a la maravilla el espíritu de los moros, ha sabido captarse sus simpatías y cuando hablan con él desaparece todo recelo, muéstranse francos y abiertos, bajo un aspecto completamente nuevo para mí”*.

A partires de 1919 o General Berenguer emprende un novo ciclo expansivo de colonización en Marrocos dando pé a novos avances militares, pero para aquela, e todo o que ocorreu máis tarde co desastre de Annual, xa foron episodios que non collerán ao noso biografado en territorio africano. Abel marchara destinado á cidade de Vitoria en 1917. Nesa urbe nace a súa segunda filla María Dolores Fiat Calvo e obtén unha mellora laboral ao ascender a oficial cuarto. Durará moi pouco tempo a súa estadía na cidade vasca debido a que en 1918 o Ministerio vólveo a cambiar de destino trasladándoo á capital de España en onde vivía e traballaba o seu pai, o escultor e construtor, Tomás Fiat Savall.



El escultor Tomás Fiat Savall

O suceso da Rúa Fuencarral


Na cidade madrileña desempeñará o seu cargo de oficial de Telégrafos ata 1921 e durante eses catro anos houbo, polo menos, dous momentos que quedaron gardados para sempre no mozo telegrafista. Un deles foi o nacemento do seu terceiro e último fillo, unha rapaza chamada Elisa Fiat Calvo que naceu o 30 de setembro de 1919. E o outro, un ano máis tarde, no mes de setembro de 1920 embazando a celebración do aniversario do nacemento do seu terceiro fillo.

Nesas datas trasladara a súa vivenda dende o edificio en onde albergaba as oficinas o seu pai na rúa *Corredera nº 1*, á concorrida rúa *Fuencarral*. Dadas as ocupacións da familia contratara para as tarefas diarias da casa a unha rapaza chamada Petra que era a encargada de manter en perfecto estado de limpeza as dependencias. A súa abnegación e profesionalidade na procura dunha limpeza extrema das habitacións obrigoulle a sanealas levándose consigo 200 pesetas da época e o reloxo da súa muller valorado noutras 40 pesetas. Denunciou o seu roubo pero, a verdade, é que non sabemos se chegou a recuperar o que lle furtara a criada.

O cambio que revolucionou O Grove

Co comezo dos anos vinte, aqueles loucos anos, catapultaron a Estados Unidos como o impulsor da economía mundial mentres Europa aínda se despreguizaba lentamente. O novo desenvolvemento de novos sectores de produción como a organización do traballo, o nacemento dos *holdings* empresariais ou as novas fontes de enerxía como a electricidade foron decisivos nesa década. O municipio do Grove tampouco sería alleo ao devir do progreso e chegaría a luz, precisamente neses tempos, da man dun industrial asturiano afincado en Sanxenxo.

O 9 de decembro de 1923 a corporación local de O Grove, presidida por Joaquín Álvarez Lores, acordou na Xunta de Goberno Local conceder ao empresario Justo Guisasola, a autorización que solicitara para emprender a instalación



Justo Guisasola. Vida Gallega

dun tendido de cables de baixa tensión. Foi o comezo dun cambio evolutivo definitivo na concepción da vila, que abría unha nova maneira de concibir os espazos para todos aqueles veciños. Arrastraba unha imaxe antiga na que se botaba de menos algunha fonte pública que cumprise unhas condicións mínimas de ornato, os camiños eran estreitos e mal coidados, a limpeza das súas rúas inexistentes e o nomeamento do novo alcalde fará cambiar máis de trinta anos do poder absoluto da familia Goday que paralizara a vila nun lento sopor. Con ganas, acompañado dun gran interese por variar todo aquilo, a xuventude e as directrices do novo rexedor conducirán, de forma paralela ao rexurdir económico daquela época, a un tempo de prosperidade para o municipio.

Queda para os anais da historia do Grove aquela noite dun domingo, 11 de xuño de 1924, na que por primeira vez as rúas máis céntricas do municipio, posiblemente a Carrela (Luís A. Mestres Hernández), a Praza de Arriba ou a rúa Principal (hoxe Concepción Arenal), foron iluminadas con potentes focos de deixaron a moitos veciños sorprendidos ao contemplar aquela nova imaxe nas rúas de toda a vida. A luz eléctrica chegara para quedarse.

O novo telegrafista destinado ao Grove: o impulsor

O tempo se encargara de ir esquecendo a todos aqueles que dunha maneira ou outra foran partícipes daquel domingo de 1924. Alí estaba, entre eles, un personaxe que aínda que residiu pouco tempo entre nós, soubo tomar todo o seu empeño e vontade por contribuír a que o municipio se subira ao tren do progreso. No mes de febreiro do ano 1924 destinan para O Grove ao mozo cabo de telégrafos Abel Fiat Paul. O empregado público desempeñará o seu labor nunha das últimas casas da actual Pablo Iglesias, moi preto de onde se abría a estrada á enorme praza que bañaba as augas da praia do Hospital.

Este pequeno gran home chegará a ser unha peza clave na electrificación do municipio debido ao moito que contribuíu, coa súa constancia e tenacidade, a que a empresa de Justo Guisasola montase os postes necesarios para facer chegar a luz a vila.

“Son grandes las alabanzas que los habitantes de este olvidado rincón, prodigan a la aludida empresa. No podemos olvidar, al trazar estas líneas, la activa gestión del entusiasta vecino don Abel Fiat, jefe de esta estación telegráfica, a quien se le debe esta mejora por la presión tenaz y constante que unió ejerciendo acerca del señor Guisasola hasta conseguir del mismo el acuerdo de realizar las obras de instalación.”

A inauguración fíxose e a luz eléctrica chegou aos puntos máis céntricos, a xente arremuiñada nas rúas poeirentas falaba dese novo fenómeno, da tardanza con que chegara ás súas vidas e de tantos outros temas banais ou importantes, mentres, Justo Guisasola levaba ás súas numerosas amizades e a cantos lle favoreceran durante as instalacións levadas a



Abel Fiat 1927 - Pontevedra

cabo dende o comezo das obras, a un lugar en onde gozaron dun espléndido e rumboso banquete que pechaba aquela noite única, para moitos, de verán de 1924.

A luz foi unha innovación que trouxo o progreso a vila do Grove o que motivou que aquelas persoas con suficiente capital contratasen os servizos da empresa subministradora. No mes de abril de 1925 á igrexa parroquial de O Grove substituíu a iluminación das candeas e as lámpadas de aceite, por unha gran luz eléctrica coincidindo co setenario da Virxe dos Dores. Unha luminosidade brillante e ampla resplandeceu como nunca antes ocorrera sobre as lápidas que salpicaban o chan de pedra, proxectándose en todo o espazo da nave. A luz debuxaba os arcos de bóveda de canon creando un espazo que afastaba a luz amortuxada e lánguida que ambientara aquel espazo de silencio durante varios séculos.

En realidade, e en sentido estrito, o fenómeno da electrificación xa era coñecido na provincia de Pontevedra e incluso, aos grovenses, non lles era indiferente. En 1888 a cidade de Pontevedra converteuse nunha das primeiras que comezou a mudar o seu vello sistema de iluminación por unha rede eléctrica, anticipándose con iso a moitas cidades españolas. Detrás de tal iniciativa estaba precisamente o político e empresario José Riestra López – O Marqués de Riestra – que logrou que a súa cidade fose, tras Girona, das primeiras en contar co alumeadado eléctrico. Aínda que, certo é, que tardaría en asentarse a luz en urbes galegas como por exemplo Santiago en onde, un

enseñeiro dunha casa alemana viría a estudar a súa instalación nos albores do ano 1900. Galicia realmente, en termos xerais, vivía nunha perpetúa escuridade manchada pola luz tenue do acetileno e as lámpadas de aceite.

A finais do século XIX, os farois eléctricos comezaron a substituír paulatinamente aos acendedores de gas e ás lámpadas, nunhas grandes poboacións en onde, con franqueza, a vida nocturna como a entendemos hoxe era moi limitada. Certamente que no pequeno municipio do Grove *aínda tardou bastantes anos en instalarse como acabamos de comprobalo pero, sendo exactos, a luz estaba realmente moi próxima. Todos aqueles que traballaban nas instalacións balnearias de A Toxa, vían como varios lugares do balneario iluminábanse ao anoitecer. Alí o Marqués quixo destacar ao complexo balneario dando luz eléctrica ao Gran Hotel, Palacio Comedor e incluso ao entorno do xardín e balneario antigo. Toda esa innovación xurdía dunha central eléctrica radicada aproximadamente na estrada que está detrás da actual capela de San Caralampio.*

A despedida

En agosto de 1925 o xefe a estación de telégrafos do Grove, o mozo Abel, muda a tranquilidade do pobo pesqueiro do Grove polo trasfego da vella cidade pontevedresa a onde non tardará en chegar o seu pai, cansado, vello e enfermo de tantos anos de empresario. En realidade, a súa vontade obrigáballe *a reencontrarse nos últimos anos con aquel fillo co que quería deixar transcorrer os derradeiros días. A viúva e o resto da familia daríanlle sepultura no cemiterio de San Benito de Lérez* durante o mes de agosto do ano seguinte, e alí, á sombra da igrexa, repousan os seus restos hoxe en día. A vida de Abel continuará moitos anos mais pero xa moi lonxe do Grove. ao que non sabemos si algún día regresou para recordar aquela vida de acetileno e aceite que axudou a transformar un domingo do verán de 1924.

Adicado a Pau Parés Fiat e a súa nai, Elisa Fiat Calvo, testemuña viva daquel día.

AS PROTESTAS DOS CAPITÁNS *RÍA DE AROUSA (III)*

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

Seguindo co tema que describimos durante os anteriores números desta revista, vou a entrar agora noutros episodios que nos serán máis recoñecibles, en canto a que se desenvolven total ou parcialmente na Ría de Arousa, narrados por dous patróns de Galeón e rexistrados polo notario do Caramiñal D. José Gabriel de Marcos.

Antes de nada, debo facer unhas consideracións sobre os galeóns. Estes buques miden entre nove e doce metros de eslora, por tanto están un chanzo por debaixo do quechamarín que mide 16 ou 17 metros de eslora, e por iso dedicábanse a travesías máis curtas xeralmente entre as Rías. Despois dun repaso de hemerotecas e protocolos notariais, atopamos que entre as mercadorías que transportaban atopábanse: barro, tellas, papel (das fábricas de Noia á Coruña), patacas, trigo, cebolas, cal, madeira, táboas, millo, pipas baleiras, sardiñas, augardente, mobles, viño, aceite, coiros, fardería, cacao, louza, taboado e arcos, vidros, arcos augardente, fariña,...

Fig. 1.- Galeón en Meloxo (O Grove).



O primeiro dos relatos, segundo consta no protocolo notarial do AHUS (1), rexístrase o día 25 de outubro de 1859 e di así:

“...Manuel Martínez de Villanueva de Arosa patrón del Galeón *San Antonio* y *Animas* de la misma matrícula contrató con Francisco Dios, también de Villanueva, la conducción de Escama de Sardina (2) a entregar en el puerto de Sada al mismo cargador. En efecto provisto de todo lo necesario, observando la mar buena y viento favorable se hizo a la vela el veinte del corriente siguiendo desde Villanueva hasta las inmediaciones de santa Eugenia adonde arribaron con motivo de la grande

cerrazón y viento del sur recio, donde permanecieron hasta el día veinte y dos, que despejando el tiempo con viento flojo por el Nordeste, continuaron el viaje hasta el anochecer del mismo día; que hallándose a unas seis leguas de los bajos de Corrubedo, rolando el viento por el Norte fuerte con malos semblantes y mar muy gruesa del Oeste Noroeste, acordó con su tripulación (3) refugiarse en el puerto de Corrubedo (4) donde ancló a las ocho de la noche del citado día, permaneciendo en él hasta el veinte y cuatro; y observando que el viento se había llamado al Noroeste y que los semblantes salían con bastante fuerza del Sur y Sudoeste, desconfiando de la situación en que se hallaban anclados por no ser puerto de seguridad, dispusieron de conformidad salir de allí para el puerto de Santa Eugenia, como de mayor seguridad, verificándolo a las dos de la tarde de dicho veinte y cuatro, y llegando a franquearse por el canal de los Carreyros de Salvora entrando en la ría se quedó el referido viento con que venían y entró por el Sur con mucha fuerza y cerrazón de aguas obligándoles a tomar rizos que dejar con la vela menos posible; y al llegar a la Ayró (5) no pudiendo resistir ninguna vela se arriaron a plan corriendo a palo seco en dirección a Santa Eugenia; pero de repente cargó tanto la cerrazón que perdieron de vista todos los objetos de la costa. En este estado y acosa de las ocho de la noche siguiendo su dirección, notaron que a una caída de la mar tocó el galeón en un bajo que llaman las Yeguas con cuyo golpe se rompieron los fierros de abajo del timón y continuaron en marcha valiéndose de las marinerías oportunas hasta que se hallaron en medio de embarcaciones de pesca y mayores que por ellos vinieron en conocimiento se hallaban en la Bahía de Santa Eugenia donde anclaron, echando a la mar los tres rizones, y amarrándose como pudieron en medio de tanto viento y mucha mar a cosa de las dos de la noche y observando que el galeón a pesar del alijo de agua que venían haciendo desde la tocadura en el bajo, se iba trascalando (sic) a pique, dispusieron echar la lanchita a la mar para en ella salvar las vidas y al mismo tiempo proporcionar auxilio que ya pedían a voces, embarcando en ella los marineros Manuel Cores y Joaquín García que a un golpe de mar los desatracó del costado y llegaron a la playa de Coroso donde se salvaron, y en tan triste situación, viéndose sin lancha y sin los dos hombres que iban dentro, los tres que quedaron se decidieron antes de ponerse sus vidas en peligro

arriar los cabos por mano y dirigir el galeón a embarrancar en la playa donde se salvaron en dicha playa de Coroso a cosa de la una y media de la mañana del veinte y cinco.

Por lo tanto protesta una y las más veces necesarias en contra de la mar...etc., presenta como testigos a sus tripulantes Remigio de Vila, Manuel Cores, Joaquín García y Manuel Martínez Castela, siendo testigos instrumentales D. Juan Parada, D. Francisco Blanco y D. Antonio Ferreras vecinos y residentes en este pueblo.”

Sobre este documento é necesario facer algunhas consideracións:

- 1.- Arquivo Histórico Universidade de Santiago.
- 2.- Enorme sorpresa a que me produciu a lectura deste documento, xa que ata agora sabíase que a *escama de sardiña* vendíase para abono nas proximidades dos almacéns de salga pero non que se exportara a lugares tan distantes para a época como Sada, distante de Vilanova unhas 110 millas náuticas.
- 3.- Recordemos que xa noutros documentos vimos que as decisións importantes ante contratempas graves nos buques tomábanse entre toda a tripulación e pasaxe, se o houbera.
- 4.- Naquela época non existía porto construído en Corrubedo, por tanto debía tratarse dun refuxio natural.
- 5.- Tamén chamadas Eiroas, que son dúas formacións rochosas de gran tamaño que distan uns 320 metros da costa entre Castiñeiras e Riveira.


O outro documento que reproduzo en parte a continuación, redáctase no Caramiñal o día 15 de abril de 1862:

“Ante mi Agustín García Patrón del Galeón “*Pedro Mur*” de la matrícula de Villagarcía , porte de nueve toneladas y dijo: que el 12 del corriente y dos de la tarde ha salido con el expresado buque de la ciudad del Ferrol en lastre en dirección a este puerto viento ENE flojo el que continuó así hasta ponerse enfrente de los bajos de Baldayo, a las cinco de la tarde del mismo día y en este punto se forma un grande chubasco cargando el viento y la mar de tal manera que costó mucho trabajo aguantar la nave a cuyo efecto ha acordado con la tripulación tomar la vela todos los rizos, siguiendo así en esta singladura y a favor del viento hasta las ocho de la noche del expresado día con mar siempre gruesa y muy picada que se han puesto en paralelo con el Villano del Cabo de Camariñas; en esto vino un golpe de mar tan fuerte que hizo zozobrar el buque rompiendo el timón y llevando tres hombres al agua , esto es al declarante, el pasajero Rafael González y Juan Rosendo Luna el que pereció sin que pudiese salvarse, no obstante a los esfuerzos de toda la tripulación; y solo se han conseguido abordar los dos primeros, el uno cogido a la caña del timón y el otro a un cabo que tenía en la mano al tiempo de irse a la mar: cogieron los pedazos de aquél (el timón) y los arreglaron en disposición de poder aguantarse un poco corriendo enseguida en volina (6) por ver de guarecerse en la Ysla de Salvora, lo que han conseguido como a cosa de las ocho de la noche del trece, en cuyo puerto han reparado en parte las averías causadas, sin poder salir por lo recio que se mostraba el viento hasta el día de hoy a las cuatro de la mañana que templado aquel un poco y llamándose al SE llegaron a este puerto a las ocho de la misma; y presentándose ante mi Excmo. a las doce , formaliza la correspondiente protesta contra mar y viento , causas únicas del naufragio del Juan Rosendo Luna y averías causadas en el buque...Presentes también los tripulantes Miguel Antonio Castelo, Francisco Joaquín Rivadomar y el pasajero Rafael González....., firma el Rafael González y no los más por no saber..(7)”

6.- Debe referirse á expresións “bolina”, que é a posición do buque cinguíndose ao vento. Ordinariamente enténdese pola do ángulo de seis cuartas coa dirección de este, a contar dende proa ou dende o rumbo a que este se dirixe, aínda que hai buques que cinguen moito máis como os latinos e todos os de velas de coitelo (*Diccionario Marítimo Español de D. José de Lorenzo, D. Gonzalo de Murga e D. Martín Ferreiro, Madrid 1864*). Recordemos que unha cuarta equivale a 11 graos e 15 minutos na rosa náutica.

7.- Desgraciadamente era moi corrente entre os mariñeiros, como constatei nos numerosos documentos da época que lin para redactar esta serie de artigos.

Fig. 2.- O autor ao temón dun Galeón rumbo a Ons.



Vida e obras de Salustiano Portela Pazos

Por: Milagros Bará



Salustiano Portela Pazos en 1930 VIDA GALLEGA

Salustiano Portela Pazos de Probén naceu en Rebordelo, Cerdedo.Cotobade, o 6 de agosto de 1877 e foi un cura, mestre, escritor e historiador pontevedrés. Cursou estudos no Instituto de Pontevedra e Humanidades no Seminario de Tui. Desprazouse a Santiago de Compostela para cursar estudos e foi pensionado pola Fundación Figueroa, licenciouse en Filosofía e Letras na Universidade Literaria e obtivo o título de mestre nacional na Escola de Maxisterio. En 1900, como alumno do Seminario Compostelán, doutorouse en Teoloxía: *“El Sr. Portela, que aún no ha cumplido 23 años, es profesor auxiliar del Seminario y cuenta con las calificaciones de Sobresaliente y Premio en todas las asignaturas de la Facultad”*. A prensa da época destacaba da súa personalidade: *“Su clara inteligencia adáptase á todo género de estudios y más de una vez nos ha llamado la atención no sólo sus disertaciones teológicas sino también los trabajos literarios y los discursos históricos que ha presentado en distintas veladas científico-artísticas en este Seminario”*.

Portela regresou a Pontevedra en 1907 como párroco de San Andrés de Valongo e, grazas ás súas xestións, conseguiu que se instalase na localidade: *“una oficina de caja rural de ahorros y préstamos en beneficio de las clases agrícolas”*. Ese mesmo ano foi *“nombrado beneficiado de la Catedral de Santiago, con el cargo de segundo maestro de ceremonias”*. Aínda que volveu a vivir en Santiago seguía mantendo un estreito contacto con Pontevedra a través das súas frecuentes visitas. Un ano despois, nunha conferencia en Cée, propuxo fundar un Sindicato Agrícola nesta poboación e unha Caixa de Aforros; este tipo de actividades fixérono moi popular entre a xente. En 1913 gañou os exercicios de

oposición para cubrir a praza un canonicato vacante por defunción en Santiago.

Autor de numerosas obras entre as que destacan: *“O Cañón de pau”*, escrito en 1913, e publicado en 1976, editado por Artes Gráficas Portela en Pontevedra, que relata a resistencia dos guerrilleiros de Cotobade na Guerra da Independencia (1808-1814). O canón de pau era unha arma utilizada pola guerrilla neste conflito bélico; era un canón feito cun tronco de madeira furado e unido por argolas de ferro, con cuñas de madeira de carballo ou castiñeiro unidas entre si e que utilizaron en Cotobade para defenderse da invasión francesa. Era unha arma lixeira e de poucos usos que con pólvora negra disparaba anacos de ferro e madeira. De feito, o escudo de Cotobade, ten un canón de pau coa data de 1809. Sobre este tema publicou outro libro: *“La guerra de la Independencia en Galicia”* editada en Santiago de Compostela pola Tipografía del Seminario en 1964. A historia do Seminario espertaría o interese de Portela por difundir a súa historia; de feito, moitos dos seus libros e publicacións versan sobre este asunto. Despois de varias distincións en Compostela, en 1941 ingresou na Relá Academia Galega como historiador polos seus traballos sobre a Guerra da Independencia en Galicia, foi *Caballero de la Orden de Compostela* e membro do Seminario de Estudos Galegos. En 1946 publicou en *La Noche*, o único *“Diario de la tarde en Galicia”*, *“Doña Goto, Reina y Confesa”*. Outras obras son: *“Galicia en tiempos de los Fonseca”* (1957), *“Apuntes para la Historia de los Irmandiños en Galicia”*, *“Orígenes del culto al Apostol Santiago”* (1953), *“Origen del topónimo Compostela”* ou sobre a *“Colección de Tapices y Colgaduras Antiguas de la Catedral de Santiago”* en 1927. Sobre a historia de Ons destacar *“Apuntes para la historia de la isla de Ons”* na que repasa de maneira pormenorizada a súa historia e propietarios que comeza coa propiedade do arcebispo de Santiago e como feudo da casa de Montenegro no s. XVI, en concreto María Sánchez de Montenegro.

Ao longo da súa vida Salustiano Portela foi presbítero (1901), cónego tesoureiro (1918), deán (1930) e presidente do cabido da Catedral de Santiago. O 27 de setembro de 1965 nomeárono fillo adoptivo de Santiago. O Papa Pablo VI nomeouno prelado doméstico de Súa Santidade. Portela Pazos faleceu con 98 anos, o 3 de maio de 1976 en Santiago de Compostela, o *“erudito continuador de la senda historiográfica de don Antonio López Ferreiro”*.

Fontes: *La Noche, El Áncora, E. Sayans Ocampo, El Progreso, Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago, Hemeroteca ABC, Archivo Histórico Diocesano, Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX, Os libros de Anxel Casal, Biblioteca do Arquivo da Deputación, Enciclopedia Galega Universal, Enciclopedia Gallega y Apuntes para la historia de la isla de Ons Cuadernos de Estudios Galegos de Salustiano Portela Pazos.*

O DEÁN SALUSTIANO PORTELA PAZOS, HISTORIADOR DE GALICIA

Por: Xosé R. Barreiro Fernández

Desde o 21 de outubro de 1930, en que accedeu ao deanato da Catedral de Santiago, ata a súa morte o 3 de maio de 1976, Salustiano Portela Pazos foi o auténtico representante da Igrexa e do clero compostelán. Os arcebispos, personalidades sen arraigo en Santiago, exercían o poder de goberno, pero o poder simbólico tiña o cabido, e nel, o deán.

Salustiano Portela Pazos paseaba a súa robusta figura polas rúas compostelás enfundado nunha longa sotana (coa cruz de Santiago bordada en encarnado no peito) e co manto aberto, que alongaba aínda máis a súa silueta que remataba nos zapatos coas fibelas de prata. A medida que pasaban os anos, permanecía durante máis tempo no maxestoso pazo do deán (na rúa do Vilar) dedicado á investigación e a escritura. Pero os curiosos sempre o podían contemplar á fronte do cabido na solemne procesión dos domingos, que se celebraba na catedral ao son das chirimías, que sempre nos pareceu música árabe.

Non foi nunca insensible ao reclamo das ideas e das persoas que se impoñían socialmente. Por iso, e como veremos, participou no movemento liderado por León XIII, que tiña a intención de mediar entre os dous polos irreconciliables: o socialismo e o capitalismo liberal. Participou nas Irmandades da Fala, formou parte do Seminario de Estudos Galegos, publicou loas a Franco e, xa militando nun rexo conservadorismo e, sobre todo, na concepción ultratradicional da Igrexa, opúxose (pero sen facer campaña por escrito) á filosofía do concilio Vaticano II.

Non gocei da amizade do Deán, pero tampouco da súa inimidade. Simplemente coincidimos nun tempo histórico. Só me recibiu nunha ocasión, grazas á mediación dunha sobriña súa. Falamos bastantes horas e decateime de que cada un vivía con ideas irreconciliables. Pero, aínda que probablemente el me esquecera, eu seguín lendo as súas obras e aprendendo da súa ecuanimidade como historiador. E todo iso explica que aceptara a invitación para colaborar neste número destacando a súa condición de historiador.

De vivir aínda hoxe, e vendo o derrube da "Igrexa do poder", que el xa experimentara, sen dúbida pensaría en como foi posible que aquela Igrexa do poder, da riqueza, dos símbolos perdese en tan pouco tempo a supremacía en España e, quizais, o Deán, home

de ideas e honrado, tamén captase que el e os da súa época se equivocaran ao manter unha Igrexa do poder cando o que se requiría era unha Igrexa arrependida, humilde e sufridora.

ETAPAS E OBRAS

Portela Pazos naceu en Rebordelo (Cotobade, Pontevedra) o 6 de agosto de 1877. Estudou no Seminario de Tui e, posteriormente, trasladouse a Santiago onde se licenciou e doutorou en Teoloxía e Dereito Canónico na Universidade Pontificia, vinculada ao Seminario desta diocese. En 1907 exerceu como párroco de Valongo (Cotobade) e no mesmo ano trasladouse a vivir a Santiago ao ser nomeado beneficiado da catedral. En 1913 gaña, por oposición, unha coenxía de Santiago e, finalmente, en 1930 ascende a Deán do Cabido.

En todo este tempo foi nomeado profesor da Universidade Pontificia, cursou a licenciatura da Universidade Civil de Santiago.

Formou parte, entre outras institucións, do Seminario de Estudos Galegos, da Real Academia Galega, da Real Academia Española, do Consello Superior de Investigacións Científicas.

O novo humanismo católico

A morte do Papa Pío IX e a ascensión ao papado de León XIII conduciu a Igrexa a un cambio radical na acción pastoral que se había de empregar ante o problema social. Moi lonxe da filosofía representada polo *Syllabus* de Pío IX, León XIII fomentou coas súas encíclicas, especialmente con *Rerum Novarum*



Casa do Dean en Rebordelo. Foto de Xoan Arco da Vella

HOMENAXE A SALUSTIANO PORTELA PAZOS


(1891), que a Igrexa saíse do seu privilexiado recinto e se mergullase apostolicamente en accións pastorais que tivesen como obxectivo desarmar o socialismo organizado e o liberalismo capitalista, dúas formas que tiñan monopolizada a representación do pobo traballador (obreiros e campesiños) e que estaban enfrontadas entre si filosófica e organizativamente.

A intención do Papa foi de inmediato recollida polo catolicismo alemán, francés, belga e inglés que improvisaron unha acción pastoral que pouco a pouco foi adquirindo formas de asociación apostólica, moi dinámicas e organizadas, constituídas preferentemente por frades e bispos, aínda que no caso de España estes foron bastante insensibles a este tipo de pastoral.

Portela Pazos publica *León XIII y la cuestión social* (Santiago, 1910), *Catecismo Social* (Santiago, 1910), que o obrigou a facer un esforzo extraordinario de organización, porque nas 110 páxinas elabora incluso os regulamentos das distintas sociedades agrarias e de obreiros. Publica tamén un tratado sobre os medios conducentes para mellorar as condicións de traballo das obreiras de Galicia e outro tratado sobre o pensamento social da doutrina de León XIII.

Sen que saibamos a causa, Portela Pazos cortou bruscamente con esta liña pastoral, quizais foi debido á Primeira Guerra Mundial, que parecía denunciar o fracaso desta pastoral incapaz de impedir que tantas organizacións católicas sucumbisen ao reclamo da defensa das vellas unidades nacionais.

Como dixemos, Portela Pazos retírase desta fronte apostólica e, pasados algúns anos, retorna como historiador de temática allea á súa vocación se exceptuamos *O cañón de pau*, unha das súas primeiras obras e da que logo falaremos.



Obras históricas

A primeira obra histórica que publicou foi *O cañón de pau*, que en realidade é unha homenaxe á vila de Cotobade e a outras próximas que loitaron contra as tropas francesas. Carecendo de armas fabricaron chuzos de ferro “y construyeron cañones con troncos de árboles ahuecados y

protegidos con abrazaderas de hierro” (relación de dez veciños ao concluír a guerra), tamén colocaban olas de barro bronceadas simulando canóns na costa de Laxinde para atraer a atención dos franceses e matalos ao estar apostados os veciños e caer sobre os soldados. Grazas a estas estratagemas defenderon os exércitos regulares de españois escondidos e causaban terror e espanto sobre os franceses. O libro é unha homenaxe aos veciños que o perderon case todo e que foron brutalmente asasinados e queimados vivos. Pasado o tempo aínda se conservaban algúns destes canóns de madeira que Portela Pazos logrou fotografar.

Cando a partir de 1920 empezou a investigar sobre a historia das institucións eclesiásticas galegas, Portela Pazos, que en tema de historia era autodidacta, colleu a estela de López Ferreiro, asumiu os seus principios metodolóxicos e proseguíu o tipo de historia local do ilustre mestre, reducindo a súa investigación á Igrexa de Santiago e ampliando a temática xacobeá.

Temos que destacar, en primeiro lugar, a súa magna obra *Decanologio de la S.A.M. Iglesia Catedral de Santiago de Compostela*, iniciada en tempos de Xelmírez e que chega ata el, é dicir, ata 1945, ano en que a publica. Son 615 páxinas que con todo merecemento deben situarse como o tomo 11 da *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, de López Ferreiro.

As *Anotaciones al Tumbo A de la Catedral de Santiago* (1949) é unha obra de extraordinaria precisión, fundamental para quen queira coñecer as sinaturas e producións desta magna obra, que recentemente mans criminais roubaron, reintegrándose despois de que a policía recuperara a xoia medieval.

No ano 1957 publicou *Galicia en tiempo de los Fonseca*, unha obra fundamental para coñecer a historia galega entre 1460 e 1524. Foi un período sempre moi confuso pola simultaneidade de acontecementos. Os arcebispos Fonseca, a chegada dos Reis Católicos a Galicia, o tránsito e morte de Pedro Madruga e a aparición de novas institucións (Real Audiencia, o Estudio Vello ou primeira Universidade, a construción do gran Hospital de Santiago, a conclusión dos Irmandiños, a chegada da imprenta etc.), na obra de Portela Pazos clarifícase este turbio proceso histórico.

La guerra de independencia en Galicia (1964). É un título que non se corresponde cos contidos do libro. Trátase, en realidade, da versión que nos dá da Guerra de Independencia a revista de Pardo de Andrade o *Semanario Político*, á que tivo acceso grazas a Matilde Domínguez Sotelo, que residía nun pazo de Leiro (Ribadavia). Pardo de Andrade publicou unha información elaborada por algúns señores que non dubidaron en agrandar os méritos da súa familia,

HOMENAXE A SALUSTIANO PORTELA PAZOS

mesmo prescindindo dunha secuencia cronolóxica dos acontecementos. Aínda que pensara outra cousa, hai varios exemplares desta revista e, en calquera caso, non é unha fonte obxectiva, como poderá descubrir o lector das recentes obras de Osuna e Barreiro Fernández, as dúas sobre a Guerra de Independencia.

Obras menores

Nos anos 50 do século pasado estaba moi alporizado o clero compostelán porque o monxe bieito Pérez de Urbel publicara un artigo sobre "Los orígenes del culto de Santiago en España" no que defendía que con motivo da invasión árabe, moitas comunidades de Castela pasaron a refuxiarse no Norte, moitas en Galicia, e que unha destas comunidades levou consigo algunhas reliquias, entre elas, tamén a de Santiago Apóstolo. Como é natural, desaparecía parte da lenda xacobeá, xa que todo se reducía a un traslado de reliquias.

O Cabido de Santiago, representado por Guerra Campos, Pérez Millán e o Deán reaccionaron coma se se tratase dunha gravísima ofensa porque se derrubaba a tradición do corpo do Apóstolo.

Portela Pazos publica na revista *Arbor* (1953) un artigo de refutación das teses de Pérez de Urbel con ton comedido, non como Pérez Millán, que chegou a dicir que Pérez de Urbel ao escribir estas cousas debía perder a man. Un desexo moi caritativo.

Outros escritos de Portela Pazos foron artigos sobre os tapices da catedral, sobre a orixe en Santiago da festa da Inmaculada, sobre o topónimo Compostela, sobre a orixe da sede iriense etc.

Final

Quero rematar este artigo referíndome a un libriño da súa autoría: *Apuntes para la Historia de la Isla de Ons*. É unha obra rara que só puiden ver nunha ocasión e que lin con paixón porque nela se fala da miña familia. Resulta que D. Didio, non sabemos se dono ou administrador da Illa, era unha persoa moderna, sen dúbida imbuída polas ideas de progreso e que, seguramente era membro do partido radical socialista, polo que imos dicir: visitou un tío meu, que era mestre (e formaba parte deste partido) invitándoo para que pedira a escola da Illa, como así foi. O meu tío Xaquín foi para a Illa e lembro a súa fotografía nalgún semanario de Madrid destacando dunha parte o seu traballo social e doutra a súa gordura, que parecía impresionante.

Cando o meu tío Manuel rematou a carreira no Seminario de Santiago, o irmán meteulle na cabeza que pedira unha capelanía na Illa para levar adiante entre os dous os plans de D. Didio. Así foi. Cheguei, pois, a ter

dous tíos, un crego e outro mestre destacados na Illa. De neno aínda lembro as fotos que lle enviaban aos meus avós desde alí.

Por razóns políticas entraron en conflito os dous irmáns e o crego pasou a Beluso como coadxutor. O mestre logo foi procesado no franquismo e suspendido na súa profesión.

O meu tío, o mestre, pasado o tempo, contoume da intención de D. Didio de transferir a súa propiedade ao pobo, para iso quixo antes dotalo de cura e mestre. Tamén me contou que durante a República as chemineas estaban pintadas coa bandeira republicana e cando se produciu o 18 de xullo foi percorrendo as casas dicindo que as pintaran de branco. Quedará aínda nalgunha a vella bandeira? *Relata refero*, digo o que me dixeron e non fixen estudo ningún sobre a Illa. Pero Ons quedou para sempre na memoria familiar.



Casa en ruínas do barrio de Pereiró (Illa de Ons) que en 1975 aínda tiña, na súa cheminea, a bandeira republicana.

HOMENAXE A SALUSTIANO PORTELA PAZOS

foi confirmada en anos posteriores polos reis Ordoño II (911), Ramiro II (932) e Alfonso V (1019); sen embargo continúa dicíndonos: “*Años y siglos corrieron desde entonces, hasta la decimosexta centuria, durante los cuales carecemos de datos fidedignos y concretos de la forma y modo con que el Cabido catedralicio hizo uso del derecho de pertenencia u usufructo de la mencionad Isla de Ons, ni aun de la realidad de haberlo ejercitado de continuo*”.

Continúa, ao igual que fai Álvaro das Casas, dicíndonos que Ons é a Illa máis importante das Rías Baixas: “*No podemos resistir a la tentación de suponer y admitir como indudable el que esta isla – una de las que entre las de las Rías Bajas mayor interés despierta, por su amplitud, historia, riqueza del suelo y de las de situación más comprometida, cerca de la playa de la Lanzada, no lejos de la desembocadura de la de Villagarcía de Arosa, a la vista desde la entrada de Vigo y de Marín,...*”. Realizando posteriormente un interesante repaso polas incursións que se levaron a cabo nas súas augas ata 1120.

Dinos que por mor destas numerosas incursións, a Illa pasaba longas tempadas deshabitada e que nestes séculos puido incorrer en negligencias de administración, que foron aproveitadas por: “*dueños de posesiones territoriales en la costa, les agregaban las de las cercanas islas –la de Ons es la que ahora importa – con títulos más o menos colorados*”.

A Lanzada a principios do século XX.



SEGUNDA PARTE: DO SÉCULO XVI (1520) AO XIX (1810)

Salustiano fai unha exploración documentada a estes case trescentos anos. Explica que no século XVI a casa dos Montenegro considerábase dona da Illa, aínda que existían dúbidas sobre a súa legalidade, polo que intentaron solucionalo. Así no 1562 lle foi concedida, como feudo perpetuo cunha pensión anual de doce ducados, a D. Antonio Sarmiento de Montenegro, aínda que, nestes Apuntes, Salustiano, no fai referencia, ao carón do pago anual, das importantes cláusulas que ese Foro tiña e que, obrigatoriamente, tiñan que ser cumpridas, pois do contrario, perderían.

Sigue a súa exposición dicíndonos que no ano 1587 Ons estaba habitada, tiña templo parroquial, párroco e fregueses. Significativo é a documentación que nos relata que á morte de Antonio Sarmiento o señorío da Illa pasa a mans da súa filla María de Montenegro, pero, nos extractos dos documentos que Salustiano revisou, non aparece mención do título e condición de foreiro ou *foratario*, nin que continuasen moradores na Illa. Si, querelas diversas que van dende levar a pastar gando sen permiso ata as declaracións dun náufrago dun barco inglés que se perdera en Ons con varios efectos de valor.

Especula que polo ano 1685 se despoboou de novo Ons debido a novas e aterradoras incursións de corsarios nortéenos, piratas turcos e mouriscos e coa chegada de Francis Drake ás nosas costas. Salustiano dedícalle unhas liñas a estas incursións polas negativas repercusións que tiveron nos pobos costeiros e nas Illas.

A continuación escribe, aportando a documentación ao respecto, que a María de Montenegro sucedeu no señorío de Ons a súa filla Baltasara, casada co primeiro conde de Maceda, D. Bernardino Lanzós, alá polo ano 1670. Dende este ano, 1670, ata 1810 pasou a Illa en herdanza entre os seus fillos, acabando a principios do ano 1800 nas mans de Antonio Manuel Montenegro, baixo a tutela da súa nai Manuel Correa Yebra.

E xustamente aquí, no 1809, é cando Salustiano Portela di: “*comienza los que podemos denominar segunda etapa de la relación de estos apuntes históricos*”. Sen embargo nós imos a considerarlala a terceira.

TERCEIRA PARTE: DO ANO 1810 A 1836

Comeza esta parte explicando a situación política de Galicia nestes anos nos que os exércitos napoleónicos penetraran en Galicia e, á vez, como se viron forzados a recuar cara a Zamora.

Continúa explicando como a *Junta de Armamento de Santiago* decide blindar e protexer as costas galegas ante posible novas incursións e, entre outras medidas, adoptan realizar obras de defensa contra posibles irrupcións marítimas de onde queira que procedesen.

Detalla, ben documentado, como nomean comisionado das obras en Ons ao cura de Sanxenxo. A dificultade para reunir os cartos que cubran o custe as obras. De como foi necesario parcelar a parte cultivable da Illa, valorala e entregalas como accións de primeira clase a quen as pretendese. Da problemática por saber a quen pertencía a Illa para, non só realizar as obras, senón para levar a cabo, dun xeito lexítimo, a división dos terreos e a venda das accións.

HOMENAXE A SALUSTIANO PORTELA PAZOS

Transcendental nesta parte son os datos que ofrece sobre os trámites levados a cabo co Cabido, como dono da Illa?, aínda que, polos datos ofrecidos nas anteriores partes do estudo, vemos que Ons estaba aforada á familia Montenegro. Cal sería o motivo de non dirixirse a eles e si ao Cabido? Ofrece unha serie de correspondencia que levaron a cabo, comisionado e Cabido, para chegar a un acordo.

Lemos como o Cabido, con tal de non correr cos gastos da fortificación, chega a acordos sempre e cando perciba unha renda e queden uns terreos da Illa para o que queira no seu momento facer alí. Mentres estes negociados se levaban a cabo, dinos Salustiano que aparece en escena Manuela Correa que se dirixe á *Junta*, como titora do seu fillo Antonio Manuel Montenegro, e se manifesta dicíndolles que é ao seu fillo a quen corresponde a plena propiedade da Illa. Comenta que pouco caso lle deberon facer que seguiron os trámites e negociacións co Cabido, aínda que con algúns problemas debido á desconfianza dos accionistas sobre o canon que querían impoñer.

O certo é que, aínda que as obras comezaran, a falla dos abastecementos necesarios, problemáticas económicas e ao non representar os franceses un perigo potencial, conta, que polo ano 1813 as obras quedaron paralizadas.

É a partires de aquí cando Salustiano nos presenta a un novo personaxe, Francisco Genaro Ángel, ao que lle dá o título de capataz de obras e que investira unha boa suma de cartos na compra de accións. Relata que, aínda que as obras estaban paralizadas, Francisco Genaro segue admitindo novos veciños de parroquias próximas que alí acudían a cultivar as terras.⁴

Parece que houbo unha certa tranquilidade, ou Salustiano non atopou documentación, entre os anos 1813 e 1833. No ano 1828 morre Francisco Genaro Ángel deixando aos seus testamenteiros, segundo relata, coa administración

dos seus bens en Ons, ata que, a partires de 1833 comezan os problemas. Xorden dúas persoas que pretenden que o Cabido lle conceda en arrendo ou en foro a Illa. Un pouco tempo despois varios cultivadores xa instalados dende hai tempo acoden á S.M. para que poidan seguir cultivando as terras. Comezan preitos contra os testamenteiros. Ten que intervir o gobernador trasladando ao Cabido a resolución a favor dos veciños exposta pola S.M. a Raíña Gobernadora. O Cabido para evitar problemas decide poñer en arrendamento a Illa ao que se presentan varias solicitudes. Novos recursos en contra presentados polos testamenteiros. Seguen as querelas. Rematando, segundo a documentación revisada por Salustiano, coa retirada dos testamenteiros.

E entra en acción o Marqués de Valladares. Joaquina Montenegro casada con Javier Martínez Enriquez recibe a Illa de Ons en herdanza e tamén vai a defender o dominio da Illa. A actuación do Marqués, persoa influínte, comeza por conseguir que varios cultivadores subscribisen unha escritura onde recoñecen ao Marqués como dono de Ons e comeza un preito contra o Cabido, que segundo Salustiano, non sabe se chega a rematarse xa que o Cabido, ante as leis desamortizadoras que lle viñan enriba, decidiu deixar de preitear xa que non lle interesaba defender como propios da súa igrexa ben que quedaban declarados do Estado.



Casa Pazo Marqués de Valladares. Casco vello de Vigo.

Foto: In pulverem revertis : www.juanchoarregui.com

CUARTA PARTE: DO ANO 1836 ATA 1950

Aquí comeza a cuarta e última parte destes Apuntes de Salustiano que imos a examinar moi por encima.

Salustiano non fai mención algunha a como levou o Marqués a administración da Illa e si, se para nos pasos hereditarios que van sucedendo. A marquesa morre no ano 1895 e pasa a Illa a súa neta Dolores Elduayen e ao seu neto Fernando Quiñones de León. Interesante é a aclaración que fai dicindo que cando inician o expediente de posesión, este foi resolto favorablemente sen que presentaran título ningún e que causaría efectos se transcorridos

⁴ Sobre Francisco Genaro Ángel pouco debería saber Salustiano, quizais non atopou documentación sobre el, pero hoxe sabemos que era un potentado fomentador catalán con numerosos negocios en Pontevedra e en zonas costeiras do Morrazo que, seguramente, foi fichado polo cura de Sanxenxo para que aportara cartos ás obras de fortificación e el, á vez, aproveitarse máis adiante dos terreos adquiridos coas accións para levar a cabo en Ons, seguramente, algún negocio relacionado coa salga.

HOMENAXE A SALUSTIANO PORTELA PAZOS

dous anos non se presentaban reclamacións. Así foi resolto definitivamente o 20 de setembro de 1918. Ao morrer sen descendencia quedan como donos o seu pai e Mariana Whyte que son os encargados de inscribila ao seu nome no Rexistro da Propiedade.

Despois explícanos que, un ano despois, e vendida a Marcial Bernadal (veciño de Ons que fora capataz do Marqués) e a Manuel Riobó Guimeráns. Esta sociedade pronto rompeuse, quedando como dono Manuel Riobó en 1921. Despois pasou a mans do seu fillo Didio que constituirá antes unha sociedade mercantil co nome "Illa de Ons" e concertaron unha hipoteca co Banco Hipotecario.

Xa, a partir de aquí, Salustiano, comenta que Ons pasou a mans do Ramo de Guerra por medio dunha expropiación, sendo despois rexistradas a nome do estado a partir de 1943. Pasa logo a facer un repaso pola Illa actual do seu tempo (1954). Fai un paseo polo xeito de vida dos illáns, falando de temáticas diversas: Comeza polas primeiras defuncións e soterramentos. Sobre o número de veciños residentes, que andaban por eses anos en 520. Polos dos barrios existentes, das praias, do peirao e sobre a fábrica de salga que contaba con unha galería con vistas ao mar e tiña muíño e forno.

Apunta que no barrio de Canexol se atopa a antiga casa de labor, que agora nese intre estaba convertida en escola nacional, que na súa parte traseira había dous grandes piornos e que era a zona onde se celebraban as festas en honor a San Joaquín. Di que a Illa carece de electricidade e que os homes traballan no mar e as mulleres ás labores da casa e á agricultura. Curioso é a afirmación de que había colonos: "... a quienes se les suponen reservas en bancos y cajas de ahorro de cien y doscientas mil pesetas". Ter en conta

que falamos da metade do século XX e que eses cartos eran un gran capital.

Afirma que vai crescendo a emigración, e manifesta a rareza de que os residentes celebren matrimonios con quen nela no moren. Dato curioso é cando fala da vestimenta, da que di que, a domingueira, soe ser moi aceptable e non menos o equipo de roupa de cama.

Despois de explicar, moi por encima, os terreos que dedican á sementeira, os mananciais existentes, das fortalezas, do Buraco do Inferno, do faro e as distancias que hai aos lugares máis próximos do continente, remata facendo unha interesante alegación: "*Ninguna de las islas de las rías bajas despierta interés y curiosidad mayor que la de Ons, principalmente para los investigadores*".

REFLEXIÓN

Salustiano Portela Pazos, deixounos este ensaio que foi a guía de todos aqueles que querían coñecer, investigar ou escribir sobre a historia da Illa de Ons. Foi a única fonte histórica da que todos bebemos ata hai moi pouco tempo. Hoxe, aínda que a apertura dixital de moitos arquivos permite pescudar máis doadamente, estes Apuntes seguen a ser un importante índice para os historiadores que queiran pescudar sobre o pasado histórico desta Illa.

Hai que recoñecer a Salustiano o empeño que puxo neste traballo, pois pensamos que Ons, por aquelas datas, non espertaba tanto interese como para dedicarlle o tempo que, supoñemos, lle dedicou en



Illa de Ons a principios dos anos 60. s. XX.

arquivos, bibliotecas e traballo de campo para coñecer o modo de vida dos illáns a mediados do século pasado.

Só queda esperar que os organismos correspondentes, a Consellería administradora da Illa e Parques Nacionais animen economicamente aos estudosos para continuar, mais polo miúdo sobre cada etapa, este estudo histórico sobre Ons, pois aínda queda moito por investigar e descubrir.

ARREDOR DO CONTRIBUTO POÉTICO GALEGO DE LUEIRO REY

Por: Emilio Xosé Ínsua

No rodicio da vida e da poesía, moitas voltas leva dado xa o mundo desde que o escritor e militante comunista Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes, 1916- Ogrove, 1990) deixou de estar corporeamente entre nós. E o certo é que sobre a súa figura veñen actuando, desde entón, dúas forzas tan teimosas como contrapostas, nun singular combate silente e titánico.

Unha delas, a da desmemoria, tenta arrombar cada día que pasa o seu nome a un eco que se apaga máis e máis, a unha simple nota de rodapé dos manuais de historia literaria galega, opacado por outros nomes de aparente máis brillo ou relevancia (poñamos por caso os de Celso Emilio Ferreiro, Díaz Castro, Carvalho Calero ou Xosé M^a Álvarez Cáccamo, dentro da súa mesma “quinta”, a da chamada “xeración do 36”) ou sepultado, entre ignorancias e descoñecementos máis ou menos involuntarios, debaixo dunha etiqueta cómoda e tópica, a da “poesía social”, que se ben puido dar algún lustre e sona en tempos do que el propio denominou “Transición intransigente”, ten agora, en tempos de apoteose ideolóxica neoliberal, connotacións mesmo pouco positivas.


Outra, a da reivindicación, enarborada na acción e na palabra por grandes admiradores do escritor como, entre outros, Francisco Lores (que nos deixou en datas recentes), Xesús Alonso Montero, Antonio Chaves Cuññas, Gustavo Luca de Tena, Modesto Hermida, M^a Xesús Vidal e Ramón Nicolás Rodríguez (“A persoa que máis ten feito, como editor e estudoso, pola obra literaria de Lueiro”, en xusta e acertada caracterización do xa citado Alonso Montero) teima felizmente en manter acesa a chama daquel lume, recompilando novos textos, publicando inéditos, ilustrando, traducindo, estudando e rememorando desde ángulos diversos as facetas plurais daquel loitador da cultura e da clase obreira que foi o Lueiro Rey, sempre amigo de chamarlle *ao pan, pan e ao viño, viño* en todas as vertentes da súa traxectoria.

Nós queremos contribuír humildemente a engrosar esta segunda corrente, a que reivindica o valor, interese e mérito do seu legado literario, ideolóxico e humano, proxectándoo como unha luz de faro no rudo presente adverso. E queremos facelo revisitando e reflexionando con ollada limpa sobre os versos galegos que escribiu, que foron recollidos, como é ben sabido, en tres monllos sucesivos, de aparición máis ben serodia e, no caso do derradeiro, mesmo póstuma: *Escolma ferida* (Eds. do Castro, Sada, 1977), *Nova escolma ferida* (Eds. do Castro, Sada, 1988) e *Derradeira escolma ferida* (Eds. Xerais, Vigo, 2003).

A primeira consideración a facer é, precisamente, a que nos leva a reivindicar que, por debaixo desa etiqueta de “poeta social” con que Lueiro Rey foi taxidermizado habitualmente xa en vida, e que parecería connotar de maneira apriorística a súa produción con determinados esquematismos temáticos e ata con presuntos desleixos formais, corre

en realidade un río de poesía diversa, rica en matices e esteticamente nada descoñecida, aínda que, iso si, adrede diáfana. Unha poesía que afínca en vivencias moi intensas e que, nese senso, expresa valores e verdades esenciais do ser humano, sentimentos e pulsións de carácter universal que están ben lonxe tanto da poesía concibida como “consigna” e “slogan” como, tamén, da instalada nunha baleira artificiosidade verbalista.

manuel lueiro rey ESCOLMA FERIDA



edicións do castro / poesía

Lueiro Rey foi un poeta do humano, da memoria e do sufrimento, da loita e do fracaso, da carraxe indignada e do íntimo desánimo, pero non foi nunca un panfletario. Quer falase desde o “eu”, quer desde o “nós”, houbo sempre unha chama de sinceridade expresiva e de autenticidade cordial ardendo en cada verso seu. El mesmo reivindicou ese trazo libérrimo do seu estro no poema “Xa sabedes”, cando sinalou: “hei seguir cantando o que me peta, / botando fóra o que me morde o peito”.

Non por acaso o substantivo que elixiu para caracterizar o conxunto da súa produción poética na nosa lingua foi o de “ferida”: o poema, “latexar do corazón ferido”, exposto como unha radiografía que nos amosase cicatrices internas, o verso como un esconxuro íntimo lanzado ao vento contra as dores e as escoriacións da propia alma, o lirismo como un tenaz exercicio contra a desmemoria, a palabra como unha ferramenta de soerguemento e afirmación, como poñen ben de manifesto poemas seus titulados “Pumariños tenros”, “Herdanza”, “Campá do meu soño” e “Deixar amósegas no tempo”. Por iso o definiu Herminio Barreiro nalgunha ocasión, ben atinadamente, como “poeta esencial”, engadimos nós na antítese da banalidade, da superficialidade e da autocompracencia.

Unha segunda consideración lévanos a salientar a profunda influencia que sobre a súa ética e a súa estética exerceron, efectivamente, poetas e artistas profundamente admirados, comprendidos e mesmo tratados persoalmente por el: Antonio Machado, Miguel Hernández, Rafael Alberti, Pablo Neruda, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado... Poetas todos eles de vida e lira marcada polos avatares do devir histórico en propia carne, que pagaron con exilio, prisión e mesmo morte a fidelidade a uns ideais dignificadores da condición humana, a coherencia entre palabra e acto, a altísima autoesixencia ética, nunha verba, o “compromiso”.

Nesta perspectiva, coidamos que na consideración da poesía de Lueiro Rey á luz do contexto histórico e estético do seu tempo terá que ocupar sempre un lugar preferente, por revelador, o poema “Cantiga do mar da Arousa”, que o seu propio fillo *Geno* Lueiro, Francisco López *Chesqui* e outros mozos de Ogrove cantaban sen medo co grupo “Ritmo Joven” a mediados da década dos 70 e que o catedrático cambadés Francisco Fernández Rei estudou ben a fondo.

Non é só que Lueiro levantase nese concreto poema acta da miseria, da fame, do medo, da intolerancia represiva e da grisallenta atmosfera social e cultural do franquismo máis mouro, senón que, asemade, rebentou empregando as súas mesmas armas expresivas e formais a estética do “neotrobadorismo”, unha proposta que nacera en tempos de preguerra do abraio diante do tesouro da nosa lírica medieval mais que, a partir do 36, ficara convertida en recurso socorrido de poetas “escapistas”, “diletantes”, “descomprometidos” ou directamente “instalados” nas poltronas culturais do réxime franquista.

Hai, en terceiro lugar, un motivo poético concreto na obra galega de Lueiro Rey que nos resulta conmovedor en extremo, o da vida truncada e estragada pola guerra e pola ditadura subseguinte, ese “saco de flores ao lombo podrecendo”, en expresión de Celso Emilio Ferreiro, co que tiveron que cargar os mozos poetas a quen o 36 colleu en pleno espertar vital e creativo, abrindo diante das súas propias traxectorias literarias e humanas un abismo longo e escuro, imposible de encher. O noso poeta proclamará a súa amargura: “Dende entón eu sei que me roubaron / corenta anos de tempo do meu tempo”, e, noutro poema, constatará con resignada lucidez: “Tocoume un tempo podre que vivire, / e fun mordendo a anguria do silencio”.



Reler sen prexuízos estéticos nin ideolóxicos eses poemas “confesionais” e introspectivos de Lueiro Rey, sen lugar a dúbidas, obriga a asolagarse nun baño de dor humana auténtica que non pode deixar indiferente e que dá a medida xusta da honestidade e profundidade do noso poeta. Vibra a corda con tanto padecemento dentro que o afeite e o adorno non poderían ser interpretados aquí máis que como impostura. De aí esa dicción directa, sobria e intimista ao mesmo tempo, que se proxecta sobre a persoa lectora como unha confidencia dolorosa en voz baixa, soletreada no silencio da alta noite, máis que como un berro de rebeldía lanzado en plena rúa ou á luz do día. Neses poemas (poñamos por caso os titulados “Ausencias”, “Meio século” e “Agardando”), Lueiro Rey parece chorar desconsolado nun ombreiro imaxinario por tantas esperanzas vitais que resultaron tronzadas de súpeto, e non podemos imaxinalo entón máis lonxe de calquera espírito pueril de “propaganda” nin máis afastado de calquera tentación de maniqueísmo ou “pose”. Como anotou Basilio Losada, o autor de *Manso* escribiu decote “sen caer na simpleza ou na trivialidade”.


Por outra banda, a solidariedade humana (“saberse sempre ó pé dos demais homes”) é un sentimento permanente na obra de Lueiro. Unha solidariedade que se envolve en franqueza expresiva e que non está exenta, ás veces, de coloracións tristes, coma laios diante da dor, do sufrimento e da inxustiza flagrante. O Chile de Allende, de Neruda e de Jara, martirizado física e espiritualmente polos sanguinarios comandados polo xeneral Pinochet, ocupa un lugar moi relevante neste universo temático do militante internacionalista Lueiro Rey (en poemas como “Loitando, sempre loitando”, “Canto pra unha cidade triste”, “A derradeira cantiga de Víctor Jara”, “Canción pra un pobo irmán”, etc.), canda o Portugal de Abril (“Poema de urxencia pra un pobo en marcha”) e a Nicaragua sandinista (“O son da vida nova”), como tamén o ocupa, contrastivamente, a constante e irada denuncia contra todos os *Caíns*, os tres “irmáns siameses” (Hitler, Mussolini, Franco), os *morcegos*, os *ratos*, os *alacráns* e os *avutres*, en definitiva, esa fracción do xénero humano entregada á pérvida causa de medrar “ó lombo / dos osos da fame e da inxusticia” e perpetuar así o mal, o medo, o abuso e toda caste de infamias e ignominias.

Tamén espertará algúns versos solidarios no Lueiro Rey a epopea anónima da emigración galega (véxase o poema “Carta escrita que non ten resposta”, enderezado a Castelao), unha emigración que el propio coñecerá de primeira man durante sucesivas viaxes á Arxentina e ao Uruguai, convidado pola “Sociedad Unión Hijos del Grove”: 1968, 1972, 1978, 1985... O contacto cunha parte moi relevante do exilio republicano galego (Seoane, Varela, Cuadrado...) durante eses

periplos suramericanos supuxo para el unha especie de “segundo nacemento”, que acabou traducíndose nun abrazo decidido á lingua de noso como ferramenta literaria e nunha reafirmación máis férrea, se couber, no ideario de esquerdas e na loita a prol dos “pobres do mundo”.

“Cantar a verdá do noso tempo”. Este verso seu, que escribiu no seu día como homenaxe a Antonio Machado, resume de vez a intención última coa que Lueiro Rey afrontou todo o seu quefacer como escritor. Foi a súa poesía, por iso mesmo, voz para a esperanza nun mellor porvir para as clases populares, berro de alento nas loitas xusticeiras, consolo nos inevitábeis retrocesos dunha historia concibida dialecticamente, campá de denuncia diante de innúmeras lacras antihumanistas en todas as latitudes do mundo, recriminación de incoherencias e acomodacións persoais e colectivas terxiversadoras, que tinxiron de indignada amargura e decepción os derradeiros anos vitais deste incansábel loitador.

No remate destas liñas, atrevémonos a lanzar un interrogante que quere ser aberto e xeneroso convite a visitar de novo a súa figura e obra, tendo moi presentes palabras que o propio autor de Grove estampou nun artigo en 1986, desexando que a data en cuestión fuxise para sempre “*desa falsa xeitura de xogos florais, que máis que arrequecer a nosa cultura, o que fai é dar lugar a un exercicio ocioso onde medran os mitos, que sempre foron quen tiveron á nosa terra fundida nun neboeiro elitista*”: Para cando un merecido Día das Letras Galegas ao poeta, narrador e xornalista Manuel Lueiro Rey?



ACTIVIDADES “Pineiróns”


Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE

CASA DE CULTURA DE O GROVE



A pesca e o turismo mariñeiro na illa de Ons

Por: Xulio X. Pardellas

Aínda que as visitas á illa de Ons xa eran numericamente relevantes desde os anos 80, a súa declaración de Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Atlánticas (xunto con Cíes, Sálvora e Cortegada) en 2002, provocou un notable incremento das chegadas ate superar os 100.000 visitantes no pasado 2017 (88.300 entre xulio e setembro nos datos oficiais do Parque, e nos meses en que se leva a estatística, ao que se debe agregar unha estimación de outros 15.000 no resto dos meses, especialmente na semana santa), e iso a pesares das restricións para o fondeo de barcos de recreo na contorna do seu litoral, que noutras épocas era algo habitual nos meses de verán, implicando tamén unha importantes arribada de persoas case que a cotío.

Sen entrarmos no debate sobre a capacidade de carga de turistas que permitirían as condicións ambientais da illa (hai un cota marcada pola administración), a 16 anos da citada declaración como Parque Nacional e simplemente observando o uso que fan os visitantes e turistas dos recursos da illa (sobre todo os que dormen alí polo menos unha noite), semella obvio que faltan actividades e ofertas para considerar en rigor á illa de Ons como un produto turístico razoablemente completo, o que redundaría loxicamente, na creación de novos empregos e na mellora de ingresos para os residentes.

Xusto ao pé do peirao hai unha caseta de recepción, na que ademais de levar a anotación dos campistas, se informa sobre algúns aspectos que poden interesar aos visitantes, como recomendacións de comportamento ambiental ou rutas pola illa, algo bastante lonxe do que entraría nun concepto de Centro de Interpretación, onde se explican as características básicas do lugar (recursos naturais e etnográficos, historia), así como as ofertas existentes para tirar proveito dese espazo. Non imos afondar aquí en todo o que se podería ofertar na illa de Ons, pero centrándonos na actividade que mellor a define: a pesca, é relevante unha pequena reflexión sobre os trazos necesarios para complementala con algunhas outras ofertas que definirían o conxunto en rigor como un produto turístico.



Preparando as liñas para a pesca do polbo. Manuel Ferradas Fariña, na Praia das Dornas.

Na contorna veciña da illa existen recursos pesqueiros abundosos, que tradicionalmente deron lugar a unha notable variedade de artes, usadas desde diversos tipos de embarcacións, nas que destaca a dorna, case que abandonada neste momento, pero de singular relevancia para a actividade pesqueira ao longo de varios séculos. Isto fai que poida considerarse como un patrimonio etnográfico de enorme valor, para ser recuperada e usada dentro das ofertas de turismo pesqueiro que comentaremos de seguido.

O turismo pesqueiro, ten as súas raíces e garda algunhas semellanzas co turismo rural, no que fundamenta unha parte da súa estrutura de oferta e co que comparte tamén a filosofía dos proxectos ata agora coñecidos. De feito, a Unión Europea creou no ano 2002 unha liña de axudas a proxectos deste tipo de turismo con referencias ao turismo rural, que ao longo das dúas últimas décadas se desenvolveron con moi desigual resultado nos países europeos en que se levaron a cabo.

A experiencia considerada pioneira no produto pesca-turismo foi a da asociación cooperativa italiana Lega Pesca, en Sicilia, que na década dos 80, apostou por combinar a actividade pesqueira cunha oferta dirixida aos turistas nos meses de verán para dar a coñecer esta dura profesión. O interese xerado entre os visitantes mostrou rapidamente as vantaxes daquela idea, non só para incrementar os ingresos dos pescadores, senón tamén para favorecer a conservación ambiental, limitando as capturas coa finalidade de manter sempre recursos nas áreas de pesca que visitaban os turistas (Pardellas e Padín, 2011).

Con ese enfoque, o proxecto FARO (acrónimo de Flexibilidade, Adaptabilidade e Reconversión dos Operadores de pesca), aprobado pola UE en 2002, e financiado co Fondo Social Europeo, integraba a seis rexións italianas (Emilia Romagna, Marche, Puglia, Campania, Sicilia e Sardegna) en colaboración con pescadores de España e Portugal, e entre os seus obxectivos aparecían entre outros, dar valor á pesca e ás comunidades de pescadores, participar na modernización e a reconversión do sector, crear formas complementarias e transversais para a actividade da pesca, crear novas prácticas contra discriminacións e desigualdades no mercado de traballo ou promover a aprendizaxe ao longo de toda a vida.

En Galicia, dous proxectos relevantes foron os denominados MARGALAICA e PESCANATUR, o primeiro, que aproveitaba a experiencia da confraría de Lira desde 2004, pasou a integrar en 2011, as confrarías da cara norte de ría de Muros-Noia e parte da Costa da Morte e o segundo foi posto en marcha en 2006, polas confrarías de Cangas, Pontevedra e O Grove. Os dous proxectos coincidían no obxectivo concreto de dinamizar a contorna social das comunidades pesqueiras involucradas e dar a coñecer a complexidade do mundo da pesca ao conxunto da sociedade. As súas actividades principais consistían nun obradoiro de pesca, para mostrar aos visitantes elementos do mundo mariñeiro e máis unha oferta específica de turismo pesqueiro, coa idea de ofertar tamén no futuro degustacións gastronómicas en restaurantes asociados. Por diversas razóns -entre elas, o pasamento do Patrón Maior de Pontevedra, especial impulsor do proxecto PESCANATUR-, pero tamén pola falta de apoio da Consellería de Pesca da Xunta de Galicia, as actividades foron reducíndose, quedando limitadas aos barcos que manteñen a experiencia de Lira, e ás escasas saídas dos barcos de Portosín e un ou dous da confraría de O Grove, que foron conservando case que heroicamente a oferta de turismo pesqueiro ata o momento actual (Pardellas e Padín, 2013).

No que se refire á demanda, cos datos da nosa propia investigación, pode afirmarse que o perfil medio do turista interesado por esta oferta é unha parella urbana, entre 30 e 45 anos, con ingresos medios e que escolleu un destino de litoral para pasar as súas vacacións. Considera esta oferta como un complemento da súa estadia no destino de praia e/ou de natureza e en calquera caso, a paisaxe (45 %) e a gastronomía (38 %), son as motivacións principais para achegarse a portos con oferta de turismo pesqueiro. Cómpre destacar que do conxunto, só un 26 % mostraría un interese preferente pola cultura mariñeira, o que debe obrigar a unha reflexión sobre o deseño e a imaxe actual deste produto, inclinado nun principio a ofrecer como elemento principal as vivencias e os trazos etnográficos da vida dos pescadores.

Desde a perspectiva ambiental, semella evidente que por exemplo, unhas augas contaminadas nunca serán atractivas para o turista, pero sen embargo, as boas prácticas na pesca asegurarán a existencia de recursos e en consecuencia, os turistas poderán pescar ou ver pescar, e tamén que a delimitación de espazos comúns de pesca e observación da natureza implicaría un cambio de valores no mundo mariñeiro e un cambio no modelo de estratexias de uso dos recursos.

Algo semellante debe acontecer desde a perspectiva sociocultural, porque se o turismo en xeral define un intercambio de culturas, neste caso a relación entre turistas e mariñeiros situaríase nun nivel de igualdade de valores. A propia demanda turística orientada a participar na pesca (o que significa xa darlle valor), sirve para que non só os pescadores, senón o conxunto da sociedade teñan unha mellor imaxe e un maior valor social desta actividade. Do mesmo modo, a innovación e creación de novas ofertas permitirá recuperar elementos da antropoloxía e da cultura mariñeira, nalgúns casos en risco de desaparecer.

En terceiro lugar, os impactos económicos xerados polo turismo pesqueiro non son moi diferentes das outras formas de turismo, aínda que a súa estimación presenta aínda unha formalización incipiente. Con todo, o carácter innovador desta oferta, a súa interrelación co turismo litoral e máis a súa vocación de complemento das ofertas xa coñecidas nos destinos de praia, tenden a convertelo nun interesante instrumento de desenvolvemento local para as comunidades costeiras. (Pardellas e Padín, 2016).

O potencial da illa de Ons para elaborar unha oferta de turismo pesqueiro está fundamentada en tres alicerces básicos, por un lado a existencia de recursos, en segundo lugar a propia actividade pesqueira dos mariñeiros da illa e en terceiro lugar, a evolución etnográfica desa actividade. A estes tres elementos pode agregarse a historia da illa, xa colonizada na idade de bronce, pasando a propiedade privada en 1833, logo expropiada e usada para prácticas de tiro naval pola mariña franquista nos anos 40 e actualmente ben de dominio público e integrada como xa foi citado, no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Dado que a descrición e análise dos recursos aparece complementariamente noutro artigo da revista, imos deternos un anaco nos outros alicerces citados.

A actividade pesqueira nas augas veciñas á illa de Ons presenta unha longa tradición en torno á embarcación denominada *dorna*, que en gran medida é referencia e estivo moitos anos identificada coa vida da illa. Hai bastante coincidencia entre os investigadores en relacionala coa cultura pesqueira e a construción naval nórdica, teoría fundamentada na súa estrutura coas táboas da obra viva montadas unha sobre outra, que reducen o risco de entradas de auga e coas cadernas sobresaíndo da cuberta, ademais dunha proa erguida, a semellanza dos drakkars viquingos e unha popa en espello cun temón que se se prolonga máis dunha cuarta por baixo do límite da quilla, o que indica a vocación de pesca en augas movidas e mesmo alén das rías, por permitir un maior control das manobras na navegación a vela. A lonxitude dos remos e a a forma da voga en cruzado constitúe outro trazo singular e diferenciado doutros tipos de barcas e lanchas.


As principais especies pescadas desde as dornas eran o polbo e máis o congro, capturados entre as rochas da contorna da illa, pero probablemente polo duro traballo que implicaban as singulares características da dorna, unido á escasa

protección que daba o único peirao que permitía achegarse á praia para a descarga, esta embarcación foi abandonándose e hoxe apenas quedan unhas poucas, varadas e sen uso, como un romántico recordo de tempos pasados.

Desde o punto de vista etnográfico a recuperación da dorna en Ons é case unha obriga, pero ao mesmo tempo, pode constituír un interesante atractivo turístico para os visitantes, tendo en conta que existen varias asociacións de embarcacións tradicionais nos pobos da ría, algunha tan veciña como a asociación os Galos en Bueu.

Se recordamos os resultados da enquisa antes citada, non sería a recuperación etnográfica o atractivo principal para unha eventual demanda de turismo pesqueiro, pero xustamente pola singularidade das características e máis da navegación nunha dorna, podería pensarse en crear esta oferta, inicialmente como unha experiencia única mais en paralelo, cun obxectivo de divulgación e recuperación etnográfica.

O mercado para unha oferta de turismo pesqueiro xa o encontramos na illa (os visitantes que se achegan alí a pasar un día e máis os que utilizan as instalacións de campismo para pasar varios días). En consecuencia, a oferta só precisa organizar unhas quendas con itinerarios para a navegación en dorna, que integrarían por un lado a aprendizaxe da técnica de vogar cos remos cruzados e tamén en segundo lugar, o uso da vela propia desta embarcación, así mesmo podería tentarse a pesca do polbo cos primitivos métodos da Raña e do Espello, explicando os seus fundamentos. Isto pode ser discutible, porque aínda limitando as capturas a unha mínima cantidade (un exemplar por embarcación, por exemplo), se a demanda turística é elevada, non sempre se podería garantir ese mínimo respecto ao medio mariño e a sustentabilidade dos recursos.



Dornas de diferentes asociacións de embarcacións tradicionais, nunha xuntanza na Illa de Ons.

Considerada como unha renovación de destino (López Olivares, 2014), a elaboración desa oferta debería corresponder aos mariñeiros, creando unha cooperativa ou asociación para poñela en práctica, pero obviamente, o seu complemento lóxico sería a organización dun proxecto integrador no que participase a administración (xerencia do Parque Nacional) transformando o antes citado centro de atención aos visitantes, nun auténtico Centro de Interpretación, onde tódolos non residentes que desembarcasen no peirao encontrarían un espazo interactivo coa información adecuada ás posibilidades de descubrir a illa con todo o seu potencial de atracción, isto é, unha primeira visita virtual que lles proporcionaría información sobre historia, recursos, economía e lugares coas diferentes ofertas de actividades guiadas.

Por exemplo, para as familias con nenos, xogos didácticos sobre a fauna e flora da illa. Para os interesados no coñecemento da dorna e o turismo pesqueiro, datos etnográficos, unha voga virtual e horarios de saídas. Para os que prefiran andar pola illa con guías, mapas de lugares e historia de cada un. Para os que só lles interese a gastronomía e a praia, unha explicación das diferentes preparacións culinarias tradicionais.

En suma, o que se está a propoñer é a conversión da illa nun conxunto de produtos turísticos que integren historia, xeografía, etnografía e gastronomía, de forma que os visitantes vexan diante un complexo de atracción que transcenda a simple estadia nun destino de litoral con sol e praia, tanto desde o punto de vista da oferta, presentando unha externalidade positiva e complementaria á estrutura tradicional, como desde a perspectiva das novas motivacións da demanda, agora máis interesada en experiencias e actividades que na mera contemplación ou descanso (Torres Bernier, 2006).

REFERENCIAS

- López Olivares, D. (2014) "La renovación de destinos como estrategia de política general desde una perspectiva sectorial, económica, urbana y ambiental" in Aguiló, E e Antón, S. *20 retos para el turismo en España*. Pirâmide. Madrid
- Pardellas, X e Padín C. (2011) "Turismo pesquero: experiencias en España y Europa" in *Papeles de Economía Española* n° 128, pp 220-228
- (2013): "La nueva demanda combinada de turismo de litoral y turismo pesquero: motivaciones y efectos", in *Cuadernos de Turismo*, n° 32, pp 243-259
- (2016) "A market analysis for improving fishing tourism management in Galicia (Spain)", *Ocean & Coastal Management*, n° 130, pp 172-178
- Torres Bernier, E. (2006) (coord) *Estructura de mercados turísticos*. Ed. UOC. Barcelona.



PERSONAXES DA HISTORIA DE GALICIA

Por: José López-Dóriga Aymerich

Relendo a historia de Galicia de Victoria Armesto, atópome cun personaxe que sempre me chamou a atención pola súa curiosa historia; trátase de Payo Gómez de Sotomayor que foi Mariscal de Castela, Cabaleiro da Banda, Señor de San Tomé do Mar, Portonovo, Vilamaior e Rianxo. Casado con Mayor de Mendoza que era sobriña do arcebispo Lope de Mendoza e coa cal tivo dous fillos lexítimos, Payo Gómez de Sotomayor que en 1451 vendeu todas as súas posesións en Galicia ao seu irmán Suero Gómez de Sotomayor.

O mundo occidental cristián estaba preocupado co avance dos turcos otománs pola Europa Oriental aniquilando o último reduto do Imperio Bizantino conquistando os reinos cristiáns de Serbia e Bulgaria. Occidente vía ao gran Tamerlán como a única solución para frear a expansión do Islam pola Europa Occidental, xa Francia e Inglaterra estaban sumidos na guerra dos 100 anos. Enrique III, rei de Castela e Galicia compartía o temor de toda Europa e ademais temía un posible entendemento dos otománs e os árabes de España polo que decidiu enviar á corte do gran Tamerlán unha embaixada encabezada por Payo Gómez de Sotomayor.

Payo Gómez de Sotomayor era dos Sotomayor da casa de Lantaño, unha familia relativamente pobre pero moi ilustre. Chegou á Tartaria (na actual Siberia Turquestán, Mongolia e Manchuria, habitada por turcos e mongois) e no nome de Enrique III de Castela visitou ao gran Tamerlán que era un nobre musulmán de orixe turco e mongol,

conquistador, líder militar e político o cal tiña ante si unha pedra que suaba cando mentías.

Sometido a un hábil interrogatorio diante da pedra, Payo evitou cuidadosamente dicir unha soa verdade sen que por iso a pedra suase. Máis tarde algúns dos seus adversarios dirían que non todo o mérito era del, é que a pedra non entendía o galego. Despois de grandes agasallos, Payo permaneceu na corte e puido asistir á batalla de Ancara en territorio turco contra os otománs que gañou o gran Tamerlán para alivio do Occidente polo que Payo decidiu a súa partida para informar ao Rei de Castela do ocorrido.

O gran Tamerlán entregou a dúas princesas húngaras, de gran beleza, para que se llas levara da súa parte ao Rei de Castela e xa de regreso e como se lle facía longo o camiño de Tartaria a España, Payo foi menos forte en resistir as tentacións eróticas que o que fora ante a pedra que suaba e deixou a unha das princesas en estado de boa esperanza.

Moi enfadado Enrique III ordenou a súa morte, pero como Payo tiña moi bos contactos na corte, ao final, en vez de degolalo, ordenáronlle que se casara coa húngara.


Payo, que non tiña un pelo de parvo e lle collera un pouco de manía á rapaza, fixoo con tales reservas que repudiala á morte do Rei lle sería moi doado. E ese día non se fixo esperar moito xa que o Rei, non sen razón, lle chamaban Enrique “*el doliente*”.

Pouco despois da morte de Enrique III la expupila do gran Tamerlán foi recluída na torre de Santo Tomé de Cambados e como punto final de aquel estraño viaxe lle naceu unha filla coa húngara María que Payo casou co fidalgo galego Martín de Xunqueiras.

Tumba de Payo Gomez Charino na igrexa de San Francisco en Pontevedra.



Restos da Torre de Santo Tomé. Cambados.



O POLBO E A SÚA PESCA EN ONS

Por: Ricardo Arnaiz Ibarrondo¹

INTRODUCCIÓN: PASO DUNHA COMUNIDADE AGRÍCOLA A MARIÑEIRA

Nun interesante traballo, publicado nesta revista, comentaba Francisco Calo Lourido² que: “*Para un profano, a ocupación exclusiva dun illán tiña que ser necesariamente a pesca, cando en realidade ao que se dedicaron inicialmente foi á agricultura e ao pastoreo*”. E con respecto á Illa de Ons, no mesmo artigo, dicía: “*Cando se fala dos mariñeiros de Ons, estase a falar dun fenómeno moi recente, non anterior á instalación na Illa dun almacén de salga na época do Marqués de Valladares e, a partires de aí, xa no século XX, baixo a posesión de Riobó e o seu monopolio do polbo*”. E así foi, revisando a pouca documentación escrita existente, vemos como antes do século XIX, de Ons só se fala de preitos, litixios, querelas,..., entre os supostos donos da Illa e persoas que ían a Ons para traballar as terras ou para pastoreo sen ningún tipo de permiso. Cando xa no ano 1810 se pretende fortalecer Ons para resgardar a rías de posibles ataques foráneos e tendo o goberno dificultades económicas para levar a cabo as obras necesarias, deciden dividir a Illa en parcelas para a súa dedicación agrícola-gandeira. E así, dos anos que van de 1810 a 1833, a Illa vai recibir unha chea de familias que, a carón das supostas obras de defensa, van traballar as terras illáns baixo o pago dun canon. A partir de 1833, cando aluga o Marqués de Valladares un pequeno almacén preto do peirao para dedicalo á salgadura³, é o momento en que os illáns comezan a súa andaina pesqueira, primeiro traballando nas embarcacións que faenaban e vendían sardiña na salga de Ons e despois, nas súas propias embarcacións, pequena dorna polbeira, aínda que non dedicándose á sardiña, senón á pesca que mellor dominaban, a do polbo, que abundaba nas súas augas e que pescaban dende sempre para autoconsumo. A pesca da sardiña requiría unhas embarcacións adecuadas, máis grandes e difíciles de varar nas súas praias, cun complicado aparello do que descoñecían o seu manexo e unha experiencia que non posuían. Sen embargo, os pescadores que ían a Ons a vender sardiña, no intre de marchar, compraban aos mariñeiros, ao lado de produtos agrícolas para levar, tamén polbo e outros produtos pesqueiros (mariscos segundo a tempada), o que fixo que os illáns, cada vez máis, se dedicaran e se especializaran na pesca do polbo. A experiencia adquirida na pesca deste cefalópodo e a fama que adquiriu pola súa calidade, fixo que a familia Riobó durante os anos 1919-1936 mercaran a Illa de Ons e montaran unha sociedade mercantil dedicada á compra e venda de polbo, transformando a antiga fábrica de salga, nun secadoiro de polbo, aínda que, congro, mariscos e outros peixes, segundo a época do ano, tamén eran pescados e adquiridos. A partires de 1920 a pesca do polbo foi o principal motor que fixo cambiar a economía illán, pasando dunha colectividade agrícola-gandeira cunha pesca de autoconsumo a unha comunidade pesqueira cunha agricultura de autoconsumo utilizada, na súa maioría, para o pago da renda que estableceron os donos, sobre todo en millo. Coa morte de Didio Riobó, último dono de Ons, esta pasa a ser administrada pola familia Massó, que impón, aínda que xa comezara uns anos antes, o pago da renda agrícola en cartos, co que a pesca vai ser o único medio para conseguilos. A Illa de Ons, vai a ser o principal viveiro e caladoiro de polbo da ría de Pontevedra e os illáns os maiores especialistas na súa pesca, utilizando para a súa captura, ao lado da Dorna Polbeira, as especialidades de <ir á Seca>, <ao Visto>, <ao Espello> e <a Raña>, sendo en todas elas uns verdadeiros expertos.

ARTES DE PESCA PARA POLBO

Dende que os mariñeiros teñen memoria o polbo apañábase en Galicia con bicheiro a pé buscando os laños entre as rochas na baixamar. A flote axudábanse dun espello, ou caixa con unha cara de cristal, para ver mellor os fondos a tres ou catro metros de profundidade e poñendo “ollos de polbo” para distinguir a este mimético animal do resto do seu entorno.

¹ Agradecemento a Tino Pardellas pola súa contribución, neste artigo, sobre a historia da pesca en Ons e polas suxestións sobre o documental.

² Francisco Calo Lourido. “O extraño das illas é que haxa pescadores”. Revista AUNIOS nº 18. Páxs. 60-62. Asociación Cultural Pineiróns. 2013.

³ Para máis información. Arturo Sánchez Cidrás. “As fábricas de salga en Ons”. Revista AUNIOS nº 19. Páxs. 6-14. Asociación Cultural Pineiróns. 2014.

Outra modalidade moi empregada era a da raña (*figura 1*) formada por un ou dous anzois amarrados a unha pedra plana, as veces de cor branca para chamar máis a atención do polbo, na que se suxeita un cangrexo ou mesmo unha nécora. A raña, normalmente dous, vaise arrastrando polo fondo mediante un cordel ou tanza que se fai pasar polos toletes dos remos e ata as mans. Paseniñamente, vogando amodo, o polbo vese atraído pola raña e o seu cebo e abrázase a el. Cando o mariñeiro sinte o aumento de peso na raña vira lentamente o aparello ata a superficie e apaña o polbo con un trueiro antes de que se desprenda del.




Figura 1.- Raña ou tamén chamado cotelo. Átase un cangrexo á pedra e arrástrase polo fondo para enganar ao polbo que se abraza a el e poder ser izado ata a embarcación.

Nos anos 50 empezaron a difundirse as nasas de madeira feitas de eucalipto e piñeiro e mesmo a finais dos 70 eran as máis abundosas. Aínda existe hoxe en día unha fábrica de nasas de madeira en Muxía que as comercializa coma entón desmontadas e é o comprador quen ten que montalas (coma Ikea) cravos aparte. Habíaas de ferro pero dedicábanse a especies coma o camarón e a

nécora pois tiñan unha estrutura máis ben débil e non podían ser caladas nos caladoiros nos que abundaba o polbo xa que dobraban pola forza do mar. Ademais as de madeira eran máis baratas. A partires destas datas, nos 80's, e ata a actualidade as nasas de aceiro con unha estrutura moito máis forte foron substituíndo ás de madeira para traballar ao polbo e quedaron as de madeira para a nécora nas Rías Baixas. A nasa é un arte pouco selectivo pois atrapa toda clase de especies, pero ten a vantaxe de que as que entran nela non se danan e poden ser liberadas ao mar vivas, xa sexa porque non dan a talla ou ben porque non interesan polo seu pouco ou nulo valor comercial (e as que atrapa o polbo ao entrar na nasa que as captura facilmente nese estreito espazo de onde non poden escapar). Na actualidade a pesca do polbo exercece principalmente con nasa sendo o bicheiro e a raña case anecdóticos quedando reservados para os mariñeiros xubilados. Así e todo un destes pode facer xornadas de ducias de quilos de polbo dado o seu coñecemento dos laños onde se atopan estes animais.

A faena está legalmente regulada tanto no seu horario coma no número de nasas que pode empregar cada embarcación con permiso para elo (hai aproximadamente 1.500 licencias na actualidade en toda Galicia) e dependendo do tamaño do barco. O traballo ten que ser diúrno e o número máximo de nasas é de 350 (e feita a lei, feita a trampa). Na maioría da costa




Figura 2.- Nasa de aceiro para polbo empregada en toda Galicia

as nasas deben ser transportadas a porto no fin de semana. A faena habitual non supera as 8 horas dende a saída de porto ata a volta a terra agás nos barcos máis grandes.

É habitual deixar as nasa caladas durante a noite e ir a levantalas a primeira hora facendo logo lances coas mesmas nasas cada dúas ou tres horas. As nasas trabállanse en conxuntos ou caceas ou riceiros de 20 a 40 unidades amarradas mediante un cabo ou rabiza a outro cabo máis forte ou liña nai. Os extremos das caceas deben identificarse con boias de sinalización co nome e folio da embarcación.

As nasas constan dunha estrutura case que cilíndrica externa de ferro (ou madeira) que protexe á malla que vai por dentro. Nun lado leva una xareta que permite abrir e pechar a nasa para extraer as presas. Normalmente o cebo, que é peixe de baixa cotización introdúcese nunha bolsiña de malla de 1 cm de luz ou menos, para que o polbo non a poda levar fóra da nasa para devoralas noutro sitio (*figura 2*).

O polbo pode entrar e saír da nasa ao seu antollo a través do embude situado na parte superior da nasa ou boca que



Figura 3 – Polbo macho amosando as súas ventosas agrandadas.

en realidade non é un embude senón un tubo cilíndrico. Hai que recordar que o polbo non traga as presas enteiras senón que debe tallalas en anacos pequenos co seu pico de loro. O esófago polo que debe pasar o alimento dende a boca ata o estómago é estreito e está rodeado polo cerebro. É un animal que pódese dicir ten a boca nas axilas (*figura 3*).

En canto ao rendemento das nasas pódese dicir que oscila moito dunhas épocas do ano a outras e dun ano para outro. Sen embargo pódese considerar un bo rendemento cando se precisan seis nasas para extraer un quilo de polbo comercial. A época peor para a pesca é o verán cando as femias está coidando as postas de ovos nos seus laños e non se alimentan. Nesta época non se sabe aínda se hai tamén algún fenómeno migratorio implicado.

PRODUCCIÓN

As descargas de polbo nos portos galegos rolda en termo medio as 2.500 tn anuais de acordo co Servizo de Información Pesqueira da Xunta de Galicia entre 2001 e 2017, con un máximo de 4.200 tn en 2010 e un mínimo de 1.750 tn en 2015. Sen embargo nos rexistros da *Dirección General de Pesca Marítima* dos anos 1961-79 figuran cantidades que cuadruplican e incluso quintuplican as cantidades actuais. Permítaseme a licenza de poñer en interdito estas últimas cifras. Non teño modo de investigalo pero me temo que aquelas estatísticas da DGPM englobaban descargas doutros caladoiros. Doutra parte




Figura 4 – descargas de polbo en todas as lonxas de Galicia agrupadas e na de Bueu.

dubido que coa flota existente naqueles anos e a súa dotación de motorización e haladores puideran desenvolver un esforzo pesqueiro que permitira pescarse semellantes cantidades de polbo aínda que as houbera no caladoiro

A evolución das descargas de polbo amosan variacións moi importantes interanuais (*figura 4*) probablemente debido á estratexia reprodutiva deste cefalópodo de vida curta e da variabilidade do afloramento (upwelling) costeiro que abona a cadea trófica das costas galegas. Na serie 2001-17 non se observa tendencia ningunha ni en diminución nin en aumento.

Os datos dispoñibles na web de pescadegalicia.com non permiten desagregar a información polo que se presentan agrupadas todas as vendas de todos os barcos que venden nelas. Cada embarcación pode vender na lonxa que prefira dependendo das súas preferencias ou da cotización. Por exemplo a lonxa de Bueu recibe a pesca de embarcacións doutras lonxas da ría de Pontevedra e probablemente doutras rías xa que é a terceira lonxa de Galicia en canto a cantidade de polbo vendido (detrás da de Coruña e da de Ribeira). Por termo medio en Bueu véndese o 10% do polbo galego acadando un prezo por quilo un 11% superior ao do resto das lonxas galegas en conxunto.

Un dos caladoiros de polbo máis importantes da ría de Pontevedra é a parte exterior das illas Ons especialmente ao sur delas onde existen bancos de rabioso (*Glycymeris glycymeris*) un bivalvo moi apreciado polo polbo.

Este ano de 2018 é un dos máis pobres en capturas de toda a serie histórica o que ten suposto a suba do prezo.

ANTIGAS TÉCNICAS DE PESCA DO POLBO. UN NECESARIO DOCUMENTAL ETNOGRÁFICO

O lóxico desenvolvemento das embarcacións e as artes de pesca, provocan que a grandes pasos se vaian perdendo ancestrais artes e métodos de capturas, que de non poñer algo da nosa parte, en pouco tempo desaparecerán da mente de todos.

A pesca do polbo fixo que os habitantes de Ons, que durante dous séculos viviron illados e nas máis duras condicións de vida, crecieran economicamente e puideran montar outra vida na península que lles proporcionou unha mellor calidade de vida.

Coido que o dar a coñecer esas artes por medio dun documental, onde nos ilustren e relaten como eran eses primitivos métodos de pesca e o seu uso, sería dar un paso de xigante para que as xeracións vindeiras poidan coñecer un importante elo da nosa etnografía e da cultura popular mariñeira dun espazo e dunha comunidade que hoxe pertence ao único Parque Nacional de Galicia.

Estamos a tempo, ollo pouco, pero en Ons aínda queda unha dorna en uso e mariñeiros que contan entre 65 e 75 (*figura 5*) anos cun estado de forma increíble que non terían inconveniente e poñerse de novo aos remos da dorna e cos vellos aparellos, que aínda conservan, ser actores experimentados para desenvolver unha xornada de pesca coas artes do espello e a raña (*figura 6*) e así quedar reflectido nun documental ao que se lle quitaría moito proveito educativo, informativo e divulgativo.

Dende este modesto artigo quero animar ás administracións, sobre todo aos xestores do Parque Nacional, para que se poñan ao labor e favorezan a realización dun documental sobre estas artes de pesca do polbo en Ons, subvencionando a súa produción, coido que sería de gran utilidade no Centro de Interpretación de Vigo, así como nos diferentes Centros das demais illas do Parque.



Figura 5 - Cesáreo, mariñeiro de Ons calafateando a única dorna que hoxe podemos ver en Ons. El podería ser un magnífico protagonista dese documental.



Figura 6 - Dous mariñeiros de Ons pescando coa arte da Raña. 1982

REFLOTANDO UN SUBMARINO EN TAMBO

Por: Yago Abilleira Crespo

No ano de 1952, un vello submarino, usado coma buque albo para as prácticas de tiro pola Escola Naval, resultou afundido preto de Tambo. Esta é a historia de como volveu á superficie, no que creemos que é o único reflotamento dun submarino en Galicia.

O asunto saltou buscando eu información doutros submarinos. Dende o Órgano de Historia y Cultura Naval, da Armada Española, déronme algunha pista, e puiden localizar o artigo que escribiu o enxeñeiro que dirixiu a operación, que é a principal fonte deste artigo.

O submarino en cuestión é o *C1*, tamén chamado *Isaac Peral*, duns 70 metros de longo, construído en Cartagena (Murcia) a mediados da década de 1920. Non tivo unha historia especialmente intensa. Durante a Guerra Civil operou baixo as ordes da República, ata que un avión de Franco o atacou ata afundilo no porto de Barcelona. Foi reflotado e levado a un estaleiro, onde acabou capturado trala caída de Barcelona, coas cargas de autodestrución colocadas pero non activadas. Tras ser reparado, prestou servizo coma buque de superficie para adestramentos de futuros submarinistas. Posteriormente foi recalificado coma buque albo e levado a Marín.



O submarino C2, idéntico ó C1, no varadoiro de Tiburcio entre xuño de 1956 e xullo de 1956. APM. Estudios Ocaña.

Xa en 1952, foi usado para uns exercicios de tiro, no que recibiu uns impactos. Era un venres e quedou ancorado preto de Tambo, pero o domingo xa non se vía. Estaba afundido a uns 35 metros de profundidade, e a Armada optou por reflotalo, encargándolle a tarefa ó entón Capitán de Enxeñeiros Navais Ángel del Río y Jáudenes.


O primeiro problema foi localizar o naufraxio. Comezaron usando buzos con escafandro de bronce, pero era complicado e acabaron usando "ranas". Finalmente atopouse o somerxible e fóronselle tapando os buratos dos canonazos. Tras moito meditar,

optouse por achicar a auga do interior con aire comprimido e un intelixente e sinxelo sistema de tubarias, coma o que se ve no esquema, por varios compartimentos do *C1* e que se foi probando un a un. O aire iría desaloxando a auga e así a nave saíría á superficie. Para maior seguridade e control, dúas potentes grúas, enganchadas ós cáncamos de proa e popa, axudarían na labor.

Pero as cousas nunca saen coma un quere. Cando xa estaba todo listo, preparáronse as grúas e, as primeiras de cambio, o cáncamo de proa rompeuse, imposibilitando así o uso da outra grúa, pois podería descompensar o izado. Vistas as opcións, optouse por facelo "ás bravas" metendo aire comprimido no submarino a toda potencia e agardar que a cousa fose ben.

En apenas cinco minutos, o submarino asomou de novo. Era tal a presión do aire que, ó chegar a superficie, saíron de dentro uns enormes "géiseres" de auga que chegaron ata os 20 metros de altura, coma se fose unha balea resollando. Seica os mariños que estaban nos labores de salvamento lanzaron as súas gorras ó aire, e non sería para menos, vaia espectáculo tivo que ser aquilo!

O somerxible foi levado ata a praia de Tambo, onde se lle fixeron outras reparacións de urxencia. Posteriormente foi remolcado ata Cartagena e posto á poxa en 1959 coma chatarra.



DEBUXO DO INTERIOR DO SUBMARINO

Esquema de como se achicou o submarino soamente metendo aire.

BIBLIOGRAFÍA:


Salvamento del submarino C-1 hundido a 35 metros de profundidad, convertido en buque blanco para tiro naval. Ángel Díaz del Río y Jáudenes (Teniente Coronel de Ingenieros Navales), Revista Ingeniería Naval, ano LXX, N° 789, Xaneiro 2002. Disponible na web sectormaritimoes.com

FUENTE:

Archivo General del Puerto de Marín, Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra.

ERNESTO GODAY, O PINTOR DE O GROVE

Por: Xoán Ramón Pillado Silvoso



Autorretrato (1958).


Ao longo dos séculos XVIII e XIX instálanse en Galicia, concretamente nas Rías Baixas, un gran número de comerciantes cataláns, os coñecidos como *fomentadores*, que veñen buscar sardiña para abastecer o seu mercado, fundando aquí as primeiras industrias de salga. Co tempo traen tamén as súas familias, ou fórmanas aquí. Son moitos os apelidos de orixe catalá integrados hoxe en día na paisaxe onomástica de Galicia. Nomes como Massó, Barreras, Puig, Roig, Carreró, Curvera, Ferrer, Curt, Miser, Tapias, Norat... e Goday, aparecen en vilas e cidades da beira do mar, e pronto pasan a ser habituais entre nós.

A familia Goday non só amosaría o espírito emprendedor e laborioso dos fomentadores, tamén entre os seus xenes definitivos estaría o da creación artística, na que destacarían de xeito sobranceiro moitos dos seus membros. Son os casos, por exemplo, en Catalunya, do arquitecto modernista Josep Goday Casals, autor de numerosos edificios públicos, entre eles o de Correos, en Barcelona; a música Gemma Goday; ou os pintores Ignacio Serra Goday e Gemma Romero Goday. E aquí, en Galicia, Ernesto Goday, tamén pintor.


Ernesto Goday Caamaño nace en O Grove, no barrio do Corgo, no ano 1914. O seu bisavó, José Goday Llauger, fora o fundador da primeira factoría de salga en Punta Moreiras e Meloxo, alá polas primeiras décadas do século XIX, mentres outros irmáns dirixían os seus pasos cara a Vilanova, A Illa ou Muros.

Na escola de don Eugenio Lueiro, pai do escritor Manuel Lueiro Rey, as habelencias do neno Ernesto para o debuxo non pasan desapercibidas, e este, nunha visión precursora do que sería o seu futuro profesional, pensa que lle pode sacar partido ás súas dotes artísticas. Nunhas tiras de papel, coma se fose unha película, debuxa escenas dunha historia calquera, que despois vai pasando por unha xanela aberta nunha caixa de cartón, a xeito de pantalla. E como as moedas de curso legal non eran moi abondosas, Ernesto vaille cobrar aos seus amiguiños unha forma. Da arte tamén se pode vivir.

Pero son máis as persoas que se decatan das calidades artísticas de Ernesto. Un parente seu, Francisco Otero Goday, avogado, que despois sería alcalde e xuíz de paz do Grove, tamén posuidor dos xenes artísticos da familia - era un gran tallista - será quen o inicie nesta técnica e na da pintura. Ernesto, aínda que fixo tallas de gran valor, como algunha arca e unhas figuras para o mascarón de proa do iate dun industrial local, que non se chegou construír, pronto se foi polo camiño dos lapis e dos pinceis, onde el se atopaba máis a gusto. Durante toda a súa infancia e adolescencia dedicouse a debuxar e pintar, mellorando pouco a pouco a súa técnica. Cando se enrola na Mariña, e o colle a guerra a bordo do acoirazado *España* e despois no minador *Vulcano*, os seus xefes, que axiña tamén se dan de conta dos seus dotes, encárganos



O primeiro estudio, na súa casa familiar de Lordelo - O Grove (1950).



Ernesto Goday cos seus grandes amigos, o escultor Alfonso Vilar e o escritor Manuel Lueiro, en Madrid (1954).

da confección de cartas mariñas e de sinalar as rutas do barco nas mesmas.


De volta á vida civil, a situación de posguerra, os anos da fame, non é o mellor escenario para vivir da arte, e aínda que segue debuxando e pintando, tamén se ten que dedicar a outro tipo de pintura, a da “brocha gorda”, que alterna con traballos na fábrica de conservas Thenaisie-Provote. Pero a vocación artística de Ernesto é forte e, de xeito autodidáctico, segue o seu progreso, facendo copias de cadros clásicos en miniatura, a través de estampas e reproducións, faceta na que acadou un gran virtuosismo. Rafael, Velázquez, Rembrandt, Van Dick, Zurbarán, Rubens... son fielmente, pero tamén persoalmente, interpretados. Cos seus cadernos de notas e o seu cabaleta percorre as rúas do Grove, e tamén doutros lugares de Galicia, recollendo a luz e a cor

de rúas e recunchos, mariñeiros traballando e pasando os seus momentos de lecer nas tabernas, paisaxes de portos e praias...; e tamén facendo retratos por encarga. Entre os seus veciños do Grove e os veraneantes que veñen pola Toxa, que o animan a que siga e dea un paso máis na súa traxectoria, vai colocando pouco a pouco as súas obras.

Autoconvencido xa das súas posibilidades reais, decídese a facer a súa primeira exposición “en serio” e escolle a cidade portuguesa de Porto, cidade con fortes evocacións mariñeiras, ás que non era alleo o debutante artista. A exposición, no Salão Fantasia, entre o 11 e o 20 de xuño de 1947, significará un punto de inflexión na vida de Ernesto Goday, que a partir de agora decidirá vivir



Romería da Lanzada (1984)



As dornas, un tema moi querido por Ernesto Goday (1968).

enteiramente para e da pintura. A esta exposición seguen outras xa en terras galegas. No mesmo ano, no mes de novembro, na Asociación de Artistas da Coruña, e ao ano seguinte en Vilagarcía (xaneiro), Santiago (xuño) e Vigo (novembro); para rematar esta primeira etapa no ano 1949 en Pontevedra (abril), A Toxa (verán), outra vez en Vigo (decembro), e no ano 1950 na súa vila natal de O Grove. A crítica recibeo ben, tratándoo como unha firme promesa da arte galega, pero tamén lle fai ver os seus puntos negros. Iso de facer copias de obras mestras, por moi ben que as faga, non é o camiño dun artista que queira triunfar; o artista ten que crear, facer obra propia e ser fiel a si mesmo. Aguiñado por estas manifestacións e

animado por voces amigas, como a do tratadista de arte e pintor Antonio Nogales, que se converterá no seu grande valedor, decide en 1948 trasladarse a Madrid, onde acode ás clases do Círculo de Belas Artes e da Academia de San Fernando. Dende entón, e ata a súa morte, Ernesto Goday alternará tódolos anos períodos de estadia en Madrid (inverno e primavera) con períodos de estadia na súa vila natal (verán e outono). Dende Madrid aproveitará para desprazarse a outros lugares, como a Andalucía, onde fará retratos de personaxes da nobreza sevillana; ou por Castela e Levante, descubrindo novas paisaxes bañadas por outra luz distinta da que el estaba acostumado a reflectir.

As décadas dos anos 50 e 60 son as de maior produción e creatividade do noso pintor. Son anos de pescuda, de ensaios e descubrimentos, de mellora e pulido dunha indiscutible técnica da que é

posuidor; de abrir novos camiños e de reafirmarse noutros; de xogar con luces, cores e formas nun sempre querido impresionismo, ou de explorar formas xeométricas dun poscubismo aínda vivo.

Tamén é a época na que chegan os recoñecementos e premios. Os críticos celebran os seus progresos e destacan a súa calidade. Antonio Nogales, valora nel *“o modo de construír a forma no debuxo, de estender a cor, o toque do pincel, as gamas frías ou quentes que emprega, a entoación de luces e sombras, o que se chama o claroscuro, e o arranxo destes elementos na composición do cadro”*. Outros destacan que *“cun toque áxil, pincelada curta e cor múltiple, ordena en profundidade os seus barrios mariñeiros de pequenas casas e estrutúraos con levisimos ecos neocubistas”* (Carlos Areán), ou que a súa pintura é *“unha pelexa vitoriosa contra a facilidade, contra o deixarse ir, e contra o esteticismo amaneirado e conformista que tantas vocacións ten frustrado”* (Julio Sigüenza). Pero, posiblemente, a mellor definición do



Pintando o cadro “Muchachos”, que sería premiado coa 3ª medalla no Salón de Outono de Madrid, no ano 1958.

pintor dánola unha persoa que non é un crítico de arte, o seu gran amigo Lueiro Rey, cando di que *“A pintura de Goday ten como elementos básicos os seguintes: sinceridade e paixón”*.


Con estas cartas de presentación os premios non se farán de rogar. Nos Salóns de Outono que organiza en Madrid a Asociación Española de Pintores y Escultores, Ernesto Goday ten sempre unha participación destacada, e nos anos 1958, 1960 e 1961 consegue a terceira, segunda e primeira medalla, respectivamente, cos cadros “Muchachos”, “Ginatilla con palmas” e “La brisca”, o primeiro e o último retratando tipos mariñeiros de O Grove, e o segundo, froito da súa experiencia madrileña. Tamén é distinguido cun primeiro premio de debuxo polo



A profundidade psicolóxica da persoa reflectida nos seus retratos (1972).



“La brisca”. 1ª medalla no Salón de Outono do ano 1961.



En Benidorm recollendo a luz do Mediterráneo (1964).


Círculo de Bellas Artes de Madrid en 1972. Amais destas e outras distincións, é invitado e seleccionado para participar en distintos certames e exposicións, como nas Exposicións Nacionais de Belas Artes de Madrid e Barcelona, Bienais de Zaragoza, Certame Nacional de Artes Plásticas ou Xove Figuración.

Como “despois da tempestade vem a bonanza”, na década dos setenta Goday, que segue coa súa fecunda produción, decide tomarse una época de “reflexión” e deixa de acudir ás grandes exposicións e certames, onde tantos éxitos acadara. Instalado pramenteiramente na pintura figurativa, con lixeiros chiscos ao posimpresionismo e ao poscubismo, vaise centrar na resposta á demanda dun público fiel e gustoso do seu persoal estilo. O que non vai deixar é o de abrir puntualmente tódolos veráns, ata pouco antes da súa morte, as dúas exposicións máis queridas por el, a da súa casa-estudo de O Grove e a do hotel de A Toxa. Afastado xa dos grandes círculos artísticos das capitais, aínda participará en Madrid nalgunhas Exposicións de Pequeno Formato organizadas pola Asociación de Pintores e Escultores á que pertencía, e tampouco dubida en participar e colaborar en exposicións colectivas de carácter máis local en Pontevedra, Cambados, O Grove, Vilagarcía...

As súas inquedanzas artísticas están satisfeitas e non ve a necesidade de aventurarse en novos movementos pictóricos, como manifesta nas respostas a algúns periodistas que lle piden a súa opinión sobre a arte abstracta: “*A miña sinceridade e honradez non me permiten facer tentativas nin piruetas miméticas*” (Diario de Pontevedra. 1964);

“...é evidente que os máis avanzados (pintores abstractos) volven xa ao figurativo” (ABC. 1967). Alieo a modas, vangardas e críticas, reafirmárase na súa liña consonte con aquela sinceridade e paixón que Lueiro sinalaba como bases da súa personalidade artística.

A extensa e prolífica obra de Ernesto Goday atópase hoxe en día espallada por numerosas coleccións particulares de distintos países e en varios museos e institucións; onde está presente o mar do Grove, as súas xentes, os seus traballos e as súas paisaxes. Morto no ano 2001, o seu pobo non o esquece, a organización de Festa do Marisco concedeulle a centola de ouro, o Concello nomeouno Fillo Predilecto, organiza anualmente o Concurso de Pintura Ernesto Goday e este ano convocou unha bolsa de traballo para tentar localizar e catalogar a súa inmensa produción. Ernesto Goday non está esquecido, sigue vivo.




O estudio do pintor nos últimos tempos.

Expediente de inventario e venda da madeira aparecida aboiano nas Illas Ons en 1876

Por: Belarmino Barreiro Rosales

O día 30 de abril de 1876 arribaron aboiano en Ons unha serie de paus, posiblemente caídos ó mar da mercadoría dun barco cargueiro que os transportaba o que levou a instrución por parte da Facenda estatal dun expediente administrativo no que se viron involucradas varias administracións como a local, a de mariña e a de Rendas nacionais na posterior poxa. O documento conservado no arquivo municipal de Bueu relativo ás súas actuacións no asunto e que aquí se reproduce, amais de falarnos dos personaxes involucrados no momento (autoridades, alcalde de barrio ou pedáneo da Illa, encargado da fábrica de salga ou almacén, o fomentador, o *rematante da subhasta*, o torreiro do faro ...) provócame unha reflexión sostida no tempo ata hoxe: a ausencia física da administración municipal na propia Illa. Isto é, a razón de ser de todo

concello é a poboación e mailo territorio. Bueu como termo municipal ten a honra de contar como singularidade, cunha parte insular na súa demarcación como son as xentes e mailas Illas de Ons e Onza, pórtico de entrada da ruta marítimo xacobeá xunto con Sálvora. Coma no seu momento ocorreu, tamén coas parroquias de Aldán e Hío, parece que ás autoridades locais fora máis unha carga que un tesouro, pois a presenza institucional na Illas cóntase cos dedos dunha man. Poida que en todo o século XIX a única vez que un Alcalde de Bueu pisara Ons no exercicio do seu cargo fora esta que aquí se reproduce “obrigado” pola Facenda provincial do Estado en beneficio da mesma. E a isto me refiro con “en beneficio de”. Lembro que no ano de 2004 tiven a proposta de celebración dunha sesión plenaria da Corporación Municipal na Illa



As illas de Ons e Onza, vistas dende San Vicente de O Grove.

de Ons, nacida no ano 2002 polos feitos acaecidos do naufraxio do buque Prestige e as posteriores visitas de diversas autoridades entre elas a do propio Rei e mailo Príncipe de Asturias, hoxe Felipe VI. Alguén opinaría hoxe sobre se Aldán e Hío son unha carga para Cangas ou as Illas Cíes para Vigo?. Aínda hoxe Bueu ignora o que Ons ten por agardarlle.

Ó timbre, selo da Axudantía militar de Mariña de Sanxenxo /

O Sr. Administrador de Facenda da provincia de Pontevedra en oficio do 3 do actual, dime o seguinte: “Contestando ó seu atento oficio de data 1º do actual debo manifestar a Vde. toda vez que nesa localidade non existe Admón. de Aduanas nin de Rendas, é a autoridade local a designada para intervir no depósito dos efectos arrolados polo mar na praia da Lanzada debendo conservar no seu poder un inventario de ditos efectos, remitindo copia a esta oficina autorizada en forma; e Vde. pola súa parte dar coñecemento a dita autoridade e a esta Administración do resultado do expediente que a Vostede compete instruír, tan logo como estea rematado para asegurar os lexítimos dereitos que á Facenda correspondan”. E tendo que

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

proceder ó depósito de varias pezas de cedro e “pinavete” arrastrados polo mar na Illa de Ons pertencente a ese distrito, hei de merecer a Vde. sírvase dicirme con anticipación o día que proceda pasar á dita Illa para proceder ó referido depósito, ou noutro caso, designar o delegado da súa autoridade con quen deba entenderme.

Deus que a Vde, ms as. Sanxenxo, xullo 6 de 1876. Asinado Manuel Ramón Amado para Sr. Alcalde constitucional do distrito de Bueu.

Providencia / para que pida ter efecto o depósito dos toros ou pezas de cedro e “pinabete” que con intervención desta Alcaldía mándase facer pola Admón. económica da provincia, segundo resulta da anterior comunicación protesta o provedor constituírse na Illa de Ons onde ditos toros foron tirados, o próximo día luns 17 do corrente e hora o máis cedo da súa mañá participándose así por medio de oficio ó Sr. Axudante de Mariña de Sanxenxo a fin de que á súa vez se presente na citada Illa dito día con tal obxecto. Determinouno e asina o Sr. Alcalde deste distrito D. Manuel González Pla, en Bueu a once de xullo de mil oitocentos setenta e seis. Sinaturas de Manuel González Pla e Nicolás María Seijo Rego, secretario.

Razón / Éa de que en cumprimento da anterior providencia formouse e dirixiu con data de hoxe ó Sr. Axudante de Sanxenxo a comunicación de que aquela trata de que eu, secretario certifico en Bueu a once de xullo de mil oitocentos setenta e seis. Seijo, secretario.


Ó timbre, selo da Axudantía militar de Mariña de Sanxenxo /

Foime entregada a súa comunicación do día de onte coa que me atopo conforme e o día 17 do actual constituireime na Illa de Ons a non impedilo causa moi poderosa. Deus garde a Vde. moi atentamente. Sanxenxo 12 de xullo de 1876. Asinado Manuel Ramón Amado para Sr. Alcalde constitucional do distrito de Bueu.

Auto / O precedente oficio únase ós antecedentes da súa razón e respecto á conformidade do Sr. Axudante de Sanxenxo, facilítese a correspondente embarcación por conta dos fondos municipais sen o prexuízo debido para poder trasladarse a Alcaldía á Illa de Ons o inmediato día dezasete do actual. Provéoo e asina o Sr. Alcalde deste distrito D. Manuel González Pla en Bueu a catorce de xullo de mil oitocentos oitenta e seis. Sinaturas de Manuel González Pla e Nicolás María Seijo Rego, secretario.

Dilixencia de Inventario / Na Illa de Ons, dependente da parroquia de Beluso, distrito municipal de Bueu a dezasete de xullo de 1876 o Sr. Alcalde do mesmo, D. Manuel González Pla asistido do infraescrito secretario, D. Nicolás María Seijo, desexoso de dar cumprimento ó prescrito pola Admón. económica da provincia con data tres do corrente, dispuxo trasladarse a este punto con obxecto de intervir na formación do inventario dos efectos traídos polo mar en aquela e por comunicación constituído tamén nela o Sr. Axudante de Mariña do distrito de Sanxenxo, D. Manuel Ramón Amado que entende na instrución do correspondente expediente procedeuse á confección de aquel. dos que os traballos deron o resultado seguinte:

- 1.- Un toro de cedro dun metro e noventa centímetros de longo cincuenta e seis centímetros de ancho e corenta e tres de espesor, a que fora taxada en corenta pesetas.
- 2.- Outro de cedro dun metro setenta e seis cm. de longo cincuenta cm. de ancho nunha cabeza e corenta e oito de ancho e corenta e seis cm de espesor fora taxada en corenta pesetas.
- 3.- Outro de cedro dun metro noventa e cinco cm de longo, trinta e seis cm de ancho, trinta e seis de espesor nunha cabeza e trinta na outra da que a diferenza provén dunha falta que ten nun costado procedente do golpe contra as pedras, a que fora taxada en vinte e cinco pesetas.
- 4.- Outro de cedro dun metro oitenta e cinco cm de longo, trinta e oito cm de ancho nunha cabeza e seis na outra e trinta e dous de espesor a que fora taxada en trinta pesetas.



5.- Outro de cedro, rachado e fendido de dous metros corenta e oito cm de longo, corenta e cinco cm de ancho, trinta e cinco de espesor nunha cabeza e trinta e oito na outra, a que fora taxada en cincuenta pesetas das que as fendeduras e estelas proveñen do envorcado dado volta do carro ó conducila ó depósito por efecto das pendentas da Illa.

6.- Outro de cedro de tres metros dez centímetros de longo, trinta e seis cm de ancho nunha cabeza e cinco na outra, trinta e seis de espesor nunha cabeza e trinta e catro noutra que fora taxada en trinta e cinco pesetas.



Pinabetes. Foto: www.publinews.gt

7.- Outro de “pinabete” picado da broma de dous metros setenta e cinco cm de longo, trinta cm de ancho e vinte e oito en cadro que foi taxado en sete pesetas.

8.- Outro de pinabete picado da broma de dous metros setenta e cinco cm de longo, vinte e oito cm de ancho en cadro, fora taxado en seis pesetas

9.- Outro de pinabete picado da broma de dous metros corenta cm de longo, trinta cm de ancho e vinte e oito de espesor, taxado en oito pesetas

10.- Outro de pinabete picado da broma de tres metros de longo, vinte e oito cm de ancho e vinte e sete de espesor, taxado en dez pesetas.

11- Outro de cedro de dous metros cincuenta e catro cm de longo, trinta e oito cm de ancho nunha cabeza, corenta na outra, trinta e cinco de espesor nunha cabeza e trinta e oito na outra que fora taxado en trinta e cinco pesetas.

12- Outro de cedro de dous metros corenta e oito cm de longo. corenta e seis cm de ancho nunha cabeza, corenta e cinco de espesor, corenta e oito de ancho na outra e corenta e dous de espesor taxado en corenta pesetas.

13.- Outro de cedro de dous metros setenta e cinco cm de longo, cincuenta cm de ancho e corenta e oito de espesor, taxado en sesenta pesetas.

14.- Outro de cedro dun metro setenta e cinco cm de longo, corenta e dous cm de ancho e corenta de espesor, taxado en vinte e cinco pesetas.

15.- Outro de cedro dun metro noventa cm de longo, corenta e catro cm de ancho nunha cabeza, corenta e seis na outra e catro de espesor, que fora taxado en trinta e cinco pesetas.

Son os únicos efectos que como existentes na predita Illa foron inventariados pola Axudantía de mariña, os cales despois de recollidos no almacén ou establecemento salazonario (sic) que manipula D. Antonio Córdova (sic), foron postos baixo o coidado e custodia do Depositario Manuel Vidal encargado da fábrica por ausencia do seu principal que se constituíu responsable da súa presentación sen prexuízo das xestións do seu principal. E ós fins que importen, despois de ter dado as ordes máis terminantes ó Alcalde de barrio da referida Illa para prestar auxilio que con motivo dos toros de percha poidan demandárselle pola autoridade de mariña e os seus subalternos, asina o Sr. Alcalde o presente inventario do que dispón se remita copia ó Sr. Administrador Xefe da provincia, de todo o que eu, secretario, certifico. Asinado Manuel González Pla e Nicolás María Seijo, secretario.

En 20 do propio mes remitiuse copia da anterior dilixencia de inventario ó Sr. Administrador da provincia.


Axudantía de Mariña de Sanxenxo / Inventario dos once toros de cedro e catro de “pinavete” que arrastrou o mar na illa de Ons o 30 de abril e primeiro de maio últimos que se atopan depositados en dita illa no almacén de Don Antonio Córdova (sic) e dos que se fai entrega ó Sr. Alcalde de Bueu como representante da Facenda. *(Segue a mesma relación transcrita en distinta orde)*. Illa de Ons a tres de novembro de mil oitocentos setenta e seis. O Axudante de mariña. Selado

Ó timbre, selo da Axudantía militar de Mariña de Sanxenxo/ Tendo disposto pola superioridade a entrega dos toros de cedro e pinavete arrastrados polo mar neste distrito, ó representante da Facenda baixo inventario, espero me manifeste Vde o día que pode pasar á illa de Ons para facerse cargo dos que se atopan depositados coa súa intervención no Almacén de D. Antonio Córdova. Deus que a Vde. ms. as., Sanxenxo 4 de outubro de 1876. Asinado Manuel Ramón Amado para Sr. Alcalde Constitucional do distrito de Bueu.

Ó timbre, selo de rendas nacionais da provincia de Pontevedra / Téndose satisfeito o imposto das madeiras que á marxe se expresan (quinze toros de cedro e pinavete subhastados o 19 de xaneiro último que se atopan depositados no almacén do Sr. Córdoba na Illa de Ons), sírvase Vde dispor sexan entregadas a Don Antonio Córdoba e Moar, unha vez nada se adebeda á Facenda polo importe do remate das mesmas. Deus que a Vde ms.ans. Pontevedra xuño 14 de 1877. Asinado Robustiano Paz para Sr. Alcalde de Bueu.

Ó timbre, selo de rendas nacionais da provincia de Pontevedra / O comunicado que subscribe, enterado da comunicación de Vde, data 24 de xuño último, debe manifestarlle: que por virtude de orde da Administración económica desta provincia procedeu á venda das perchas que rematou Don Ramón Murientes o día 19 de xaneiro último segundo anuncio do boletín de rendas número do día 19 de decembro de 1876. Que non cre esta oficina de intervención algunha da entrega das perchas ó Axudante de mariña de Sanxenxo, pois tendo disposto a Facenda Civil a venda das mesmas debeu ter procedido antes á entrega de aquelas pola autoridade de mariña e neste caso non ten xa nada que ver dita autoridade coa súa entrega. E que se o torreiro D. Manuel Estévez e outros da Illa crense con dereito ó aboamento da súa parte de gastos de salvamento, poden facer as reclamacións á Administración económica da provincia quen resolverá o procedente, pero nunca impedir a entrega duns efectos que se atopan pagados ó Estado e que o rematante ten dereito a recoller. Deus que a Vde. ms as. Pontevedra, xullo 2 de 1877. Asinado Robustiano Paz para Sr. Alcalde de Bueu.

(Carta) / Sr. D. Nicolás María Seijo (*Secretario xeral do Concello de Bueu*). Vigo xullo 14 de 1877. Moi Sr. meu e estimado amigo: rogo a Vde se sirva dicirme se por esa Alcaldía expediuse a orde ó Pedáneo da Illa de Ons para a entrega dos troncos de perchas que rematei á Facenda. Non sei ata que punto puido retrasarse dita orde, pois vai facer un mes, con visible prexuízo do rematante. Sabe Vde. o aprecio seu sempre afmo. ans. L.B.J.M. Asinado Antonio Córdoba e Moar.




Pazo e serea na Illa de Sálvora á entrada da ría Arousa.

Ó timbre, selo de rendas nacionais da provincia de Pontevedra / Parece que esa Alcaldía nambergantes, da contestación dada en 2 do corrente sobre a entrega das perchas a D. Antonio Córdoba, dubida aínda se a entrega ha de facerse a D. Ramón Murientes, desta veciñanza ou ó expresado Sr. Córdoba; Don Ramón Murientes foi o verdadeiro rematante, pero como antes de facer o pagamento cedeunas ó Don Antonio Córdoba, segundo debidamente consta na Administración económica desta provincia; ó dito Sr. Córdoba ou persoa que este autorice é a quen hai que facer a entrega daqueles toros e non deter nin un momento máis a realización desta entrega que vén a recaer en desprestixio da boa administración. Deus que a Vde.ms as. Pontevedra a xullo 16 de 1877. Asinado Robustiano Paz para Sr. Alcalde de Bueu. *Nota á marxe/ Deuse orde ó Alcalde de barrio de Ons en 20 de xullo de 1877 para que o depositario Manuel Vidal entregue a D. Antonio Córdoba ós 15 toros de cedro e pinavete.*

(Recibo) / Segundo as disposicións dadas polo Alcalde de Bueu para que se entregaran as perchas que existían na fábrica de sardiñas desta Illa a Don Antonio Córdoba, eu como o seu representante dou este recibo ó alcalde pedáneo de ter recibido quince toros de percha de cedro e pinabete. E para que conste dou este e por non saber asinar faino ó seu rogo D. Marcelino L. Casariego. Illa de Ons 4 de outubro de 1877. A rogo de José María Giráldez, asina Marcelino L. Casariego.

Torre de Santa María de Cela, novembro e vinte e dous de dous mil dezoito



FARO DE ONS, EXPROPIACIÓN DE TERREOS EN 1917

Por : Lino J. Pazos Pérez

O 8 de abril de 1916, “*el Cuerpo Nacional de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos*” abre un expediente de: “*expropiación forzosa de los terrenos que han de ser ocupados en el término municipal de Bueu con las obras de ampliación y reforma de la torre y edificio del faro de la Isla de Ons*”, solicitando ao Enxeñeiro encargado do faro, e ao concello de Bueu, remitan a relación de propietarios dos terreos...

As xestións deberon realizarse con prontitude pois a Illa, parece ser, soamente tiña un propietario, ou iso dicía a administración, polo que os trámites continuarón o seu curso.


“*Transcurrido el plazo señalado sin que se formulase reclamación alguna... se remitió este informe a la Comisión provincial el 27 de mayo del mismo año, devolviéndolo aquella Corporación el 7 de junio, manifestando que procedía declarar la necesidad de la ocupación de los terrenos, toda vez que no se había presentado ninguna reclamación*”.

En vista do devandito informe, e urxindo darlle unha solución ao problema do balizamento deste tramo de costa: “*propuso esta Jefatura al Sr. Gobernador en nota de 17 del mismo mes y año, declarase la necesidad de la ocupación perpetua de los terrenos, cuya propuesta fue aceptada por dicha Autoridad en la misma fecha..., delegando esta Jefatura para designar el Perito que había de representar al Estado en la medición y valoración de los precitados terrenos...*”.

FOTO 01 - Documento selado o 29 de maio de 1917, con saída o 4 de xullo (Archivo Autoridad Portuaria de Pontevedra).

A circunstancia que facía especial o caso é que a Illa pertencía a un só propietario, polo que non había maneira de comparar prezos; a decisión da expropiación publicaríase no Boletín Oficial da Provincia á espera de que se presenten as reclamacións que os (o) propietarios consideren de xustiza.

As reclamacións non chegan, e así o certifica o Concello bueués, poñéndose en marcha a maquinaria administrativa encargada da expropiación...




Co fin de peritar os terreos a expropiar, o Estado nomea como encargado das xestións pertinentes a Teodosio Domínguez¹, axudante de Obras Públicas, que levará a cabo as medicións e taxacións oportunas, emitindo un informe: “*con arreglo a lo que previenen los artículos 23 y 26 de la Ley de 10 de enero de 1899*”.

O traballo a realizar denominarase “*Descripción general de la zona que se expropia*” e levarase a cabo por un equipo de topógrafos, dirixidos polo citado Teodosio.

A superficie a delimitar: “*de forma irregular, comprende los terrenos inmediatos al faro actual, y no tan solo del faro, sino una zona a su alrededor para el establecimiento de sus servicios... Como no existe expediente del faro actual (ou nunca se tentou seriamente buscalo), se considera que tan solo se tiene expropiado con anterioridad el terreno que ocupan el edificio, faro, horno, aljibe, y casa de servicio, y el resto se incluye en este expediente. El terreno que se expropia está dedicado a labradío secano, tojar (sic) y erial con algún tojo sobre terreno... Se abona el traslado de cuatro cuadras que aparecen numeradas en el plano y traslado de un hórreo*”.

¹ Teodosio Domínguez puidera ser o mesmo que obtivo a concesión do Tranvía a Marín (e Lérez) nos anos vinte; “*La subasta de la concesión se celebra el 30 de septiembre de 1921 y adjudicada a Teodosio Domínguez por sesenta años, pronto la traspasa a la Compañía Tranvía Eléctrico de Pontevedra (TEP) presidida por Raimundo Riestra Calderón...*” (El Ferrocarril Pontevedra-Marín. Marina Díaz Paredes).

FOTO 02 Plano do novo terreo e faro, datado en 1917 (APMP).



Debido, como dicíamos anteriormente, a que a Illa era dun só propietario: “no existen tasaciones, así que no podemos partir de la base de las compra-ventas existentes. Para fijar pues los precios los comparamos con otros análogos de los múltiples expedientes aprobados recientemente en la provincia y en su consecuencia fijamos el siguiente:

Labradíos secanos, de 3ª clase, a 80 pesetas el área; tojares, de 2ª a 40 y de 3ª a 25; traslado de vallados, metro lineal, a 1,50; traslado de la cuadra nº 1, 100; de la 2ª, 75; de la 3ª, 20, de la 4ª, 100, y otras 70 pesetas por el traslado del hórreo”.

En total expropiaranse: “7,95 áreas de labradío seco de 3ª clase, a 80 pts., 636; 1,15 áreas de tojar de 2ª clase, a 40, 46; 36,33 áreas a tojar de 3ª clase, a 25, 908,25”; traslado de 157 metros de valado a 1,50, 235,50; traslado de las catro cadras, 295, e traslado do hórreo, 70 pts, total 2.190,75.


A esta cifra houbo que sumarlle un aumento do 3% como prezo de afección, que supuxo 65,72, importando as valoracións totais 2.256,47 pts.

Teodosio Domínguez pasaría unha minuta de 189 pesetas correspondentes a: “seis dietas ocupadas en la toma de datos de campo y viajes a 9 pts., y quince dietas empleadas en trabajos de gabinete, al mismo precio”; o informe leva a data de 7 de novembro de 1916.

Para que as medicións fosen o máis exactas posibles, o propietario, Marqués de Mos, nomeou ao perito de Vigo, Carlos Coloret Nogueira², que empregou un total de 10 días nas súas medicións e levantamento de planos, o que supoñerían outras 90 pesetas, que se achegarían xunto coas 55 que custaban as: “indemnizaciones al Ingeniero representante de la Administración y al Sobrestante Pagador”, ao custe total da expropiación, que pasaría a 2.590,47 pts.

O propietario da Illa, Fernando Quiñones de León, Marqués de Mos, veciño de Vigo, cobraría do Estado 2.256,45 pesetas pola expropiación, aínda

FOTO 03 – O faro de Ons fotografado por David “Santiago” nos anos 90 do século pasado (colección do autor)



² Carlos Coloret, ademais de perito, participaba nalgúns empresas. Datos da prensa extraídos da páxina “Cíes.gal, El parque ostrícola de las Islas Cíes (II)”.

“Por la Real orden del Ministerio de Marina, ha sido autorizado el teniente alcalde del Ayuntamiento de Vigo don Carlos Coloret Nogueira, para establecer un criadero natural destinado a la multiplicación de ostras y demás mariscos en la costa llamada del Lago en las Islas Cíes” (El Norte de Galicia, 26 de junio de 1906)

“Salieron para París y Burdeos D. Fernando Conde y D. Benigno Barreras que van a adquirir millón y medio de ostras de Arcachón para el parque ostrícola que acaban de establecer en las islas Cíes” (La Idea Moderna, 11 de febrero de 1908).

“Concesión a la Sociedad Barreras Hermanos, Coloret y Conde para construir una cetárea-vivero de langostas y ostras en el Lago de Cíes. Por Real orden de 24 del actual, se ha concedido a la sociedad Barreras, Coloret y Conde una hectárea de terreno para construir una cetárea o vivero de langostas. El plazo para comenzar las obras será el de tres meses y de un año para su terminación. De la inspección y cumplimiento de las demás condiciones queda encargada la autoridad de marina” (El Correo de Galicia, 31 de agosto de 1909).

que os confusos trámites duraron moitos anos; documentos datados en febreiro de 1918 apuntaban a que a Dirección de expropiacións: *“no había dispuesto el pago durante el ejercicio de 1917 por no existir crédito suficiente en el Presupuesto...”*.

Nun período difícil para a política española, que tivera eleccións xerais o 24 de febreiro de 1918, de onde saíra elixido Presidente do Goberno Manuel García Prieto, do Partido Liberal, posto do que o apearon escasos 30 días despois para nomear a Antonio Maura, que a súa vez foi desbancado polo mesmo García Prieto que dimitiría do cargo uns días despois..., pois ben, no medio deste barullo, o departamento de *“Ordenación de Pagos por obligaciones de los Ministerios de Instrucción Pública y Fomento”* envía un despacho ao Director Xeral de Obras Públicas, devolvéndolle: *“el expediente sobre expropiación de terrenos del término municipal de Bueu, con motivo de las obras de ampliación y reforma del faro de la Isla de Ons importante 2.590,47 pesetas cuyo pago no ha sido dispuesto por ese Ministerio durante el ejercicio de 1917, sin duda por no existir crédito suficiente en el capítulo 17, Artículo 2º, Concepto 2º de la Sección 8ª al que correspondía dicha obligación”*. O documento leva un selo do Ministerio de Fomento datado o 27 de febreiro de 1918.




FOTO 04 – O Faro de Ons nos últimos anos do século XX

En setembro de 1919 aínda non cobrara, segundo despréndese dunha serie de documentos cruzados entre administracións: *“esta Dirección General (de Obras Públicas) ha tenido a bien rehabilitar la aprobación y pago del expediente de expropiación de fincas ocupadas en el término municipal de Bueu... de la Isla de Ons”*.

O 27 de xaneiro de 1921 o departamento de: *“Ordenación de Pagos por obligaciones de los Ministerios de Instrucción Pública y Fomento”* comunicaba ao Director Xeral de Obras Públicas que: *“el expediente de expropiación de fincas en el término municipal de Bueu, Pontevedra, con motivo de las obras de ampliación y reforma de la torre y edificio del faro de la Isla de Ons que se ha recibido en esta oficina, donde no puede surtir efecto alguno, de la Jefatura de Obras Públicas de esta provincia”*.

As obras de reforma e ampliación do faro de Ons multiplicarían por seis o espazo destinado ao faro, como se pode comprobar no plano adxunto, mantendo e mellorando a cisterna, cortes, forno, pozo e cercado do terreo, así como mellora e acondicionamento do acceso a través do camiño de servizo, quedando a pequena casa fóra do pechado, que seguramente sería dedicada a outros usos, xa que os fareiros terían casa-habitación no novo e moderno edificio.

Entre os expedientes consultados no Arquivo da Autoridade Portuaria localizamos un documento asinado polo Enxeñeiro Director do Grupo de Portos de Pontevedra da Comisión Administrativa de Grupos de Portos, José María Pita Orduña, datado o 10 de xuño de 1981, no que acorda remitir a Enrique Disdier, Xefe Provincial de Portos e Costas de Pontevedra, con destino aos arquivos desa Xefatura, a: *“documentación relativa a la Inscripción en el Registro de la Propiedad de los terrenos ocupados por los Faros”*, que posiblemente estivesen sen rexistrar a (ao) nome do Estado.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU





BREVES APUNTES SOBRE A APRENDIZAXE DOS HOMES DE MAR

Por: Francisco Calo Lourido

Todos os oficios precisan unha aprendizaxe máis ou menos longa en función da súa complexidade e do grao de mestría que se pretenda conseguir. Desde a Baixa Idade Media ata 1836, en que foron prohibidos, o único xeito de adquirir competencia nun oficio era pertencer a un gremio, e sabemos que estes estaban constituídos por mestres, oficiais e aprendices. No mundo do mar, malia a prohibición, seguiu-se aprendendo e traballando dentro dunha estrutura gremial ata, practicamente, hoxe, conformando a tripulación dun barco o patrón (mestre), os mariñeiros (oficiais) e o rapaz de bordo (aprendiz). O mesmo que sucedía nos gremios, todos os rapaces (grumetes nos barcos grandes) remataban chegando a mariñeiros, mais poucos conseguían patronear un barco. Así, traballando co resto da tripulación durante varios anos, aprendían a desenvolverse no mar e na pesca.



Pero o que hoxe me interesa a min non é ver como se desenrola o método ensino-aprendizaxe nunha sociedade mariñeira, nin o que se aprende en centros como o Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo, senón pensar como os primeiros homes que decidiron ou se viron obrigados a vivir do mar foron adquirindo os coñecementos necesarios ata chegar a controlar o medio e os oficios propios dos mariñeiros. Nótese que poño oficios en plural porque así é como se denominan cada unha das actividades pesqueiras que realizan. Cando o mesmo barco e a mesma tripulación deciden gardar as betas e meter bordo os palangres din que cambian de oficio. En Francia, o oficio máis importante da pesca é o do bacallau, polo que recibe o nome de “grand métier” ou “gran oficio”.

Para calquera persoa allea a este mundo, o mar é simplemente unha inmensa masa de auga, toda ela igual, que lle pode resultar fermosísima, impresionante, aterradora, tranquilizadora, grandiosa... Nada ten a ver iso co que o mar significa para un mariñeiro.


O home, mamífero terrestre, era agricultor ata que, obrigado polo señor natural, pola carencia de terras ou simplemente pola fame, entrou en contacto directo co mar. Coñecía unicamente pola veciñanza da súa aldea á costa e, talvez, por baixar ás praias a colleitar argazo para as terras e a apañar bivalvos; mais a ignorancia sobre el era total. Sabemos que en Galicia e en todo o litoral europeo atlántico non existían comunidades de pescadores (obviemos a prehistoria, a cultura castrexa e a época romana) ata o século XII d. C. Facemos esa cesura, porque a Idade Media significou un peche e unha eliminación das actividades haliéuticas: os xermanos non eran xentes de mar e consideraban esa actividade indigna dun guerreiro, propia de monxes. Serán, precisamente, os monxes os interesados, por razón dos obrigados xaxúns e abstinencias, en que os campesiños do litoral se introduzan no mundo da pesca. Aqueles primeiros homes que tiveron que facer do mar o seu medio de vida foron quen de sobrevivir ao longo de moitos anos de iniciación, porque o peixe e o marisco andarían estrados, senón, dada a súa ignorancia absoluta sobre o medio mariño, morrerían de fame.

O primeiro paso foi aprender a coñecer o mar na súa superficie. Desde terra vémolos calmo ou bravo, pero, unha vez que decidimos saltar enriba dunhas táboas e movernos sobre el, percibimos a súa forza, a súa enerxía e os seus cambiantes movementos. Xa sabiamos, porque se vía todos os días, que unhas veces enchía e outras devalaba, mais agora, enriba del, sentimos como nos arrastra para dentro ou para fóra ou como, inesperadamente, nos atravesaba suave ou impetuoso en calquera dirección. Ignoramos as causas, pero temos que aprender a controlar e zafarnos deses empuxes e, pouco a pouco,

constatar que, en cada zona da costa, adoitan ter unha dirección fixa ou preferente, ás veces afectada pola dirección do vento. Ao primeiro, como os bañistas que meten con coidado o pé na auga, asentariamos no fondo de saco das rías e, ao longo de séculos, pescariamos, unicamente, dentro delas. Por unha banda, saír fóra de puntas significaba entrar en augas descoñecidas e perigosas, ata pola piratería normanda e sarracena á procura de escravos e, pola outra, a enorme cantidade de peixe dentro da ría facía innecesario saír dela.

Mais non chega con coñecer o mar en superficie, coas súas calmas, temporais, correntes e costas suaves ou batidas, senón que é preciso aprender algo moito máis complicado, porque non está á vista: hai que coñecer o fondo. Quen non sabe nada de mar, pensa que, largando unha liña en calquera sitio, pode vir peixe, cando a realidade é moi distinta. Un meu amigo, patrón, explicábao unha vez a uns veraneantes dun xeito meridianamente claro; dicía el: se un marciano quere vir aquí pescar homes, ten que botar o liño diante da porta dos bares e, como estamos entrando uns e saíndo outros, el vai pescando e zafando o día. Se larga a liña aí no medio do xardín, como non hai ninguén non pesca nada, a non ser un raro que pase de casualidade. Así mesmo é o mar, por iso o que queira ser pescador ten que coñecer o fondo con todo detalle. Unha grande parte del está totalmente cuberto de area, outra zona é de lama, outra de cascabullo e, de treito en treito, pedra. Uns peixes viven na area (todos os planos: raias, rodaballos, curuxos, sollas, linguados...), outros, a maioría, na pedra, sexa na beirada entre area e pedra (fanecas, congros...), sexa no cantil ou no medio das golfeiras (pintos, maragotas...), enriba da pedra (peixes encarnados: doncelas, gaiáns...) ou no cumio dos cabezos (badeixos...). Algúns peixes prefiren moverse nas zonas de rompente entre o espumallo (robalizas...) e outros forman manchas que poden ser enormes e están a andar continuamente dun sitio para outro, polo que son chamados peláxicos (sardiñas, bocareos, xurelos, xardas...).

Todo isto, e moito máis, hoxe é doado de aprender, xa que os patróns e mariñeiros coñecen o fondo da súa ría como a palma da man, tal como se o estivesen vendo, pero fixeron falta séculos para chegar a ese coñecemento. A práctica diaria, a experiencia, xunto cun sinxelo trebello chamado sebeiro ou escandallo, do que temos noticia xa desde a antigüidade no Mediterráneo, fixeron posible cartografar o fondo mariño. O escandallo non é máis ca un tubo de metal (antigamente unha pedra cun furado) amarrado por un extremo a un cordel que permite calealo desde o barco ata o fondo; no outro extremo leva un anaco de sebo. Vai ao fondo, toca nel e, ao cobralo, contamos as brazas que hai de profundidade e, como no sebo vén o sinal do fondo ou restos del, coñecemos se se trata de pedra, area, etc... A pesca ao corricán ou á isca axudou tamén a coñecer a topografía submarina, pois, se imos navegando cun liño cheo de chumbos pola popa, calculando a velocidade para que vaia a rentes do fondo, se ao chegar a un sitio, prende en pedra, é sinal de que algún obstáculo se ergue alí, se a maiores pican os badeixos, estamos descubriendo unha posta de pesca. Só resta lembrar o sitio exacto para poder volver alí directamente.



Sebeiro ou escandallo. Museo da Salga. Moreiras. O Grove.

Cando o home iniciou a súa entrada no mar, xa coñecía e empregaba as brincas para pescar nos ríos así como as redes que, antes de seren empregadas para estas actividades, foran instrumento de caza. Irían aprendendo que, se as largaban no limpo (na area), pescaban moito menos que se o facían no seco (na pedra), pero que nel prendían e rompían, mentres que na area, agás que collesen unha carga de argazo, non tiñan ese problema. Inicialmente, sen saír da liña de costa, pecharíamos pequenos entrantes de mar con pedras, varas e aparellos, evitando que os peixes que entraron alí coa enchente puidesen fuxir no devalo. Estes lugares son o que coñecemos como comboas, abundantísimas no noso litoral. En ocasións distínguense perfectamente, por exemplo en Oia, fronte ao mosteiro, mentres noutras foron desfiguradas por obras portuarias, caso do vello porto no Porto do Son que aínda hoxe recibe o nome de Comboa. Tamén as había nos ríos, en lugares a onde chegaban as mareas, vg. no lugar de Comboa (Soutomaior) na beira dereita do Verdugo, onde supoño que os campesiños collerían boa cantidade de muxos, como os que aínda hoxe se poden ver alí na punta de marca.

Comboa en Oia




Cando no medio do mar, a moitas brazas de profundidade hai un seco que se ergue moitos metros, uns ollos afeitos notan o inchón que se produce na tona da auga; ponse a proa alí, sóndase e verifícase que hai pedra e a súa forma; temos o que chamamos unha posta, unha fanequeira. Aí, na beirada, se largamos unha beta, mallarán fanecas. Coñeceremos logo de que banda do seco hai máis pesca, dependendo da marea, do vento e das correntes. Houbo tamén que aprender que tipo de carnada ía mellor para cada peixe: camarón para maragotas, bolo ou pateiro femia para badeixos, sardiña para a maioría, nécora ou cangrexo para os polbos... Ao mesmo tempo había que ir inventando, copiando e perfeccionando embarcacións e afacerse a marear en vela.


Cando era labrego, precisaba coñecer moi ben as estacións e os sinais no ceo para predicir o tempo que podería facer mañá e en días sucesivos, xa que dese coñecemento podía depender a fartura ou a fame. Pero, cando xa tiña o millo no hórreo, é dicir, cando xa recollera e gardara a colleita principal, podía darse un bo respiro. Agora, como mariñeiro, nunca pode quitar a vista do ceo, pois a súa vida e actividade é tan fráxil que depende do tempo para todo, incluíndo aquí a vida ou a morte.

Xa coñecemos unha posta e imos cara a ela, cara ao vértice dun triángulo imaxinario conformado por catro marcas en terra, aliñadas de dúas en dúas. Chegamos alí e imos largando o aparello ao tendido ou por senos ata chegar a outras marcas que nos indican o remate da posta. Se queremos pescar con liña, o asunto complicase, pois hai que fondear, é dicir, deter o barco xusto enriba do sitio; pero chegamos e hai vento e hai corrente que pode ir ou non na mesma dirección do vento, polo que temos que aprender onde botar a poutada para, arriando cabo e deixándonos caer polas citadas forzas, facer firme xusto enriba do lugar escollido. E aínda así, pode complicarse o fondeo, se, a media auga ou polo fondo, corre outra corrente, un curso lle chamamos na miña vila, que nos desvía os liños, estando nós na vertical e as brincas coa carnada varios metros fóra do lugar e dos peixes. E así non pescamos, non estamos exactamente “na porta do bar”.

A aprendizaxe continúa hoxe. As nosas vilas pesqueiras máis antigas son, como Pontevedra, do século XII. Pasaron case sete séculos e o noso mar aínda era moi descoñecido. Todos escoitamos falar da pescada do pincho tomada no Cantil que hai a oeste de Corrubedo. Este caladoiro non foi descuberto ata o s. XVIII, cando Jerónimo Hijosa, industrial de Valladolid, mercou un par de barcos do País Vasco só para localizar novos mares que abastecesen as súas factorías de peixe curado, concretamente a que instalou no Porto do Son, onde aínda vive unha familia, de apelido Vildós, das varias que contratou en St. Jean-de-Luz para que ensinasen aos nosos mariñeiros a tratar o peixe ao estilo de Terranova. Mencionei isto en “Fame no mar do Grove e adhesión ao Montepío”, no nº 17 de *Aunios*, pp. 21-23. Difícil resumir nove séculos en tres páxinas de texto.

Poutada






ONS O MEU PARAÍSO DE ONTE (XV) *UNHA DIFÍCIL COMPARACIÓN*

Por: Julio Santos Pena

Neste ano que acaba de rematar tiven a ledicia e a satisfacción de publicar o libro da miña vida que, baixo o título “Ons no meu corazón”, recompila a esencia de case a totalidade dos artigos que desde a saída á luz de “Aunios” vin publicando nas páxinas desta fermosa revista. Era o segundo libro da miña autoría escrito coa alma do mestre que, a pesar do paso dos anos, nunca esquecerá aquel seu primeiro destino docente nun medio dunha comunidade como a illeña, experiencia da que, os lectores asiduos desta revista, comparten comigo tan singulares lembranzas.

O libro foi presentado en Marín e tamén en Bueu no mes de Xullo e podo dicir que a acollida dos lectores foi, e segue sendo, moi enriquecedora para un humilde escritor coma min que só pretende contar, con sinxeleza e agarimo, as historias propias dunha vida que recolle outros modos de vivir que, con tanto balbordo de aparellos modernos e todo iso que se chaman “novas tecnoloxías”, as xentes de hoxe apenas poden comprender porque, nos últimos corenta anos, os cambios son tan substanciais que unicamente os poden apreciar os vellos que vivimos “outra vida”.

E, presentado o libro pensei que sería bo levar uns exemplares a mesma Illa para deixalos no complexo informativo/museístico que, con bo criterio, alí montaron unindo as dúas escolas xa fóra de servizo, e que servirán como un elemento máis de información ou de curiosidade para os que entren naquel espazo co desexo de coñecer máis de cerca o que foi e o que é Ons e a súa contorna. E alí quedaron os libros coa miña dedicatoria persoal o que me une mais, a unha distancia de medio século, á Illa do meu corazón.



Cos meus diante da que foi a nosa vivenda na Illa

Ata aquí todo fermoso porque fermoso foi ir aquel día acompañado da miña familia, muller (Lola no libro), fillos, netos, cuñados e sobriños que percorreron comigo moitas das paraxes que se refiren no libro para revivir as cousas que se contan nel, sorprendéndome de que a maioría deles, xa tiñan “vividias” as experiencias pola lectura previa.

Era o día 16 de agosto. Partimos de Bueu nun deses catamaráns que atravesan a Ría como lóstregos, nada comparable ao “troco-troco” do barco de Pancho, o “Azor”, que, alá polos anos setenta, nos levaba e nos traía, sen présa pero sen pausa, nas nosas viaxes daquela época que podían tardar como hora e media na travesía. A aquela estampa dos illáns de pé na cuberta do Azor, falando das cousas propias do traballo no mar; a aquela

“cómoda incomodidade” de vir sentado sobre os cabos de popa ou de proa; a aquela frecuente compañía de vacas ou becerros a bordo do “transatlántico” de Pancho, opoñíase o luxo propio dos catamaráns dos “Piratas do Nabia” con centos de cómodos asentos na cuberta ou baixo ela e un “puente” con capitán incluído que falaba polo tarabelo do altofalante para saudar e dar instrucións aos viaxeiros e ata con servizos onde poder aliviarse en caso de necesidade e espazos por onde os viaxeiros podían pasear de proa a popa na procura das mellores vistas da ría, mil veces recollidas na multitude de cámaras de teléfonos para seren enviadas no mesmo momento a centos de quilómetros con referencias escritas sobre a beleza vivida no momento. Difícil foi trasladar aos acompañantes a imaxe daqueles viaxes no Azor en semellantes barcos de hoxe.

E chegamos á Illa. No peirao, as primeiras fotografías do noso grupo co fondo de Curro ou de Area dos Cans e a Laxe do Crego, e as primeiras explicacións mirando un par de dornas varadas na area. Novo esforzo de reprodución porque nada que ver coa, noutro tempo, varada de tantas dornas que, entre todos, subíanse ata o seco de Curro para retiralas da furia do mar ata a madrugada seguinte, que eran de novo baixadas, para volver ao traballo diario. Facía falta un certo esforzo para explicar a diferenza que non era senón a esencia do valor do traballo daqueles esforzados mariñeiros da Illa cuxas economías dependían a cotío das súas pequenas embarcacións, remos e velas, na procura de polbos e centolas ou das pezas de tramallos para a pesca dos máis variados e sans peixes da ría.

E mentres me preguntaban isto ou aquilo, outros grupos de persoas chegaban incesantemente en barcos de todos os tamaños e procedencias, pasaban onda nós buscando xa acomodo nas casas de comidas ou enfiando as rutas das praias onde tostarse ao salgado sol de Ons que mantén a súa insospeitada forza. Centos de persoas de todas as idades nunha constante peregrinaxe subían pola costa de Curro ateigadas de cadeiras e bolsas de praia, ou “amochiladas” como se fosen á guerra do Callao, desembarcaban no peirao e ían enchendo a Illa de xeito imposible de imaxinar si non o presenza en directo. Pola tarde soubemos que, naquela data eran catro mil cincocentas as persoas que se atopaban alí e, con tal panorama foime tamén moi difícil explicarlle aos meus que, daquela, o “meu paraíso de onte”, Ons, era un remanso de paz a onde chegaban

media ducia de visitantes os domingos que non eran máis que persoas que practicaban a pesca deportiva nos seus barcos e subían ás tabernas para que lles preparasen un almuerzo mariñeiro como intermedio dunha xornada dedicada ao entretemento que máis lles gustaba, seguramente. Daquela bucólica imaxe da señora Lola, a vella da casa de Checho, estonando patacas tras o mostrador da tenda, aquilo pasou a un infernal entra e sae dos bares nos que os camareiros súan para poder atender aos vociferantes clientes que piden sen cesar, insistentemente, ser atendidos nas súas demandas de refrescos, viños, copas, cubalibres, xeados, e... que sei eu cantas cousas máis!, ademais de repetir un, outro e o de mais alá, a pregunta de que a que hora haberá mesa para poder comer, amosando gran desgusto porque “polo menos ata as catro da tarde...” e son as doce do mediodía!!!.

A ver como lles podía explicar aos meus, atentos todo o tempo ás miñas informacións, como daquela, hai case que medio século, a oferta gastronómica principal, reducíase a unha boa *pulpada*, a famosa tortilla de Ons, a caldeirada de maragota ou, o máis o máis, unhas nécoras ou algunha centola que algún mariñeiro da Illa sacara do mar no mesmo momento. Era imposible de explicar tal, ao ver as bandexas que chegaban ás mesas. Certo é que resiste o *pulpo* ao estilo local, como daquela, e a tortilla aínda que, será polos ovos, xa non é a mesma, pero os comensais piden arroces, empanadas, zamburiñas á prancha, salpicóns, bistés, churrascos, e qué sei eu!, semellante e variada oferta, como en calquera restaurante de “terra”, ou moito máis, iso si, servido con sorprendente axilidade para atender aos milleiros de persoas que se sentan a unhas mesas que rexistran varios recambios de clientes xa que, quen xanta alí, faino con celeridade porque interesa visitar a Illa antes de que o barco, que non espera, os chame para o embarque de retorno.

E pasamos un día completo alí no que non faltou o baño en Area dos Cans onde, pola tardiña, o mar empeñouse, como fai sempre que hai mareas vivas, en empuxar á xente cara arriba, reducindo para aqueles miles de almas a superficie de area onde deitarse ao sol con certa tranquilidade. Daquela, algúns do noso grupo preferiron subir ao Cucorno e abraíáronse da beleza da paisaxe que se aprecia dende o Faro e ao longo do percorrido; outros tomaron rumbo a Pereiro pasando polo Canexol onde lles tiven que contar o episodio dramático do case afogamento de Carliños Reboiras naquela mañá de xullo no que foi salvado “in extremis” por dous médicos, dous “anxos” da garda que apareceron, sen saber cómo nin de onde, naquela mañá veraniega, e xa reunido todo o grupo, visitamos o museo das antigas escolas para facer entrega dos libros e, despois, a igrexa, onde se atopan expostos os santiños da Illa e entre eles, a imaxe da “Virxe Negra”, milagrosa ou non, que tamén ten o seu capítulo no “Ons do meu corazón”.

E chegou o momento do retorno. Había que embarcar para tomar rumbo a Bueu de novo e enfiamos o camiño do peirao. Desde arriba da costa mirábase unha multitude de xente que ocupaba a totalidade da superficie do espigón esperando cada grupo polo seu barco e embarcando a medida que os catamaráns ían atracando polo norte e por fortuna, a aquelas horas, coa marea chea para máis facilidade dos “navegantes” que se ían introducindo nos barcos axudados polas expertas tripulacións.


E outra vez vinme nun aperto porque nos tocou esperar ao inicio do peirao a quenda para ir avanzando cara ao embarque. Cheiraba queapestaba e decatámonos de que a razón de semellante miseria eran uns tubos procedentes dunha “disque” depuradora que instalaron os cerebros pensantes para traxinar os detritos das miles de persoas que un día si e outro tamén, visitan a Illa e ao longo do día fan as súas necesidades nos servizos dos bares xuntando todo iso ao que chega dos propios establecementos e de todo o que poda estar conectado a ese infernal aparello “sanitario” para ser botado ao mar alí mesmo, sen a menor consideración para a xente e, sobre todo, para o medio ambiente. Outra vez tiven que botar man de rebuscadas artes de expresión oral para convencer aos que me escoitaban que xa eran “dos nosos” e doutros que esperaban a mesma quenda, para explicarlles que, durante a nosa vida en Ons, case todos os domingos, Lola, a miña dona, facía o almuerzo cos produtos que eu recollía á man alí mesmo e no resto das pedras da contorna onde non faltaban ameixas, berberechos, mexillóns, camaróns e ata algún polbo que outro que me axudaban a coller algúns dos meus alumnos que gustaban de pasar as mañás ao meu carón para falar de cousas que na escola non se trataban. Teño a sospeita de que ningún dos que me escoitaron o relato podía crer que alí mesmo puidera haber noutro tempo semellante riqueza. A verdade é que, eu mesmo, afectado por semellante e denigrante cheirento espectáculo, xa non estaba moi seguro de que os meus recordos fosen moi reais.

Por fin embarcamos e o capitán puxo rumbo a Bueu. O catamarán rachaba a superficie mariña e a espuma partía en dous o espello da Ría que daquela xa amosaba un fermoso solpor digno de ser retratado polo mellor pintor do mundo. A estampa da Illa ao lonxe, retomou o seu verdadeiro sentido: As casas, os piñeiros, as corredoiras... Desde o mar non se apreciaba a presenza dos milleiros de “intrusos”. Volvín a sentir nostalgia

Decididamente, a pesar de todo, Ons está impreso para sempre no meu corazón.



Augas fecais en Ons.



CRÓNICAS GALAICAS

Por: José Taboada García

Debuxos: Jose Miguel Besada Costa

A SANTA SEDE

Así foi como bautizaron Ramón e Miguel unha taberna de aldea no interior de Galicia. Os dous traballan no mantemento de estradas e, ao rematar o choio, achéganse alí a beber algo.

A taberna está rexentada por Pedro, un cincuentón xa medio calvo, que é taberneiro, dos poucos que quedan. Pois para taberneiro non vale calquera, hai que nacer. Os taberneiros teñen retranca, teñen conversa cos paisanos, opinan, fanse o parvo, aconsellan, contan contos e fan que os clientes se sintan ben. As conversas son do máis variado:

- Pedro, levo aquí media hora esperando que me poñas un viño.
- E quéixaste! Pois eu levo esperando por ti dous días.
- Esta cervexa está quente.
- Pois p'onde vai, aínda vai quecer máis.
- Este viño ten mosquitos.
- Porque é bo, á auga non van.
- Cando nos vas por un pincho?
- Cando o trinta de febreiro cadre en domingo.

Un día entrou un forasteiro en actitude chulesta e pediulle un café solo.

- Solo?, aquí todos mo piden con auga quente!
- Solo e curto.
- Moído ou ser moer?
- Moído.

O taberneiro colleu un prato pequeno e botou nel unha culleriña de café moído e púxollo.

- Isto que é! – Dixo o forasteiro xa algo alporizado.
- O que vostede me pediu, café solo moído.
- Ben, póñame un como o que lle acaba de poñer a ese rapaz.

Bo café, dixo o forasteiro ao saír. E así miles de historias máis.

A taberna tiña catro mesas con cadeiras e un piso de cemento, ao fondo unha barra de madeira que xa pedía o cambio. Detrás dela uns estantes con botellas de augardente, coñac, anís, xenebra,...

Enriba da barra tiña dúas xerras con viño branco e tinto, tapadas con panos para que non entraran intrusos nelas.

O primeiro día que entraron Ramón e Miguel, achegouse a eles o taberneiro e preguntoulles que querían.

- Dous viños.
- Dun euro ou de cincuenta céntimos?
- Dun euro.
- Branco ou tinto?
- Branco.

Loño de servilos, entrou un paisano, que ao xulgar pola súa pinta, aparentaba economicamente feble.

- Ponme un viño do barato, dixo

O taberneiro serviullo dunha xerra que tiña debaixo da barra, desas de porcelana branca de boca grande.

Outro día volveron e viron que o de cincuenta céntimos era sempre da xerra de abaixo. Ao Miguel picoulle a curiosidade desa xerra e con disimulo achegouse á esquina da barra, e que viu, que as táboas que a formaban estaban empenadas e apartadas, e todo o que caía, ía para ela. Sen contar tamén coas sobras das cuncas.

A GALIZA FONDA

Rubén traballa nunha coñecida empresa de augas galega. Por culpa do choio, ten que moverse deseguido. Pode botar unha semana en Ourense, un mes en Vigo, quince días no Grove,...

Esa mañá o xefe mandouno a arranxar unha tubaxe de auga que rebentara nas aforas de Lugo. Saíron cedo cara alá. Ía el, outro máis e o condutor, que facía de encargado.

Cando xa levaban máis dunha hora choiando, soa o teléfono do encargado e dinlle que ten que ir a Mondoñedo a ver unha obra. Comunicálles isto os dous *currantes* e marcha... Sen antes dicirlles que a iso da unha os recollía para ir a comer. Xa pasada esa hora, reciben unha chamada na que lle comunica que o coche non arranca, que os talleres non abran ata as tres, que esa obra deberíase acabar hoxe pois xa levan un día sen auga, que el pensa que preto de onde se atopan hai un bar,...

Miran cara arriba e pagado á estrada ven unha casa que semella ser un bar ou unha tenda. Alá se dirixen os dous. Era tenda e bar. Entran e detrás do mostrador estaba a tendeira, unha muller de cabelo gris, recollido nun moño, semellaba ter sesenta e algo de anos.

- Ola – Saudou Rubén- Vostede podería poñernos algo de comer?
- Non meus filliños! Estou eu soa, pois a miña filla tivo que levar o meu home ao hospital a Lugo. Déronlle vez para as doce, máis non nos dixeron se era para as doce da mañá ou da noite.
- De onde sodes mozos?
- Somos dunha empresa de augas de Pontevedra. Estamos reparando a tubaxe de aí arriba e queremos acabala hoxe.
- Respondeu Rubén.
- Os da Aldea Vella! Levan xa día e medio sen auga e agora se nos falta a auga e a luz, xa toleamos todos. Ben, pois mira, fágovos unhas lentellas, que teño xa a remollo, e para nós xa faremos outra cousa. Sentádevos aí dentro mentres as preparo.
- Póñovos dúas cervexas en canto esperamos.

Levoulle as cervexas, mentres eles se sentaban a carón dunha mesa cuberta con hule e cadros, na que había catro cadeiras de madeira. Pasados coma dez minutos, volveu a entrar.

- Xa as teño ao lume; estas fanse logo, son do Bierzo, as lentellas de alí son moi boas e o que levan e todo de casa: o touciño é da casa, o chourizo é da casa e a auga é do noso pozo, que é moi boa.

Pasado un pouco máis de tempo, apareceu coa pota e púxoala na mesa, enriba dun xornal vello dobrado.

A pota era alta e de aluminio, tan danada polos golpes que levara que semellaba que participara en máis dunha cazolada arxentina.

Servíronse un prato cada un e achegouse ela de novo.



- Que tal están?
- Moi boas! – Dixeron asemade os dous.
- No segundo prato que puxeron, empezaron a aparecer cravos, parafusos, coitelos sen mango,...., que eles ían apartando do prato. Mentres, aparece ela de novo.
- As lentellas son moi boas, pois teñen moito ferro. A min xa mo dixo o noso médico, D. Ramón.
- Si, ferro teñen cantidade! – Dixeron eles.
- Nisto entrou a filla, e ao ver a pota na mesa, botou as mans á cabeza ao mesmo tempo que a collía e a levaba e dicía:
- Vostede que fixo! Esta pota era para botar trastes vellos...
- Eles calaron, xa comeran e as lentellas estaban boas. Pediron dous cafés que llos puxo a vella acompañada desta vez dun gato lustroso, limpo e ben mantido.
- O gato será bo? – Dixo Rubén.

- Bo non, boísimo! – Respondeu ela, limpa a máquina do café, non vedes como brilla; limpa tamén a máquina de cortar o friame e non corta a lingua nunca, durme enriba do saco do pan e así sempre está quente. No inverno, ábrolle a porta da habitación e quéntanos a cama. E, ás mozas bonitas pásalles o rabo polas pernas.

O BRASILEIRO

Xulio, como moitos galegos, escolleu o camiño da emigración. Marchou para Brasil e alí estivo vinte e cinco anos.

Como no pobo xa había dous Xulios máis, a el empezaron a chamarlle o Brasileiro e así lle quedou.

Coas mans baleiras non veu, mercou un terreo grande e fixo nel unha casa tipo indiana, mercou terras, algún baixo na capital,...

Un día que saía de casa, achegóuselle un tipo ben vestido, cunha carteira grande de man que falaba con acento do sur.

- Bos días! – Dixolle o forasteiro.
- Bos días por dicir algo, pois de bos teñen pouco, con este vento e esta choiva.
- Hoxe en día iso ten arranxo. – Respondeulle o forasteiro.
- Aquí neste pobo ninguén sabe arranxar iso do bo tempo.
- Eu teño aquí este mando, que é un invento xaponés e vostede pode poñer sol ou chuvia cando queira.

Agora mesmo non ten pilas, hai que pedilas a Madrid. Para o mes que ven xa as hai aquí tamén.

- Si, pero iso a de ser caro.
- Eu véndollo por dezaioito mil euros.
- Ben, eu ter téñoos, pois acabo de vender un terreo. Mañá é o aniversario da miña muller e sería un bo agasallo para ela. O que pasa é que a miña paisana é moi rexoubeira e eu quero compracela, así que mo envolve en papel de regalo cun lazo vermello e que poña aniversario feliz.
- Mañá a esta hora xa llo traio.

Ao día seguinte aí lle aparece, chámalle á porta e amósalle o mando envolvido en papel de regalo, como quedarán.


O brasileiro quedou mirando para el é díxolle:

- Vostede non me entendeu, eu díxenlle que me involucra o sol, non o mando.
- Pero iso é imposible!
- Se es capaz de manexalo, tamén será capaz de involucro.

O forasteiro marchou, como se di vulgarmente, co rabo entre as pernas.


Xa de volta, parou no bar do pobo e alí atopouse con outro que se dedicaba ao mesmo.

- Como che foi?
- Cala, tiña o sol medio vendido e nada.
- Non sería ao da casa indiana?
- Si, por que?
- A bo hospital te fuches a curar! Ese antes de escapar do Brasil vendeu a praia de Copacabana e o Cristo de Corcovado.



Re-pensando a paisaxe das illas

Por: Ana Vilas Paz



A paisaxe. Algo que todos sabemos o que é, pero que resulta terriblemente difícil definir con palabras. Quizais porque a paisaxe é moito máis que o territorio, porque na paisaxe conta moito a percepción do que a ve, e tamén porque as paisaxes non só se ven... Preguntémonos: todos vemos a mesma paisaxe ou unha mesma realidade territorial é percibida de forma distinta por distintas persoas? É o mesmo ver unhas pedras ao lado do mar que ver O Con das Bombas, A Pagal ou os Cons dos Gavotos?

A paisaxe é, segundo o Convenio Europeo da Paisaxe, “calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e a interacción de factores naturais e humanos”. A percepción da paisaxe vese influenciada polo noso contexto social e cultural, pero tamén pola nosa forma de ser e polas nosas experiencias, sendo quizais imposible definir de forma unívoca unha paisaxe dada. Incluso paisaxes que nos quitan a respiración poden deixar completamente indiferentes a outras persoas. E iso, que ás veces nos pode asombrar, non é máis que a constatación de que para un mesmo territorio físico, pode haber tantas paisaxes como persoas o contemplan.

A paisaxe é construída social e individualmente cada vez que os nosos ollos interpretan o territorio, incluso para as paisaxes que denominamos “naturais” como as dos espazos naturais protexidos. Pero é realmente natural esta paisaxe deses lugares que protexemos como máximos expoñentes da natureza ben conservada? O noso territorio ten sido modificado polo ser humano, practicamente na totalidade da súa superficie, dende hai séculos ou milenios, a través da agricultura, da gandería, do parcelamento, da construción de terrazas, da rede de camiños... Incluso as zonas máis inaccesibles, menos favorables para a agricultura e para a instalación dos asentamentos humanos, foron empregadas ata hai ben pouco ou seguen a selo ata hoxe en día, para pastos estivais, para sacar toxo...


E as illas? Poderíamos agardar que a paisaxe que alí atopamos sexa unha paisaxe natural ou polo menos “pouco transformada”, xa que así o establece a lei de Parques Nacionais. Isto é en parte verdade, pero tamén é certo que as illas foron, igual que o resto do territorio do que vimos falando, lugares de paso e lugares habitados, lugares explotados, máis intensamente nalgúns casos que noutros, nunhas épocas ou outras, pero en todos os casos modificadas en certo grao.

Sabemos que as illas estiveron habitadas, pero cando imaxinamos a vida nas illas hai 100 anos, podemos imaxinar aquelas persoas que vivían alí levando a cabo as súas actividades nunha paisaxe moi similar á que vemos hoxe en día. Con máis cultivos, co gando pastando por algunhas zonas, con dornas nas praias e no mar... pero esencialmente a mesma illa que ven os nosos ollos. Ata que un día atopamos unhas imaxes da illa de hai 50 anos ou menos e temos que mirar a fotografía unha e outra vez para empezar a ter unha idea de onde foi sacada, que camiño é ese que se ve, que casas ou hórreos son os que saen na fotografía, que lugar é ese onde pastan as vacas.


Mentres estiveron habitadas, a paisaxe das illas tería pouco que ver coa actual. A percepción que se tiña delas era radicalmente distinta, non como espazos naturais e lugares de ocio, senón como fogar dos seus habitantes e fundamentalmente como provedora de recursos. A paisaxe era ademais moi distinta en termos de territorio físico, precisamente pola profunda modificación que supoñía a ocupación e os distintos usos que se lle daban ás terras.

É fácil consultar, a través de distintas páxinas en internet, imaxes por satélite e ortofotografías que nos permiten unha primeira aproximación aos grandes cambios acontecidos nas paisaxes insulares durante as últimas décadas. Google Earth, a fototeca dixital do Centro Nacional de Información Xeográfica (<http://fototeca.cnig.es/>), ou o portal de Información Xeográfica de Galicia (<http://mapas.xunta.gal/portada>), son algunhas das opcións dispoñibles. Polo xeral as imaxes máis antigas son aquelas correspondentes aos chamados voos americanos da Serie A (1945-1946) e da Serie B (1956-1957). Existen algúns outros voos do último cuarto do século XX e da primeira década deste século, e realízanse xa con periodicidade anual a partir do 2010 a través do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA).

Para ver a evolución da paisaxe, existen ferramentas que nos permiten comparar imaxes de distintos momentos para un territorio dado, como é o comparador histórico do PNOA http://www.ign.es/web/comparador_pnoa/index.html. Aínda que só algunhas capas das existentes se atopan cargadas neste comparador, pódense consultar as fotografías do voo americano serie B, facer medidas, seguir o percorrido dun camiño actual co cursor e comprobar na imaxe antiga se xa existía ese camiño... sendo sen dúbida unha ferramenta útil para reflexionar sobre as modificacións da paisaxe. A continuación inclúense imaxes dos catro arquipélagos do Parque Nacional tomadas do comparador histórico do PNOA, con imaxes do voo americano serie B e do ano 2017. Os detalles aprécianse moito mellor abrindo a páxina do comparador no ordenador, vendo distintas partes das illas, facendo zoom, seguindo os camiños e os muros ou localizando as antigas construcións co rato, e o único que se pretende aquí é precisamente provocar a reflexión.



En Ons, aínda máis que no resto dos arquipélagos, a extensión da propia illa e a magnitude dos cambios acontecidos fai difícil incluso comezar a analizar as modificacións na paisaxe, as súas razóns e repercusións. Sirvan como exemplo estas dúas imaxes da metade sur da illa. A desaparición dos campos de cultivo, a modificación da rede de camiños, os cambios na vexetación (crecemento e plantación de árbores, uniformización da superficie hoxe en día ocupada polas matogueiras,...), son só algunhas das diferenzas máis evidentes.



Tamén en Cortegada son evidentes os cambios, a pesar de que na primeira imaxe xa levaba abandonada 50 anos, dende que no ano 1907 os seus habitantes tiveran que deixar os seus fogares para que a illa puidese ser agasallada ao rei Afonso XIII. En 1957 apréciase como existen moitas zonas onde as árbores empezan a medrar, pero hai aínda grandes claros, e as zonas arboradas non son polo xeral demasiado mestas, xa que as árbores son aínda de pequeno porte, mentres que na imaxe do 2017 vese practicamente a totalidade da illa cunha densa cuberta vexetal.



Nesta imaxe da metade norte da illa de Sálvora pódense apreciar os grandes cambios sufridos dende mediados do S.XX debidos fundamentalmente ao abandono da aldea. Os campos de cultivo que rodean a zona de casas desaparecen, así como unha parte da rede de camiños. Facendo zoom sobre distintas zonas, podemos ver tamén como desaparecen os tellados das casas, ou como medraron as árbores ao redor do lavadoiro a carón da aldea.



Para rematar tomamos estas imaxes da zona de Rodas, Muxieiro e o lago de Cíes. Nelas vese como aparecen infraestruturas novas (o peirao), desaparecen outras (a taberna do Coxo), e se dan tamén cambios moi relevantes nas dunas, antes moito menos vexetadas, e na cuberta arbórea, a mediados do S.XX case inexistente en Cíes, e hoxe en día cubrindo unha superficie moi considerable (na súa maioría con especies invasoras).

Estes xogos de comparación de imaxes teñen interese en si mesmos, pero lembrar a paisaxe pasada das illas debería servírnos sobre todo para reflexionar sobre a xestión que debemos facer destas realidades cambiantes e dos factores que as inflúen, e para pensar na paisaxe tamén cara o futuro, decidindo cal é a paisaxe que quixeríamos ver dentro doutros 100 anos. E actuar en consecuencia, porque non cabe dúbida que o que fagamos hoxe terá influencia sobre a paisaxe de mañá.

As persoas tamén formamos parte da paisaxe. Este último ano deixáronnos varias persoas que, de formas distintas, por distintas razóns e en distintos momentos, chegaron ás illas e se converteron en parte delas. Porque así o sentiron e porque contribuíron a facer delas un lugar especial. Vai por elas.




A CANTEIRA DO BAO NA MEMORIA

Por: Javier Fernández Soutullo

Corría o ano 1966 cando no extremo sur do concello de O Grove comeza unha explotación mineral (canteira de granito), na que segundo que ditame político da época, ía ser unha bendición ou, pola contra, unha acción de espolio dos recursos naturais do pobo de O Grove.

Na época, a empresa da capital, Raimundo Vázquez Sociedade Anónima, comeza a explotación sen pausa algunha da canteira do Bao. Na teoría era un aluguer, ou algo semellante; na práctica, o concello non veu un can.



Canteira do Bao. Ano 1960.

Ante as queixas veciñais, en 1974, o concello fai ademán de acceder a un acordo coa empresa e canalizar a situación económica como era de esperar. Ditas actuacións remataron nos xulgados. O resultado, tras o cruce de denuncias, remata co peche da explotación en agosto dese mesmo ano. Eran tempos post-réxime e os métodos usados pola empresa seguían as pautas de costume. A empresa denuncia o caso no Goberno Civil e o alcalde dura dous días, sendo substituído por outro de mellor audición. Unha semana máis tarde, o 30 de decembro de 1975, firmase o novo contrato.

Coa festa do novo goberno do Grove, ninguén se esqueceu da sinatura do novo contrato coa empresa. Deixáronse pasar as festas do Nadal e o 9 de xaneiro de 1976, todo rematado, en sesión plenaria ratifícase a sinatura.

As condicións eran formidables para o concello, e de camiño, tamén para os veciños, pois a empresa asinaba pagar por atrasos, ocupacións de terreos e extracción da pedra dos últimos 9 anos (1.600.000 ptas. de entón). Pola outra banda, o Concello asinaba outra concesión de 10 anos, ata 1986, comprometéndose a empresa a pagar 200.000 ptas. por cada ano.

Noutro aspecto do contrato (o que hoxe chamamos letra pequena), contemplábase a posibilidade de instalar unha planta de formigón e outra de aglomerados, con outras posibilidades que quedaban abertas.

Co soprido de novos ventos nas relacións empresa-concello, esta comeza a realizar obras importantes: traída de augas, arranxo dalgúns barrios, etc.

As comidas enxebres na finca “A Atlántida”, propiedade daquela do xerente, eran habituais. Neses anos a formación política UCD gobernaba España aos catro ventos e o seu líder, D. Adolfo Suárez, tiña un retiro para as vacacións na Atlántida garantido.

Á merenda, non podería ser doutra maneira, engádense os bancos, Bilbao e Hispano-Americano. Un 25 de abril de 1979 remata a festa.

Esfollando polo miúdo aqueles papeis, van aparecendo datos. Non existe licenza de explotación municipal, seguían sen pagar unha peseta, a explotación estaba sendo arrendada a outra empresa, Dragados e Construcións, por uns 4 millóns de pesetas. E os citados bancos, reclamaban ao concello ata 15 millóns en relación con obras xa mencionadas que, en teoría, saírían pola cara.

Moitos anos despois, foi reenchida parcialmente pola comunidade de montes San Martiño, pasando de ser a nosa tarxeta de presentación ao que hoxe é, parte integrante da nosa paisaxe.



A Atlántida. 1968.